

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL



Discurso militarista de Xerardo Estévez na oferenda ao Apóstolo

6

Confirmadas as irregularidades de coléxios privados nas notas da selectividade

9



Salustiano Mato:

"Se o plano de lixo do Morrazo ten pegas, só poden ser políticas"

11

Criar un novo Egin custaría mil millóns

18


Festivais de verán en Guitiriz, Moaña e Ares

29

30 DE XULLO • 1998 • ANO XXI • IV XEIRA

FUNDADO EN 1907

Nº 841 • 200 PTA



O nacionalismo esixe un novo pacto constitucional nunha Quintana que só pudo acoller á metade dos manifestantes

Galiza cuestión de Estado

As palabras de Castelao pronunciadas en Montevideo en 1945, que remataban cun "Aceitamos a Constitución (de 1931) como ponto de partida pero endexamáis como teito das nosas aspiracións", servíronlle a Xosé Manuel Beiras non só para facer un paralelismo coas aspiracións do galeguismo republicano, senón para anunciar o remate dun periodo aberto coa transición e a *Declaración de Barcelona* como a base cara "unha nova transición política no Estado e a consecución dunha futura unión da Europa dos pobos".

Un novo tempo político

Os que critican a *Declaración de Barcelona* por rachar o consenso constitucional, no que PNV e BNG nunca participaron, son os que o escachan día a día por puros intereses eleitorais ou partidistas, que non con propostas de novas relacións intraestatais, perfectamente lexítimas e acaidas neste momento no que se está a pór en marcha outra nova realidade administrativa: a UE. Se o PP veu usando o GAL como arma política contra os socialistas, cando eles participaron e apoiaron (cando non presionaron) para a súa posta en marcha, o PSOE ameaza con reverdecer o pasado e levantar a lousa coa que a Restauración Monárquica acochou ao Franquismo e aos seus métodos e tamén a chamada Transición e o 23-F como agrilloador do Estado das Autonomías á decisión do Exército. Nestes momentos, nos que os *crimes de Estado* teñen xa unha sentenza en firme, debe abrirse un novo momento político, un novo pacto que non acoche máis pasados e máis irregularidades, senón que poña en pé unhas novas relacións: un novo Estado, democrático, igualitario, supranacional, sen as eivas e imposicións anteriores. Non se trata de desfacer, senón de realizar unha construción millor na que poidamos entrar todos. ♦

GUIA DE FESTAS POPULARES DE GALICIA

Xosé M. González Reboredo
Vitor Vaqueiro

Festas do ciclo anual, patronais, laicas, romarías...
Unha guía completa e actualizada, con máis de 200 fotografías a toda cor, cadros informativos, mapas e índices.



galaxia

Cuiña paraliza o plano xeral da Coruña e desafia a Romai

A Xunta, e máis en concreto a Consellería de Política Territorial da que é responsábel Xosé Cuiña, ven de presentar un ditame desfavorábel ao PXOU coruñés, presentado polo alcalde Vázquez. O campanudo aviso, a un ano das municipais, non vai só dirixido ao mandatario socialista, senón tamén aos membros do seu propio partido afectos á liña Romai, así como aos promotores da cidade. Cuiña, reforzado no último congreso do PP, observou estes mesmos días como a maioría de alcaldes próximos a Romai boicoteaban unha reunión en Santiago. (Páx. 7)

Aznar rexeita a regasificadora en Ferrol para non cambiar o pacto do gas

A Xunta e o Goberno central bloquean o proxecto da planta de regasificación de Ferrol para favorecer intereses privados do gas. A Consellería de Industria pretende que as fábricas e a poboación do país terán abondo coa malla do gasoducto e desacredita a superior competitividade e a flexibilidade da oferta do gas chegado directamente por mar. *Gas Natural* quer evitar deste xeito a competencia dunha planta que reduciría no 50% o prezo da térmia. O obxectivo de bloquear a planta de Ferrol conta coa colaboración do Conselleiro de Industria. (Páx. 15)

A condea a Barrionuevo alporiza ao PSOE e quebra o pacto constitucional

A sentenza do Caso Marey afirma que a guerra suxa se dirixiu e financiou desde o ministerio do Interior, pero que o GAL, como banda armada, non se criaron até un ano despois. Con estes considerandos, o ex ministro Barrionuevo só é condenado a dez anos de cadea, os mesmos que o seu segundo, Rafael Vera, polos delitos de malversación e secuestro. É a primeira vez, despois do franquismo, que un ministro dun goberno democrático ten que entrar na cadea. Será en Setembro, despois dos conseguíntes recursos de aclaración. (Páx. 19)

A NOSA TERRA

Empresa Xornalística Editora:

Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración:

PRESIDENTE:
Cesáreo Sánchez Iglesias.VICEPRESIDENTE:
Xaquín Acosta.CONSELLEIRO DELEGADO:
Xosé Fernández Puga.VOCAIS:
Alberle Ansedo,
Xosé M^o Dobarro,
Antolín Fernández,
Manuel Veiga, Xosé Castro
Ratón, Manuel Portas e
Xan Costa.SECRETARIO:
Xan Piñeiro.

Director:

Alfonso Eiré López

Redacción:

Gustavo Luca de Tena,
Xan Carballa, Manuel Veiga,
Horacio Vixande,
Aranxa Estévez, Carme Vidal,
Paula Castro, Paula Bergantiños.EDICIONS ESPECIAIS:
Xosé Henrique Acuña.DESEÑO DE MAQUETA:
Xoselo Taboada.

Colaboradores:

MADRID:
Manuel Seoane.BARCELONA:
Iria Varela.PORTUGAL:
Gonçalo Nuno.SANTIDADE:
María Alonso.CULTURA:
Xoán M Estévez,
Celso López Pazos,
Manuel Vilar, Lupe Gómez,
Óscar Losada, Gonzalo Vilas,
Xosé M. Eiré Val,
Xosé M^o de Castro Erroleta,
Xesus González Gómez, Manuel
Rivas, Borobó.LEGER:
André Luca.Fotografía:
Andrés Panaro,
Xosé Marra,
Voz Noticias.Ilustración:
Xosé Lois, Pepe Carreiro,
Carlos Silvar, Gonzalo Vilas.Publicidade:
Carlos Martínez MuñozXefa de Administración:
Blanca CostasSubscripcións:
Lola Fernández PugaVendas:
Xosé M. Fdez. AbaldeRedacción e Administración:
Rúa do Príncipe 22, baixo,
36202 Vigo
Apartado 1371, 36200 VigoEdición Electrónica:
www.arrakis.es/~antpcg

Teléfonos:

REDACCIÓN:
(986) 43 38 86 - 22 24 05
Fax (986) 22 31 01
Correo Electrónico:
antpcg@arrakis.esADMINISTRACIÓN, SUBSCRIPCIÓN E
PUBLICIDADE:
(986) 43 38 30*Imprenta:
E.C. C-3 1958Depósito Legal:
C-963-1977ISSN:
0213-3105Non se mantén
correspondencia sobre
orixinais non solicitados.Está permitida a reprodución
sempre que se cite a
procedencia.

Fotografía: ANDRÉS PANARO

A Praza da Quintana só foi capaz de acoller á metade das persoas que se manifestaron

O nacionalismo esixe o comezo da segunda transición democrática no Día da Pátria

✦ PAULA CASTRO

Case a metade das persoas que se manifestaron o Día da Pátria, superaron por vez primeira as vinte mil, non puideron escoitar as intervencións da Quintana por falta de espacio. Unha arenga do portavoz nacional do BNG, Xosé Manuel Beiras, constantemente interrompida polos aplausos dos asistentes, poñía fin aos actos reivindicativos dunha xornada na que se puxeron de manifesto

as débedas da transición coas nacionalidades históricas, cunha Constitución que se acepta "como punto de partida, pero endexamais como teito das nosas aspiracións", coa *Declaración de Barcelona* como telón de fondo, e coas expectativas que se abren para o nacionalismo acadar representación de seu no Parlamento europeo e gobernar nos principais concellos do país.

As ruas compostelanas tornáronse festa, o Sábado 25 de Xullo, ao paso da manifestación convocada polo BNG para o Día da Pátria. Máis de 20.000 persoas coreando consignas en reivindicación do recoñecemento dos dereitos nacionais, portando cartazes e erguendo bandeiras. Até os sombreiros, que suavizaban a sofocante calor que acompañou aos manifestantes durante toda a xornada, daban fe do carácter de reafirmación da data, cun "Galiza con Marcha", asinado pola mocidade de *Galiza Nova*. Había nenos, mozos e maiores avanzando en grupos de miles cara unha praza da Quintana que, como en anos anteriores, non foi dabondo para acoller a todos os congregados na capital do país. "O número xa é o de menos" dicía un dos manifestantes, "somos tantos ateigando a Quintana que xa tanto ten que se conten 5.000 por riba ou 5.000 por baixo". Mentres ian entrando as ringleiras de manifestantes polo lado dereito, case outros tanto ian saíndo pola banda esquerda.

O discurso do portavoz nacional do BNG, Xosé Manuel Beiras puxo fin aos actos reivindicativos para dar paso á festa que de seguido se argallou na carballeira de San Lourenzo. Un discurso que comezou retomando algunhas das palabras que

Castelao dirixira en 1945, na cidade de Montevideo, aos emigrantes e exilados procedentes de todo o estado na conmemoración do aniversario do plebiscito do Estatuto galego do 36. Palabras que serviron a Beiras para demostrar que mála ter

transcorrido máis de medio século seguen tendo a mesma xéncia que cando foron pronunciadas e reivindicacións que na actualidade se manteñen porque nen o paso da ditadura á transición democrática permitiu que se puxeran en práctica.

Segunda transición

"Remata un período aberto coa transición post-franquista" dicía Beiras de seguido "e ábrese o horizonte dunha nova fase que compre encetar xa cunha nova transición". Diste xeito lembraba o portavoz nacional do BNG a necesidade de acadar un novo marco constitucional no que as nacións que compoñen o estado español vexan recoñecidos os seus dereitos históricos e poidan conseguir a súa soberanía nacional. "Saben que a transición foi un sucedáneo da 'ruptura democrática' á que uns deles se comprometeran e abandonaran denantes de intentalo sequer e que outros combateran desde



Joseba Eguibar do PNV saúda aos manifestantes na Quintana.

Pasa á páxina seguinte

Ven da páxina anterior posicións imobilistas nas que só estaban dispostos a retocar as 'leis fundamentais del Movimiento', engadía.

Enmarcábase nesa liña de discurso unha das principais demandas recollidas na *Declaración de Barcelona*, que precisamente sinala a necesidade de que se recoñeza o carácter plurinacional do estado e se leven a cabo os cambios constitucionais necesarios para que ese recoñecemento teña, ademais, unha plasmación práctica. Un avance democrático cara adiante, ao dicir de Beiras "nos dereitos e liberdades individuais e colectivos, na expresión política dos nosos povos, na vertebración democrática acaída do mosaico de nacións no estado, na península e en Europa".

Cambios indispensábeis para que "os mozos e mozas de vinte ou trinta anos" poidan facer efectivas as súas demandas "non acadadas nunha transición na que non puideron participar porque aínda non naceran ou eran picariños". Un marco constitucional ao que, ao seu entender, se ven obrigados a adaptarse porque está "sacralizado e tótemizado" por aqueles que "non foron quen de ir máis lonxe na transición e aínda recuaron nos vinte anos decorridos xa desde aquela".

Pasos cara un cambio real

A consolidación do BNG como alternativa de goberno, unha vez asentada como segunda

forza política do país logo das eleccións autonómicas, as conclusións da VIII Asemblea Nacional, os recentes acordos de Barcelona, a previsíbel presenza nacionalista no parlamento europeo e os gobernos municipais que xa se albiscan para o ano que ven son algúns dos pasos que, segundo Xosé Manuel Beiras, demostran que o nacionalismo "olla e actúa cara o futuro".

O portavoz nacional do BNG detívose en cada un deses aspectos para explicar aos congregados na Quintana as novas vías de actuación que se abren e a súa relevancia de cara á consecución das reclamacións non xa do actual nacionalismo senón mesmo das reivindicacións históricas dos primeiros galeguistas.

Coas liñas de actuación deseñadas na VIII Asemblea e cos resultados acadados nas eleccións autonómicas, o Bloque postúlase como forza política "alternativa e antitética á actual Xunta", preparada para "restaurarmos a democracia nos concellos galegos o ano que ven" e para liderar a "orientación galega na recondución do proceso de unión europea". Unha orientación apoiada e afortalada "polas forzas de Euskadi e Catalunya" que se posicionaron, através da sinatura da Declaración de Barcelona, "conxuntamente e en pe de igualdade perante os primordiais problemas políticos por resolver no estado español e en Europa".

Uns acordos dos que significou a súa relevancia polo que implican de cara a unha nova transi-

ción política no estado e á consecución dunha futura unión da Europa dos povos. Ambas reclamacións que se veñen facendo "con toda a xustiza e toda a razón perante o poder do estado español e fronte ás razóns da súa forza" e que xustificou no dereito que lles asiste ás tres nacións para exercer "libremente, soberanamente e solidariamente o poder que lles corresponde para acadar os seus obxectivos de desenvolvemento económico sostíbel, benestar social e florecemento cultural".

Governar os concellos

Facéndose eco dos resultados do inquérito encargado pola forza nacionalista, Xosé Manuel Beiras lembrou que de celebrarse nesa mesma data as eleccións municipais o BNG sería, no conxunto da Galiza, a segunda forza política canto aos resultados no conxunto dos concellos. Para consolidar estes pronósticos e mesmo melloralos, o portavoz nacionalista fixo un chamamento ao traballo conxunto "concello por concello e viciño por viciño".

Segundo este inquérito, o PP só conseguiría manter o goberno municipal en Lugo e o PSOE na Coruña, aínda que adiantou que "non podería gobernar sen nós", converténdose na primeira forza en Pontevedra e a segunda en Ourense, Santiago, Vigo, Lugo e Ferrol. Uns resultados esperanzadores, ao tempo que necesarios, de cara a "reconquistar primeiro, para os galegos e galegas, o eido comunal da propia nación galega", como centro de gravidade "da nosa loita cara fora do país".

Na Quintana estiveron presentes representantes, entre outras forzas políticas, de Convergencia Democrática de Catalunya e PNV, que foron saudados con aplausos e tamén con algúns asubios por algúns mozos. ♦

'O número xa é o de menos' dicia un dos manifestantes, "somos tantos ateigando a Quintana que xa tanto ten que se conten 5.000 por riba ou por baixo".



A esquizofrénia de Fraga


A realidade virtual á que Fraga Iribarne está a someter ao povo galego é cada vez máis esquizofrénica e só se salvan dela os papaiños que engulen acriticamente a imaxe que os medios recollen dun espello (truco socorrido das películas e dos ilusionistas), e os que teñen suficiente perspectiva e coñecemento para distinguir entre a realidade que se presenta ante os seus ollos e a ficción publicada e publicitada pola Xunta e o PP. O mesmo Fraga Iribarne e a súa corte de súos e mantidos que entregan as Medallas Castelao para honrar aos que, supostamente, traballan por Galiza e ao político que lles dá nome, arremete acedamente con insultos e descalificacións non só contra o nacionalismo que asume as teses do egrégio Presidente do Consello de Galiza, senón tamén contra o voceiro do BNG, Xosé Manuel Beiras, que lles puxo voz ás súas verbas do exilio na Quintana.

Non son posicións políticas unicamente as que descalifican, senón insultos personais contra un dirixente ao que alcuman de "orate" ou "tolo". Insultos extensíbeis non só a todos os galegos que asumen as teses defendidas por Beiras e o BNG, senón a todos os devanceiros que as explicitaron con anterioridade, as fixeron posíbeis e morreron na súa defensa. Insultos e descalificación aos devanceiros que din honrar e que mesmo usan para bernizarse dun galeguismo paiolo.

Esa dicotomía entre o que di asumir o PP e o que realmente pensa e defende Fraga, é o grande fracaso (e non só un máis dos moitos que colleitou) do ministro franquista, facendo gabanza dos galeguistas históricos ao tempo que renega e ataca asañado as súas ideas.

É o mesmo Fraga que pon en marcha unha campaña para inventar o suposto fracaso do *Pacto de Barcelona*, delatando precisamente a súa importancia coa teimosía con que trata de descalificalo con ataques que, fóra da visión do Estado da que tanto se gabou sempre, se centra no seu inimigo político máis próximo, o BNG, e o seu "ridículo en Catalunya". O mesmo ex ministro da información franquista que pretende vender como grande logro o tren de alta velocidade de Segovia a Valladolid, mentres o ministro Arias Salgado afirma que o departamento de Fomento ten como prioridade os trens rápidos cara o Mediterráneo.

Pero esas lérias e retusias certamente que non lle influen aos perto de 20 mil manifestantes que marcharon tras da pancarta do BNG o Día da Pátria. Un BNG que deberá, para anos sucesivos e sen máis perda de tempo, reestruturar a arenga final na Quintana. Son xa máis os manifestantes que non poden entrar na emblemática praza que os que finalmente se quedan a escoitar a alocución final. Cúmprelle unha nova ubicación precisamente para que este acto non perda o contido tradicional e se convirta só nunha procesión polas ruas e unha festa de irmandade. ♦



Consolidase a Arenga da Mocidade

A noite do 24 de Xullo, véspera do Día da Pátria, os mozos de *Galiza Nova*, congregáronse no Panteón de Galegos Ilustres para facer entrega da oferenda floral a Castelao e Rosalía. Lois Diéguez, Pilar Pallarés, Rafa Villar e Uxío Novoneira participaron coa súa poesía neste acto que, desde hai tres anos, convocan as mocidades do BNG en memoria dos membros da Federación de Mocidades Galeguistas que antes do 36 asistían, na praza da Quintana, ao Mito das Arengas. A xornada continuou na praza de Mazaros coas intervencións do Secretario Xeral de Galiza Nova, Martiño Santos e da deputada e membro do Consello Nacional do BNG, Pilar García Negro. Os concertos de *Os Carunchos*, *A Quenlla*, *Salterium* e *Os Rastreros* puxeron o punto musical á esta celebración de carácter patriótico que cada ano conta cunha maior participación. ♦

ÁBRESE UN NOVO HORIZONTE D E

XOSÉ MANUEL BEIRAS

"O Estado español non ten base ningunha que se poda chamar verdadeiramente nacional, como non sexa a vontade de imperio que sobrevive nalguns dos seus compoñentes. "España", como adoita dicirse, non é única e indivisíbel, porque é plurinacional, e portanto non debe ser único e indivisíbel o seu poder político. Abondará observar que, no Estado español, falanse actualmente catro idiomas diferentes, veñculos doutras tantas culturas e revelación de catro identidades nacionais.

"Nós defendemos o principio da autodeterminación para todos os pobos que teñan sabido forzar e conservar, a traveso da historia, a súa persoalidade nacional, e pola mesma defendemos o dereito de autodeterminación para Galiza, que conserva todos os atributos e conciencia dunha verdadeira e auténtica nación; mais considerámonos lexitimados para abogarmos por unha vertebración paccionada de todos os pobos diferenciados da Península nun Estado plurinacional.

"Séxanos permitido dicir que os alcuñados de "separatistas" estamos unidos, non somentes entre nos senón cos nosos pobos, e que arelamos que dialoguen e se xunten tamen os separadores. Mais se iles non o fan, non por iso imos nós chorimicar, poisque a nosa misión é tan patriótica coma política, e só terá fin o día que gañemos definitivamente a liberdade das nosas patrias respeitivas.

"Xa que logo, nós resumimos a nosa actitude nos seguintes termos: aceptamos a Constitución como punto de partida, pro endexamais como teito das nosas aspiracións".

Estas verbas non son miñas, compañeiros. Estas palabras todas que veño de pronunciar dende o comezo até eiquí, non son miñas, repito. Tampouco son do Bloque. Estas palabras, este discurso, estas ideas que acabo de transmitirvos son, literalmente, verbas de Castelao. Son anacos do discurso que Castelao dirixira en Montevideo, no 1945, a todos os emigrados e exiliados galegos, vascos, cataláns e españois, demócratas republicáns e antifascistas todos iles, con ocasión do noveno aniversario do plebiscito do Estatuto galego do 36. E non é por azar se hoxe, de non revelar eu mesmo a fonte orixinaria, estas verbas poderían ser tomadas por ideas e palabras do B.N.G., verbas consabidamente estridentes e provocadoras deste Portavoz nacional do Bloque. E tampouco é por azar se estas ideas son esencialmente idénticas, e en palabras análogas e equivalentes, ás que conteñen e espresan os documentos de base da *Declaración de Barcelona* da semán pasada, elaborada e suscrita por vascos, galegos e cataláns conxuntamente, por forzas nacionalistas herdeiras do fondo común de pensamento, ética e combate político que Castelao encarnou no seu tempo na Galiza e no Estado, e que encarna agora o BNG na Galiza e no Estado tamén. O Castelao que hipocritamente din venerar, e até acuden a Bonaval a poren flores no seu sartego, os mesmos que arremeten sectariamente contra a declaración de principios e postulados comúns, a oferta de diálogo coa cidadanía de todo o Estado e os compromisos de acción conxunta sustanciados nos acordos de Barcelona. ¿Ousarán dicir agora que Castelao era sacrílego, que blasfemaba contra o marco constitucional do entón?

En xuño do 1945, ao remate da IIª Guerra Mundial, tratábase de completar o trunfo da democracia fronte ao fascismo derrocando aos reximes franquista e salazarista, e abrir unha nova xeira política na Península Ibérica. A Constitución do 31 era o punto de partida para o establecemento da legalidade democrática, daquela republicán, no Estado español. Mais non podía ser xa o punto de chegada. No 31, o proceso constituente arrincara de postulados

federalistas, e mesmo de acordos entre o goberno provisorio da República española e o da República catalana proclamada por Maciá. O Seminario de Estudos Galegos -con Bóveda, Paz Andrade, Carballo Calero, Risco e Lois Toboelaborara un proxecto de vertebración de Galiza nun proceso constituente no que a nosa nación se configuraba como un "Estado libre" federado nun novo Estado español. Un Estado galego con Facenda propia, con soberanía fiscal, cun sistema tributario completo. Mais a Constitución republicán que ao cabo se aprobara nas Cortes, supuxera unha rebaixa cualitativa fundamental dese proxecto federal inicial e unha merma das posibilidades de expresión política das nacións galega, vasca e catalana, que no caso de Galiza resultaría fatal, á volta de cinco anos, para o acceso efectivo dos galegos ao seu autogoberno, para a consolidación da democracia e do rexime republicán na Galiza e máis tamén para o desenlace da resistencia cidadán fronte á sublevación fascista do 36, como Castelao denunciou con absoluta lucidez e coraxe. "Galiza -dixera Castelao- perdeuse por estar aínda sometida ao rexime central. Se Galiza tivese xa daquela Goberno propio, teríase salvado a si mesma. O fracaso do poder central en Galiza fíxose patente e decisivo co derrubamento das súas autoridades políticas en Xullo do 36. Non foi un fracaso do pobo galego, que pagou con sangue de moitísimas vítimas o seu amor á liberdade. Foron asasinados moitos milleiros de galegos demócratas e autonomistas, e ise plebiscito de mártires, que val máis que un plebiscito de eleitores, consagrou o noso dereito á liberdade".

Mais se así foran os feitos durante a legalidade republicán, á altura do 45 xa mudaran moitas máis cousas, maduraran moitas ideas e procesos no combate, compría tirar leicións da experiencia na paz, na guerra e máis no exilio. Castelao e máis Aguirre -o presidente vasco- víano moi claro e sintonizaban perfectamente nas máis cruciais custións de Estado naquil trance. Logo xa sabedes todos, xa sabemos todos o que pasou: non foron precisamente os nacionalistas galegos, vascos e cataláns, non foron o Consello de Galiza, o Goberno Vasco e a Generalitat os causantes da crise do goberno republicán no exilio, non foron iles os que se encerraron en regueifas partidistas, ou se enfeudaron con potencias hexemónicas dun ou doutro signo, ou caíron na tentación de negociacións e pactos suicidas con sectores determinados do rexime franquista. E, perdida a oportunidade de completar o trunfo bélico e político sobor do nazismo e do fascismo, perdida a oportunidade de restaurar a democracia no Estado es-

pañol e na Península Ibérica, galegos, vascos, cataláns, españois e portugueses tivemos que agardar tres decenios máis pra vermos restablecida na Península unha normalidade democrática que alén os Pirineus xa levaba tres decenios restaurada cando nós accedimos ás liberdades -e inda aí, só ás liberdades da cidadanía como masa de individuos, non ás das nosas nacións respeitivas como colectivos cidadáns soberanos.

‘Hoxe non ven de rematar ningunha Guerra Mundial nin estamos no exilio exterior. Mais remata un período aberto coa transición post-franquista e compre encetar xa cunha nova transición’



definitivamente habitábel e comparábel para tódolos nosos pobos no Estado español, na Península Ibérica e na Unión Europea.

Iles teñen má conciencia. Saben que a transición foi un sucedáneo da "ruptura democrática" á que uns diles se comprometeran e abandonaron denantes de intentalo siquer e que outros combateran dende posicións inmovilistas nas que só estaban dispostos a retocar as "leis fundamentais del Movimiento". Uns e outros nutriron unha "nova clase" dirixente na que a maioría dos que loitaran pola democracia non estaban, na que a maioría dos que estaban non loitaran, e na que entros que estaban mesmo boa parte dos que atrancaran as portas aos cidadáns en loita polas liberdades durante a "longa noite de pedra". Uns e outros deixáronnos daquela na estacada: fomos úteis mentras abriamos túneis na cidadela franquista polos que iles poidesen entrar; volvéramonos molestos cando, xa dentro, non acétabamos servir aos cidadáns a chicoria por café; tornámonos perigosos

cando nos negamos a renunciar a ideas, postulados, compromisos e programas, cando rexeitamos mudar de discurso e sermos cómplices da frustración e o "desencanto" do milloríño da cidadanía activa e comprometida en traer a democracia. Compre dicilo, sen resque-mor nen vitimismo, mais con veraz claridade, anque só sexa por lealdade cos nosos devan-

ceiros que non chegaron a ver o final do túnel, cos compañeiros que ficaron no camiño, e cos cidadáns que padeceron aquela frustración. É máis por respecto á memoria histórica e por honestidade coa cidadanía actual, que ten dereito a saber o que boa parte dela non chegou a vivir en "edade de razón" sartrián.

Hoxe os mozos e mozas de vinte ou trinta anos que votan en masa ao BNG, mesmo os adolescentes que inda non puideron votar Bloque por idade e que o farán mañán, reclaman avances e conquistas políticas non acadadas nunha transición na que iles non puideron participar porque inda non naceran ou eran picariños. ¿Vanlles dicir a todos iles os altos prebostes da cúpula do Estado e dos partidos estatais, vanlle dicir a esta inmensa mocidade nacionalista e progresista que ten que adaptarse prao resto da súa vida a un marco político sacralizado e totemizado polos que non foron quen de ir máis lonxe na transición e inda recuaron nos vinte anos decorridos xa dende aquela? ¿Vanlle dicir a esa mocidade que os contidos, a formulación institucional e a plasmación legal dos dereitos democráticos individuais e colectivos, universais e nacionais, xa están definitivamente fixados e coagulados nun texto sagrado inmutábel *per vitam aeternam*? ¿Quen son daquela os fundamentalistas e integristas neste lance da comedia humana? ¿Os que estamos eiquí ou os que están aí, á vosa dereita, dentro desa enorme fraga de pedra? ¿Os que empregamos as luces da razón para analizarmos un país e un universo social e político en constante mutación, para sermos quen de comprendelo, para acharmos as claves do diagnóstico correcto, do pronóstico verosímil, e para contribuímos a un feliz desenlace dos partos da historia no noso propio presente, ou aqueles que se erixen en santo oficio político para proferiren anatemas contra o Galileo Galilei de arestora que sodes todos vós?

Compre dicir estas cousas por respecto aos cidadáns. E pode dicilas o Bloque sen sospeita de exasperación, porque ben demostrado está que tivemos paciencia abondo e que respeitamos escrupulosamente as regras de xogo constitucionais e estatutarias, mesmo no que nos perxudican, e mesmo as que iles en troques non respetan cando non lles convén respetalas. Pode dicilas o Bloque sen sospeita de vitimismo porque somos unha forza política que trunfa, non unha opción fracasada ou en declive; porque somos o futuro e non o pasado -mais sí a tradición, a de Castelao e Bóveda, a de Faraldo e Murguía, a de Sarmiento e Feixó, tamen a dos foreiros de Nerga e Oseira, dos labregos das "Labregas", dos obreiros do SOG, a INTG e a CIG, do sindicalismo pioneiro na Patagonia e nos peiraos de Montevideo, da ilustración emigrante na Habana e en Bos Aires. En arte non hai vangardas sen tradición: en política tampouco. O BNG é vangarda porque fórmula no presente e proxecta cara o futuro a enxerxia política enxendrada, rexenerada e acumulada na tradición desta nación incesante, deste pobo con historia e cun futuro no que só o BNG cré, polo que só o BNG aposta, e do que só o BNG é artífice. Pode dicilo o BNG porque o Bloque non é un mar morto cuberto de piche, senón unha inmensa vaga do mar de Niñóns pondalían co-rodada pola crista branquísima de escuma crecha que danza muiñeiras salgadas no vento da Historia e fertiliza con argazo o colo das costas verdecentes desta fartureta Terra atlántica.

E as probas de que ollamos e actuamos cara o futuro veleiquí están: Primeiro, na estruturación e contidos da ponencia política aprobada o pasado 28 de xuño pola VIIIª Asemblea do BNG -a mellor maneira, por certo, de comemorar o 62 aniversario do primeiro Estatuto de Galiza; segundo, na *Declaración de Barcelona*, onde por primeira vez dende o remate do fas-

DEMOCRÁTICO

cismo Galiza, Euskadi e Catalunya se posicionan conxuntamente e en pé de igualdade perante os primordiais problemas políticos por resolver no Estado español e en Europa; terceiro, na decisión de acadarmos presenza do Bloque, e portanto de Galiza por si mesma, no Parlamento Europeu, e máis no deseño de condicións e postulados inequívocos para a orientación da participación galega na recondución do proceso de unión europea, agora compartidos polas forzas de Euskadi e Catalunya que asinan connosco os acordos de Barcelona; e cuarto, no proceso de traballo programático e organizativo que xa estamos a desenvolver pra restaurarmos a democracia nos concellos galegos o ano que ven.

A VIIIª Asemblea do BNG tomou conciencia plena e lúcida do novo panorama que se abre no horizonte político inmediato; a militancia debatíu con viveza e paixón durante dous meses os temas cruciais; e o plenario sentou os criterios e directrices acadaidas para a acción política do Bloque no seu novo status e na nova fase aberta tralo resultado das eleccións ao Parlamento Galego do pasado outono, que o confirmaron como única alternativa directa e antitética á actual Xunta e catapultaron o nacionalismo galego ao proscenio da política no Estado.

Os acordos de Barcelona sentan as bases dun proceso de traballo conxunto "galeuskian", medido e calculado, con determinación mais sen precipitacións, cara unha nova transición política no Estado e a consecución dunha futura unión da Europa dos pobos. E quero dicirlles aos que non nos entenden, que non se chamen a engano: nós, o BNG, non concluímos con Euskadi e Catalunya os acordos de Barcelona para pedirmos de favor a vascos e cataláns o que levamos reclamado e seguimos a reivindicar con toda xustiza e toda a razón perante o poder do Estado español e fronte ás razóns da súa forza, senón para erguermos unánime e solidariamente os tres pobos as nosas voces e construímos conxuntamente o novo edificio peninsuar e europeu no que as nosas nacións podan exercer libremente, soberanamente e solidariamente o poder que lles corresponde para acadar os seus obxetivos de desenvolvemento económico sostíbel, benestar social e florecemento cultural nun modelo de articulación axeitada dos seus dereitos e intereses con criterios democráticos de liberdade, paridade e reciprocidade.

A presenza do BNG no Parlamento europeu suporá uns efectos análogos aos que xa leva producidos, praos intereses de Galiza e da maioría social galega atraizoada polos partidos estatais, a presenza e o labor inxente dos compañeiros Paco e Guillerme nas Cortes do Estado en só dous anos. As enquisas indican xa hoxe que o BNG obtería escano en Europa con candidatura propia nas vindeiras eleccións europeas. Mais compre traballalo e manter as fiestras abertas ao vento co que navegamos no Estado: léde amodo os acordos de Barcelona. Porque, en todo caso, alí están ben explícitos postulados de política europea que xa coñecemos, compartidos hoxe con vascos e cataláns: relación directa das nosas institucións nacionais coas institucións europeas, participación dos nosos Gobernos nas institucións da Unión nos asuntos que os nosos Estatutos sinalan como competencias propias, -como a política agraria ou a indus-

trial; participación das nosas nacións nas negociacións de tratados con terceiros países que atinxan aos nosos intereses vitais -como os acordos pesqueiros; aposta por "políticas económicas e sociais de redistribución máis xustas e defensoras das conquistas sociais e do estado de benestar que desenvolva unha política expresa e firme

contra o desemprego"; defensa da "igualdade entre os pobos"; loita "contra toda discriminación racial, étnica ou social", a prol da "integración dos inmigrantes e do dereito ao asilo", dos "dereitos das mulleres", dos "problemas específicos da mocidade, especialmente o desemprego", dunha "relación de xustiza e solidariedade cara os países do Terceiro Mundo". Non estou a ler un programa do BNG. Estou a ler párrafos dos acordos de Barcelona. ¡Así se alporizan os sicofantes do poder reaccionario do Estado e do chovinismo español "progre" ou "carca"!

Mais, con todo, nós sabemos moi ben que a irrupción de Galiza na palestra de combate político do Estado e de Europa, da man do BNG, non supón desprazar o centro de gravidade da nosa loita cara fóra do país. O BNG sabe que chegou a ser membro paritario da táboa redonda artúrica cos paladins de Euskadi e Catalunya porque centrou as nosas enerxias colectivas en reconquistar primeiro para os galegos e galegas o eido comunal da propia nación galega, en lograr que a nosa Terra fose nosa, como arelaban Castelao e Bóveda. E ese labor aínda non está completado.

Se hoxe fosen as vindeiras eleccións municipais, sobardariamos xa nidiamente os votos obtidos nas autonómicas do pasado ano. Seríamos xa a segunda forza máis votada tamen no conxunto dos concellos galegos. Seríamos a primeira forza en Pontevedra, a segunda en Ourense, Santiago, Vigo, Lugo e Ferrol; o PP só podería gobernar en Lugo -e está por ver- e na Coruña o PSOE non podería gobernar sen nós. Mais hoxe é o Día da Patria do 98, non a do 99. Pra que estes pronósticos alentadores se confirmen e aínda se melloren nas municipais do ano que ven, pra que poidamos celebralo, daquela sí, no Día da Patria xubilar, e que o auténtico xubileo político da nosa cidadanía sexa un feito, compre traballar arreo, concello por concello, viciño a viciño; compre persuadir, compre ilusionar, compre espracar, compre dar exemplo. Compre, en suma, facermos mellor aínda e con meirande enerxía e entusiasmo o que todos nós levamos a facer dende que o Bloque existe, e que constitue o tesouro máis valioso, a enerxía máis limpa e o único talismán verdadeiro do prodixio político que está a realizar o BNG: a transformación de Galiza nun pobo que exerce a dignidade, practica libremente a solidariedade e vai lanzado en pé á conquista do benestar.

Os ocupantes do poder fixéronlle perder a Galiza vinte anos nesta xeira. Algúns diles -ben os coñecedes- até son os mesmos que xa lle fixeran perder denantes trinta anos máis. Nós devolvímoslle ises vinte, os outros trinta, e ofrendámoslle agora "mil primaveiras máis".

Discurso pronunciado por JOSÉ MANUEL BEIRAS, portavoz nacional do BNG, na Praza da Quintana o 25 de Xullo.



AMI pide unha Galiza ceibe e que olle a Portugal. Perto de trescentas persoas secundaron a manifestación que a *Asemblea da Mocidade Independentista (AMI)* convocou para o 25 de Xullo en Compostela. Co lema "Libertando Galiza, o independentismo avanza", a convocatoria estaba apoiada polos *Comites Anti-Represivos, Estudantes Independentistas e Juntas Galegas pro Amnistia*. A manifestación, cun protagonismo especial de mozos e mozas, rematou na praza do Toral coa lectura dun comunicado non que se fixo fincapé nos problemas de desemprego da mocidade, na represión policial, e no que houbo lembranzas para os presos independentistas. Respeito á carga policial que tivo lugar na víspera do 25 polas ruas do casco vello compostelana, a AMI reseñou que é unha organización autónoma e denunciou a atitude da policía. Dous rapaces, que segundo a AMI non pertencen á organización, foron detidos esa noite.



Anxo Guerreiro critica a Declaración de Barcelona

Unhas cento cincuenta persoas acudiron á convocatoria de Esquerda de Galicia, primeira aparición pública nun Día da Pátria cos novos símbolos recién aprobados. Na intervención final, o deputado Anxo Guerreiro centrou boa parte das súas críticas na sinatura por parte do BNG da Declaración de Barcelona, "porque divide ás forzas progresistas e subordina os intereses de Galiza aos de Euskadi e Cataluña". Segundo Guerreiro trataríase dun "erro histórico" e pediu ao BNG que rectificase.



A FPG critica aos "Anasagastis que están na Quintana"

Máis de duascenas persoas acudiron á manifestación convocada pola Fronte Popular Galega baixo o lema "Máis alá. Por unha Galiza ceibe e socialista". X. L. Méndez Ferrín recordou aos manifestantes que estaban alí "baixo a idea común da independencia de

Galiza nun planeta comunista", e suliñou que "somos poucos pero somos mellores" e que a FPG "non desfila cos que extirparon as ideas comunistas do movemento nacional popular galego" nin vai "de ganchar con determinados vascos e cataláns". Pepe

Rei, que seguiu a manifestación tras unha faixa que reclamaba *Egin askatu*, recordou os vinte anos de historia de *Egin* e a súa crítica estendeuse a "os Anasagastis que están na praza da Quintana e que reivindicaban ese estado de dereito".

Xerardo Estévez realiza unha oferenda ao Apóstol semellante á dos militares

Fraga reivindica aos 'galeguistas' para atacar ao nacionalismo

⇒ A. E.

Se os actos relixiosos da celebración do 25 de Xullo seguen a tónica dos últimos anos, coas variacións propias da xeopolítica, os actos institucionais adaptáronse á estratexia do partido gobernante, o PP, na procura dun *galeguismo*, usando comenenciadamente as verbas dos devanceiros. O PSOE pola súa banda rachou a dinámica que nos últimos anos viña mantendo nesta celebración, voltando esquecer o Día da Pátria. Significativa tamén é a irrupción dos partidos fascistas españois.

Segundo o PP, os tempos xa chegaron, "aquele paraíso de terra, que en ocasións imaxinaban os nosos devanceiros, non era unha utopía irrealizábel e hoxe, Día de Galicia, é a ocasión para celebralo". Así o afirman no seu comunicado co gallo do Día da Pátria. Nel afirmábase, amparando as anteriores palabras, que "a nosa comunidade álzase como unha potencia non só pesqueira e marisqueira senón ademais, turística e comercial". Esquecen, loxicamente, que tamén era unha potencia gandeira, sector hoxe en desfeita pola política do PP.

Ese mérito de situar a Galiza no lugar soñado, segundo o PP, é "de todos os galegos que, coma o Partido Popular de Galicia, defendemos un galeguismo aberto e solidario, realista, dialogante e traballador". Fronte a eles está "a cultura da confrontación que outros esgrimen como bandeira".

Esta afirmación *galeguista* e a súa confrontación co nacionalismo presente no manifesto do PP, púxose aínda máis de manifesto no acto institucional da entrega das medallas de Galicia. O presidente da Xunta oficiou de novo máis como responsable do PP que como representante do povo galego. Fraga Iribarne usou verbas dos "nosos devanceiros", sen citar a procedencia, para xustificar o seu discurso pseudogaleguista que era un ataque directo ao nacionalismo e á memoria de Castelao ao que afirmaba honrar, nun intento de contestarlle ás verbas pronunciadas por Xosé Manuel Beiras á mañán.

"Os gobernantes responsábeis [sería Fraga] non poden ir "contra o vento da historia [o nacionalismo]", porque "xa vimos cara onde nos levan as utopías se sucumbimos á tentación escapista e nos deixamos levar polos cánticos de serea". Certamente o redactor do discurso, que parece ser o insigne presidente dun institución que suplantou a unha de raigame galeguista, deixa ollar todo o seu pasado de falanxista, cando fai unha equiparación de nacionalismo con "sentimento reaccionario e separatismo" tomando as



Estévez non se saiu do guión conservador habitual da oferenda do Apóstol.

LALO R. VILLAR

palabras trasmudadas de non se sabe moi ben que "galeguistas históricos", para definilo como "fillo da desesperación, desacougo e resentimento", sobre o que "non se pode levantar nada que tiña vocación de estabilidade e permanencia", nen albergar "como fan algúns desde as minorías, novos propósitos constituintes baseados na insolidariedade e radicalidade máis inxustificadas".

Fraga, coa visión política que sempre o caracterizou, equivocándose nos momentos máis trascendentes do Estado español dos últimos anos, alcumou de irresponsábeis aos que pretenden "ir contra corrente, porque xa non son tempos de encoller-

nos en nós mesmos, de nos atrincheirar e de nos pechar". Seguidamente nun pinchacarneiros dialéctico afirmou que "temos que aspirar a ser actores e non suxeitos pasivos dos procesos de globalización e mundialización". Como non podía ser menos, ilustrounos con que "a peregrinación do Camiño de Santiago é o máis emblemático exemplo da nosa acción exterior". En consonancia co bando do seu partido, o PP, loubou os seus

anos triunfais nos que Galiza, tras un paréntesis de autolamentacións e complexos inxustificadas, procura hoxe o seu desenvolvemento como povo enmarcado en Europa e España. Acabouse o minifundio e o ollar

só para nós mesmos!", concluiu Fraga.

Xerardo Estévez, un discurso máis

Se Fraga non se saiu do guión dos últimos anos, con ataques ao nacionalismo entre alalás á unidade, o oferente no acto católico, o socialista e alcalde compostelano Xerardo Estévez, tivo un discurso que podería facelo seu Rouco Varela, o Pai Isorna, ou o xeneral Iniesta Can-

Cunha faramalla localista de cántico ás excelencias de Compostela, edificio por edificio, praza por praza, e a quinta parte do final do seu discurso en galego, Estévez construiu o pallabarro dun discurso no que Galiza estivo totalmente ausente e as referencias sociais xenéricas, inconclusas e perto das explicacións *popperianas* realizadas por Fraga á tarde. "Se somos capaces

de producir bens materiais de forma tan dinámica e intensa, por que non podemos facer desaparecer a miséria ou a inxustiza na distribución dos bens que producimos?", preguntouse o socialista-galeguista con candidez propia da ocasión. Como non podía ser menos, nun 25 de xullo que se préie condenou ao terrorismo e calificou de "intolerables e dramáticas as fames e as mortes polo desigual reparto dos bens existentes", sen abordar en máis análise de causas.

Na súa resposta, o arcebispo Xulian Barrío, estivo na liña dos últimos anos reivindicando o papel de Igrexa Católica como guía social e proclamando, para lograr esa función tan terrea, a "primacia de Deus". Un chamamento á resignación e a aceptar "a vontade de Deus, sabendo que as tribulacións producen a constancia, e a constancia, unha virtude probada, esperanza e a esperanza a ninguén decepciona".

Nun discurso moi na liña vaticanista-woytiliana, aínda que con menos referencias sociais e máis acentos, pola lóxica da celebración da misa, ás pasaxes evanxélicas, reclamou a vixencia da *Declaración dos Dereitos do Home* cando se cumpre o medio século da súa promulgación.

"Santiago e pecha España"

O PSDG-PSOE que os dous últimos actos celebrara actos internos de afirmación socialista, nesta ocasión, froito da súa situación interna, só emitiu un comunicado. Tamén as súas virtudes que até hai un ano se sumaron á convocatória do BNG, estiveron ausentes. O comunicado dos socialistas, na mesma liña que as anteriores celebracións, fixo fincapé no papel do PSOE "que permitiu acadar as maiores cotas de autogoberno xamais coñecidas", pero arrédase nesta percepción *galeguista*, de analizar o papel do PSDG. Aproveitan para criticar a visión conservadora de Galiza que fai retroceder a Galiza "segundo o camiño oposto ao resto das comunidades autónomas". Do nacionalismo afirman que a imaxe que reflicte de Galiza "vóltese para os socialistas borrosa ante a falta de respecto ao marco constitucional, manténdose cega ante os logros acadados no autogoberno de Galiza".


Dous partidos españois da extrema dereita tamén expresaron a súa opinión neste 25 de Xullo. A Unidade Nacional de Ricardo Ynestrillas (que está tentando montar o partido na Galiza) congregou a vinte persoas nunha manifestación "pola recuperación de España", finalizada ao berro de "Santiago e cerra España!". A Falanxe Española Independiente celebraba un acto por segundo ano consecutivo, baixo o lema de "Viva a unidade de España!". ♦

A. EIRÉ

Apropiación indebida

O acto institucional do Goberno Galego, convertido en trinque da dereita alienante e alienada e de sobrecolledores persoaxes públicos, está a servir cada ano para desvirtuar o significado do 25 de Xullo. As medallas Castelao, devaluadas por moitos dos seus receptores que non dubidan na vida diaria en arremeter contra os ideais do Pai da Pátria Galega, funcionan como elemento chuchador dunha ideoloxía política, que non só lles é contraria, senón que combaten abertamente no mesmo

acto, entre saloucos emocionados de Fraga Iribarne e chamamentos chocalleiros á unidade. Trátase de falsear, de engulir o nacionalismo, inventándose citas dos devanceiros nacionalistas segundo lles cumpre e facendo referencias fora de contexto no que xuridicamente sería apropiación indebida. O seu *galeguismo* é unha arma contra a súa expresión histórica na actualidade, o nacionalismo, e usan os referentes como ariete e as celebracións como desculpa. O nacionalismo vende! ♦



Xosé Cuiña deulle tamén un aviso aos promotores da cidade: a partir de agora el asume os poderes de Romai.

O Conselleiro golpea aos seus críticos a un ano das municipais Cuiña paraliza o PXOU coruñés e dá así un aviso a Vázquez e a Romai

⇒ M.V.

A Xunta, e máis en concreto a Consellería de Política Territorial da que é responsábel Xosé Cuiña, ven de presentar un ditame desfavorábel ao PXOU coruñés, presentado polo alcalde Vázquez. O campanudo aviso, a un ano das municipais, non vai só dirixido ao mandatario socialista, senón tamén aos membros do seu propio partido afectos á liña Romai, así como aos promotores da cidade.

O ditame emitido pola Xunta tacha ao PXOU de "incongruente e contradictorio" e de non cumprir varios preceptos legais da Lei do Solo. Moitas das obxeccións diríxense a aspectos concretos da ordeación, sen embargo outras poñen en cuestión o plano no que respeita a "alta densidade edificatoria", o déficit de zonas verdes, equipamento comunitario e espazos libres, así como á "eliminación inustificada" de varias áreas de especial protección.

O alcalde Francisco Vázquez erixiuse xa en "interlocutor único" municipal sobre urbanismo, abeirando ao actual concelleiro responsábel. Vázquez declarou ao pouco de difundirse o contido do ditame que técnicos da Xunta e do concello se reunirían de contado para revisar o plano e presentar unha solución en breve prazo. A negociación foi aparentemente bendecida tamén desde instancias do goberno galego. Trábase así de restar importancia ao golpe, pero este xa producirá os seus efectos. Al-

guns expertos consideran que os cambios a introducir poden ser substanciais, de modo que, contando os trámites posteriores necesarios, incluído un novo debate en pleno, darían como resultado que o PXOU non entrara en vigor antes de un ano, o que impediría a súa aprobación pola actual corporación. Promotores e construtores advertiron, pola súa parte, que unha demora frearía o desenvolvemento urbano e lembran que "a edificación tira dos investimentos" e que a construción mantén máis de 16 mil postos de traballo directos.

Cuiña senta os seus reais na cidade

Tarden máis ou menos as correccións do plano, non cabe dúbida de que Xosé Cuiña fixo chegar a mensaxe que desexaba aos sectores que pretendía da cidade. O conselleiro, reforzado no último congreso do PP, observou estes mesmos días como a maioría dos alcaldes da provincia da Coruña afectos a Romai boicoteaban unha reunión do goberno en Santiago.

A paralización do PXOU contén unha mensaxe implícita a tres bandas: para o alcalde socialista que con esta crise ve debilitada a súa posición ás portas das municipais, para os concelleiros populares da Coruña que se abstiveran na votación do plano e que agora deben asumir a orde expresa de Cuiña e para os promotores e construtores da cidade aos que o de Lalín lles recorda con quen deben negociar a partir de agora. O poder que Romai mantivo até hoxe na cidade e na provincia vese así debilitado.

A resposta de Francisco Vázquez a Cuiña centrouse na difusión, através de varios medios, de informes sobre o estado da construción en Galiza, nos que se demostraría que as ilegalidades son abundantes e tan ou máis graves que as da Coruña.

A maiores da tirapuxa, a paralización, de prolongarse durante un ano, tería consecuencias graves. Os riscos de desprotección do casco histórico aumentarían, así como os doutras áreas ameazadas. ♦

Romai organiza un plante de alcaldes ao PP galego

O ministro de Sanidade e principal barón do PP na Coruña, Xosé Manuel Romai Beccaria, organizou un plante de alcaldes populares a unha reunión convocada polo PP galego para o luns 27 de Xullo. A reunión fora convocada na sede do partido en Compostela polos conselleiros de Familia, Manuela López Besteiro, e de Xustiza e Interior, Xesus Palmou, pero a maioría dos alcaldes, por orde de Romai, non acudiu debido a que a convocatoria da reunión non se realizou conforme aos procedementos regulamentares. Ante a posibilidade de reabrir a crise aberta no Congreso Extraordinario do pasado mes de Xuño, o presidente do partido, Manuel Fraga, preferiu actuar con moderación e unicamente indicar aos alcaldes que acudisen ás reunións en lugar de "andar" con "formalidades". ♦

Entrou en vigor a lei que reduce a PSS a nove meses

Xa entrou en vigor, con carácter retroactivo, a nova Lei de Obxección de Consciencia que rebaixa o tempo de realización da Prestación Social Sustitutória (PSS) a nove meses e exime de realizala a todos aqueles obxeitores que leven máis de tres anos agardando pola súa praza. Segundo datos que manexa a Asemblea Nacional de Obxección de Consciencia (ANOC) arredor de 9.000 galegos ficarán na actualidade libres de realizar a prestación. No país hai 8.500 prazas para 9.966 obxeitores declarados o ano pasado. ♦

Autorizada a implantación de Filoloxía Galega na Coruña e Vigo

O Consello de Universidades autorizou o luns 27 de Xullo a implantación de cinco titulacións e os segundos ciclos de tres especialidades. No campus de Pontevedra implantárase a nova diplomatura de Xestión e Administración Pública, e no de Ourense os segundos ciclos de Administración e Dirección de Empresas e Enxeñaría Informática. Filoloxía Galega trasladárase a Vigo e até Xaneiro non se coñecerá se en Pontevedra se habilita a licenciatura de Actividade Física e Deporte ou a de Conservación de Bens Culturais. O campus de Coruña poderá ofertar tamén a licenciatura de Filoloxía Galega e o de Ferrol o primeiros ciclos de Enxeñaría Técnica de Deseño Industrial e a diplomatura en Podoloxía, ambas dúas novas no mapa de titulacións. En Lugo completárase o segundo ciclo da licenciatura en Química Agrícola. ♦

A nova reforma das Humanidades seguirá 'deturpando' a Historia do país

A ministra de Educación, Esperanza Aguirre, comparecerá diante do Congreso dos Deputados a petición do BNG para explicar en que consisten as 20 medidas prácticas coas que pretende reforzar o ensino das Humanidades. Estas medidas derivanse do ditame elaborado pola Comisión de Expertos que se impulsou desde o goberno central para examinar a reforma destas materias. O documento, segundo sinala a formación nacionalista, é unha nova formulación do decreto que foi obxecto dunha forte polémica por tratar de consolidar a visión da Historia de España centralista. Denuncian, asimismo, a disposición da Xunta de aplicar mimeticamente a filosofía do ditame e das 20 medidas "sen ter en conta as necesidades informativas e culturais dos galegos e facendo deixación das competencias propias en materia educativa". ♦

A modernización do ferrocarril galego continua en ponto morto

A Xunta actuou de forma nas negociacións co Ministerio de Fomento para mellorar a rede ferroviaria galega, segundo denunciou o BNG. O Bloque sulina que o presidente da Xunta presenta como éxitos proxectos que non responden ás necesidades da Galiza, como o túnel do Guadarrama e o tren de alta velocidade en Castela e León. Ademais indica que o acordo asinado con Fomento non está concretado nen supón un compromiso por parte do Ministerio. Segundo o convenio realizárase un investimento nas infraestruturas ferroviarias de Galiza de 30.000 millóns en cinco anos, 27.000 millóns aportados polo Ministerio e 3.000 pola Xunta. O BNG denuncia que en Xuño deste ano aínda non comezaran os trámites para executar o acordo e que este é un plano de investimento mínimo, moi por baixo das necesidades e potencialidades dos camiños de ferro galegos. ♦

OPINIÓN

ENCONTROS NO ADRO

VICTORINO PÉREZ PRIETO

Non é ningunha novidade dicir que o mundo actual *pasa* máis ben de Deus, aínda que maioritariamente non negue a súa existencia... por se acaso, e non chegue a declararse ateo, como profetizaron que acontecería, sen moito acerto, pensadores do XIX.

AS RELIXIÓNS ESTABLECIDAS
NON GOZAN DE BOA SAUDE

Deus non "morreu" no mundo contemporáneo, como declarou solemnemente Nietzsche, pero as relixións establecidas non gozan de moi boa saúde, a pesar dalgunhas manifestacións multitudinarias que convoca de cando en vez este Papa mediático, ou líderes doutras relixións. Comezaron deixando a Igrexa os intelectuais, para os que a luz que trouxera a ilustración era incompatible cos vellos mitos relixiosos; logo foron os obreiros, que cansaron da submisión ó patrón que lles predicaban os curas, e aceptaron a consigna de que a relixión era "o opio do pobo"; despois se foron os mozos, cansos de que lles dixeran o que tiñan que facer co seu sexo; e finalmente van deixándoa tamén as mulleres, cansas de estar na Igrexa só para facer número, sempre submisas ós varóns.

No noso Occidente secularizado, o pobo mantén aínda unha relixiosidade sociolóxica, que, maiormente, non chega a ser unha fe madura e personalizada, e que non cadra coa práctica que lle pide a súa Igrexa. A causa da baixa práctica relixiosa cristiá, tal como se ten apuntado, non está tanto -ou polo menos non está toda- na presunta "descristianización" do mundo moderno, debida ó seu materialismo egoísta, senón en gran parte na infidelidade da Igrexa ó proxecto do seu fundador. Como recordaba recentemente, de xeito sinxelo pero incisivo, Manuel Guerra -un médico que quixo manifestar publicamente a súa fe- Xesús veu dicirnos fundamentalmente que Deus nos quere incondicionalmente, el só quería que a xente fora realmente feliz, non na outra vida -que tamén-, senón aquí e agora. En troques, a Igrexa encheu a súa mensaxe de mandamentos e prohibicións. Falou dun Deus que está... "nos ceos", que premia ós bos e castiga os malos, ¡co lume perpetuo do inferno!, e que mesmo ós "bos" tenos penando un tempo no purgatorio polos seus inevitables pecados. Unha Igrexa que falou maxicamente da Providencia divina (un "Deus fontanero"), que falou descabelladamente da Redención como expresión dun Deus sedento de sangue (un "Deus sádico"), e que falou dunhas indulxencias e sufraxios (un Deus

mercantilista) que dificilmente cadran co espírito evanxélico, e menos aínda coa mentalidade moderna, en moitos aspectos sanamente secularizada.

Por todo iso, compre repensar moito ideas e dogmas recibidos, para poder ser hoxe un crente honrado pero "non crédulo", como manifesta o doutor Guerra no título do seu libro (*La confesión de un creyente no crédulo*). Compre repensar a formulación e os contidos da fe por fidelidade á cosmovisión que hoxe fornece os nosos xeitos de pensar, e porque non podemos vivir divididos entre o que pensamos nas cousas materiais de cada día e o que pensamos de Deus; pero compre tamén repensar as vellas afirmacións de fe porque tampouco non cadran co Deus do que nos falou Xesús, tal como manifestan os Evanxeos, desconfiando sanamente de que moito do recibido sobre Deus sexa, logo, unha imaxe inventada e deformada por nós, de acordo cos nosos particulares demos.

UN GRUPO QUE QUERE IR FACENDO
UN CAMIÑO

Isto é o que levan facendo desta hai moitos anos algúns teólogos e moitos grupos de cristiáns que queren ser honrados consigo mesmos, co seu mundo e co mesmo Deus. Lévanlo facendo en encontros onde se comparte a fe, se ora, se celebra e se buscan vías de camiño de cara a unha vida persoal e un compromiso social. Teñen aparecido xa un bo feixe de libros de teoloxía froito desa reflexión que quere ser honrada, actual e fiel, mesmo non temendo trabucarse nesa pescuda. Entre nós, Torres Queiruga e Chao Rego e eu mesmo temos publicado as nosas reflexións con títulos tan expresivos como estes de Queiruga: *Recupera-la salvación, A revelación de Deus na realización do home, Recupera-la creación. Por unha relixión humanizadora*. Ou o último de Chao Rego (*Na fronteira do misterio. Credo para xente non crédula*) e o úl-

timo meu (*Do teu verdor cinguído. Ecoloxismo e cristianismo*), no que asumo o reto ecoloxista con tanta honradez como para afirmar que ten que levarnos a reformular as nosas mesmas concepcións de Deus, máis aló das vellas concepcións monárquico-imperialistas-dominadoras e opresoras, que se foron impondo nos séculos de cristianismo.

O adro é ese lugar aberto da parroquia onde a xente latrica, enfiando os máis diversos temas, antes de entrar no templo para a Misa dominical. Esta foi a palabra clave elixida por un grupo de curas e leigos galegos para uns encontros que veñen realizando no mosteiro de Sobrado dos Monxes desde hai pouco máis dun ano, na perspectiva renovadora apuntada.

Recentemente deron coñecer a súa identidade nun sinxelo manifesto onde comezan auto-comprendéndose como un grupo que busca "ir facendo camiño na Igrexa con fidelidade ó

Evanxeo... na perspectiva profética de Xesús de Nazaret, o Cristo de Deus, no compromiso coa sociedade galega, en sintonía coa súa identidade étnica e cultural". Manifestáanse "sensibles á realidade dos máis desfavorecidos", para comprometerse solidariamente con eles, aínda que isto supoña ir contracorrente, sobre todo contra a ideoloxía do "deus mercado" e o "demo do neoliberalismo". Fan unha clara aposta pola corresponsabilidade de tódolos membros da Igrexa, tendo particularmente presente a realidade das mulleres, que, aínda que son maioría na Igrexa, carecen nela de capacidade de decisión, pois esta encóntrase nas mans do clero, só varóns.

Lonxe no tempo quedan outros esforzos semellantes como o dos *Coloquios Galegos de Parroquias*, que, recollendo os ventos renovadores do Concilio Vaticano II, deron importantes froitos polos anos 60 e 70. Oxalá estes novos *Encontros no adro* colaboren na revitalización da Igrexa galega, que está nunha profunda atonía. ♦

25 DE XULLO

XURXO BORRAZAS

Galiza está chea de igrexas. As igrexas, catedrais ou ermidas eran de cote construídas nun emprazamento que implicaba a destrución, ocultamento ou adaptación dun rito anterior; fose un castro, un cromlech, unha *ara solis*... En calquera caso tratábase de mudar a historia, a vida cotiá e as consciencias. De fachendear e amedrentar.

Esta é a práctica habitual dos conquistadores e xa que logo sobarda institucións, espazos e períodos históricos. Chegou a nós, transfigurada. Os medios, fundamentalmente os aparellos de televisión, substituíron aos bloques de granito, os sofás aos reclinatórios; pero os obxectivos perduran. O primeiro a eliminación do inimigo por deglución, co sádico desexo de convertelo en feces; como se esa deglución apuntase alén do metafórico. Non se pode pedir máis.

Castelao foi soterrado en Santiago por quen noutras circunstancias se encargaría de que o soterrasen outros. A lingua é defendida e promocionada por quen sempre a amordazou e aínda hoxe lle atarfa unha pedra a un pé antes de guindala ao Limia. Un macarra encárgase da seguridade cidadá e os dereitos democráticos son defendidos por quen se cadrou diante de fascistas ou asinou sentencias de morte.

O PP vota informes dos órganos que controlan os seus desmáns, e fai que se difunda a unanimidade, non os informes. Cuspen cara arriba e denostan o transfuguismo e a corrupción. Non nome da liberdade pechan xornais e encadean a opositores. Encadeáranos a máis se fose preciso. Pero acougade, non é preciso. A televisión, e en xeral o control dos medios e as subvencións e privilexios clientelistas, fan que nin o golpe de estado sexa preciso. A expresión "Deus mediante" semella agora referirse aos medios.

Mantéñense as palabras, trócase o concepto. Créanse interlocutores para fabricar consenso, unanimidade. As proclamas de que o rei está espido vense afogadas polo balbordo abouador da celebración dos goles. ¡Abúrennos!. Pero non por iso debemos facernos os divertidos, nin rirle o conto.

O 25 de Xullo, o día da patria, pasou a ser para os informativos un resto farrapento e desorganizado, mentres a festa das élites se desglosaba coma un porco: a oferenda, a recepción, o panteón, as tropas, o patrón de España, as medallas, a monarquía, a devoción, as declaracións institucionais: A igrexa enriba dun castro. ♦

LEYMA

O LEITE Nº 1 EN GALICIA

A Xunta abre unha investigación a un coléxio de Ourense

Confirman as anomalías en centros privados de FP que inflan as notas

A decisión da Consellaría de Educación de proceder a investigar a un centro privado de Formación Profesional de Ourense confirma as denuncias do Consello Interuniversitario da Galiza e da CIG, que afirmaban que este centro infla as notas dos seus alumnos para que podan acceder ás prazas asignadas á FP no ensino universitario en condicións de superioridade sobre os estudantes da pública. O director xeral de Orientación Educativa e FP matizou que se trata a anomalías nos horarios e nos contidos das probas que son subsanábeis.

En Xaneiro o Consello Interuniversitario da Galiza denunciara diante da Consellaría de Educación supostas prácticas dos centros privados de FP de dar sobresalente aos seus alumnos para asegurarlles as prazas reservadas para ensino universitario en Escolas como Enfermería ou Fisioterapia, que non precisan de selectividade para o acceso e nas que, no caso da Formación Profesional, hai un número de prazas reservadas nas que se matriculan as persoas que apreseten unha nota métrica máis alta.

O director xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, Xosé Luis Mira Lema, amosou o seu desacordo con que se trate de inflado de notas, aínda que admitiu a posibilidade de que "houbese notas superiores ás merecidas" no coléxio San Marcos de Ourense, "onde se vai proceder a unha investigación despois de atopar anomalías funcionais no centro que afectan ás calificacións nos horarios e nos contidos das probas realizadas". Porén, o director xeral matizou que o centro mesmo pode corregir esas anomalías e "en caso de que non o fixese poderíamos derogar a autorización para impartir clases".

Despois da denuncia do Consello Interuniversitario da Galiza, a Di-



As notas infladas permitían o acceso directo dos alumnos de centros privados a estudos sanitarios.

rección Xeral de Orientación Educativa e FP ordenou á Inspección de Ourense e Pontevedra —as denuncias tamén incluían a un centro en Vigo— a intensificación do labor inspector en xeral en toda a FP, pública e privada, e en particular nos centros denunciados. O director xeral explicou que ordenou inspeccionar todos os centros porque as súas ordes teñen que ser xenéricas, aínda que tamén mandou realizar unha inspección intensa nos dous centros citados. O resultado das investigacións coñécese agora.

Vigo e Ourense

En concreto as denuncias sinalaban irregularidades en Vigo e en Ourense, nomeadamente no coléxio Vivas de Vigo e no centro de San Marcos en Ourense, cuxo alumnado copan unha porcentaxe moi ampla das prazas da Escola de Enfermería de Ourense, aínda que posteriormente moitos dos

estudantes rexistran fracaso escolar. Os alumnos da privada copan as prazas porque moitos deles obtíñen sobresalente. Segundo o CIUG, o 27% dos estudantes da rama sanitaria de San Marcos no pasado curso obtiveron a máxima nota, cando a métrica de sobresalentes chega, no mellor dos casos, ao tres por cento.

Este procedemento de inflado de notas prexudica aos alumnos dos institutos públicos 12 de Outubro e Politécnico, que obtíñen calificacións non infladas e quedan en inferioridade de condicións fronte aos estudantes do centro privado San Marcos.

No caso do coléxio Vivas de Vigo, onde 25 alumnos obtiveron unha métrica de nove, o que lles abría totalmente a porta de acceso aos estudos de Enfermería, as altas notas impedían o acceso dos estudantes dos institutos públicos. Sobre este centro a Inspección

non detectou ningunha anomalía, aínda que a Dirección Xeral recoñeceu que en cursos anteriores "houbó medias moi altas, pero tamén pode ser pola calidade do centro ou polo ben preparados que estexan os alumnos".

Un responsable da CIG-Enseño amosou a súa satisfacción pola intervención da Xunta e manifestou o seu desexo de que se produza unha investigación máis ampla. "No caso de que se demostre a implicación destes centros, exiximos que se abra un expediente", dixo o representante sindical. Para o sindicalista, "ten que haber igualdade no sistema de acceso e para iso hai uns requisitos mínimos de coñecementos que non se poden obviar, non imos aceptar que a privada atraia a alumnos garantindo unhas notas que non son reais e que prive á pública de estudantes e que estes se vexan imersos nunha discriminación que tamén é de clase".



A primeira vez

Os seus gustos culinarios decántanse preferentemente pola comida italiana; pizza, espaguetts, canelóns, lasagna. Aínda que é respetuosa co que marca a tradición dada a súa orixe ourensán; empanada de Allariz, pementos de Barbadás, o polvo do Carballiño, e sempre o perico polas festas de As Lamas. Si as súas inclinacións musicais soasen na carballeira de San Lourenzo darialle o yuyu ao responsable da megafonía. Tería que poñer a Smashing Pumpkins, Michael Jackson e Prodigy. Mais forte que a broma do ano pasado, cando un gracioso ou graciosa fixo anunciar polos altafalantes a un Miguel Angel Blanco perdido pola Festa.

Ruth forma parte dos catrocentos mil. Nunca foi de pegada nen sabe o que é repartir un panfleto

ou vender o voceiro partidario. Os únicos carnets que ten son o de identidade, o Xove dos descontos e o da Universidade de A Coruña onde vai cursar segundo do INEF. O seu palmarés deportivo, varios anos campeona galega de ximnasia rítmica e campeona de España de conxuntos e individual en pelota, acreditan unha firme personalidade e o convencemento de que se pode andar polo mundo sen complexos e coa suficiente pre-

paración para competir con calqueira e non facer o ridículo.

O 25 de Xullo pasado participou na manifestación do Día da Pátria e o día anterior pisou o chan dos servizos centrais da Xunta. Era a primeira vez que facía esas dúas cousas. No edificio administrativo entrou por unha porta lateral e só se achegou, nunha breve visita, ao bunker que teñen montado as compañeiras e compañeiros nacionalistas da CIG. Na Praza da Quintana, mal escoitou o discurso de Beiras e pasou moita calor. Na festa quixo unha camiseta de Castela pero non tiñan a súa talla e as bandeiras da Pátria a 1.800 pesetas era algo caras para o seu presuposto.

O ano que ven pensa repetir as dúas asistencias pero, con variantes: entrar pola porta principal de San Caetano, no discurso de Beiras poñerse no centro, con viseira e a dez metros do orador e levar posta xa durante a manifestación a camiseta de castrapo fora da Galiza. O que Ruth non ten pensado variar é o voto, nen tampouco a compañía deste ano. Con ela estaban na Quintana: Sabela, Alva e Mariana. Tres mozas de quince anos e con moito por diante, pero esa é outra historia.

O empresario Xavier Ferreiro seguirá levando a Cuba "os produtos que demanda"

Tras saír de prisión, o empresario galego Xavier Ferreiro pasou un día por Madrid e voltou para a Cuba, onde ten as súas empresas. Molesto polo que considera desinterese no Goberno central pola súa exarvelación e que o seu pai calificou de "propaganda", Ferreiro sinalou que espera que as relacións entre Cuba e Estados Unidos se normalicen e estes deixen de ser "o xendarme do mundo e sexa o que maruque a política de comercio". Anunciou que vai seguir traballando para que Cuba teña "os produtos que demanda" e que ia dar "batalla" aos Estados Unidos cuxo embargo a Cuba calificou de "política absurda".

Adega e a familia do home sepultado

en Bens recurren

o arquivamento do caso

A decisión do xulgado nº 5 da Coruña de arquivar o derrubamento do vertedoiro de Bens por non atopar responsabilidades nen no concello nen na empresa concesionaria, foi calificada de "vergoñenta" pola familia de Xaquín Serantes, sepultado no Portiño e cuxa cadáver non se puido atopar. O irmán de Serantes, que vai recurrir a decisión xudicial, criticou que a xuíz non quixera facer a proba do ADN a un corpo que aparecera pouco despois do derrubamento, en Setembro de 1996, na praia de Riázar e reseñou que existían probas de que Bens viñase baixo antes do desastre ecolóxico. Pola súa parte, Adega tamén ten intención de recurrir o arquivamento porque considera que hai máis que indicios que amosan que a xestión do vertedoiro foi temeraria.

Opóñense a tres

proxectos de minicentrales no río Lérez

A Federación Ecoloxista Galega (FEG) e a Asociación Galega de Pesca Fluvial (AGPF) veñen de manifestar a súa oposición aos proxectos de minicentrales eléctricas de Atalaia, Parada e Cutián, no río Lérez. A FEG dirixiuse a Augas de Galiza e á Consellaría de Meio Ambiente para solicitarlles que eses proxectos non sexan aprobados. Os ecoloxistas denuncian que os estudos ambientais presentados polas empresas promotoras son moi deficientes. Aseguran que as minicentrales terían efectos moi negativos sobre a vida fluvial e impedirían que se recuperase o salmón no río Lérez, ao deixaren eses tres tramos de río sen caudal abondo.

Segundo o BNG son atribucións de "escasa relevancia" destinadas a mellorar a súa imaxe

A Xunta asume competencias en Crédito, Banca e Seguros solicitadas en 1985

→ P.C.

O pasado Xoves 23 de Xullo reuniábase en Compostela a Comisión Mista de Transferencias para revisar o financiamento das competencias en materia de recursos hidráulicos, asinar o transpaso do Rexistro da Propiedade Intelectual e anunciar a tramitación do proxecto de Lei Orgánica pola que se transferirán as competencias en materia de Seguros, Banca e Crédito. De contado, o presidente da Xunta, Manuel Fraga Iribarne, subliñaba o reforzamento do autogoverno con estes transpasos. Desde o goberno do PP só se demandan maiores competencias cando xa as teñen concedidas Euskadi ou Catalunya. O que ven anunciado como un logro xa fora solicitado polos nacionalistas no 1985.

"O PP leva a cabo unha política deliberada de propiciar transferencias de pouca relevancia cada seis meses para dar a sensación de que se incrementa o nivel de autogoverno", sinala o deputado do BNG, Xesus Vega Buxán. Nesta liña de actuación inseriríanse as competencias transpasadas e anunciadas tras da reunión da Comisión Mista celebrada o pasado Xoves 23 de Xullo.

No caso dos servizos de abastecimento de augas, saneamento, encauzamento e defensa de marxes e servizos hidráulicos, que xa foran transferidos en 1985, a comisión limitouse a revisar o financiamento co que se contaba até o de agora. En diante, Galiza recibirá anualmente unha cantidade adicional de 2.561 millóns de pesetas, logo de terse feito unha nova valoración polo seu transpaso.

A revisión do custe da transferencia dos aproveitamentos hidráulicos fíxose cinguíndose á nova metodoloxía definida polo Consello de Política Fiscal e Financeira para a valoración dos servizos transferidos. Sen embargo, desde o goberno galego podía terse demandado a revalorización dos transpasos no decurso destes 13 anos ao igual que a demanda de novas competencias.

Para Vega, esta deixazón resposta a unha atitude "servilista" porque a solicitude de maiores competencias que permitan incrementar realmente a capacidade de autogoverno dependen, nos máis dos casos, de que as outras nacionalidades históricas reciban do goberno central novas atribucións. "O PPDG vai a remolque das competencias reclamadas por Euskadi e Catalunya e recorre ao mecanismo do agrávio comparativo na vez de tomar a iniciativa política defendendo os intereses que representa á fronte do goberno



Despois do acordo de Maastricht e da moeda única as novas competencias apenas poden deseñar políticas económicas autónomas.

galego", explica o deputado nacionalista.

Creto, Banca e Seguros

O anuncio, na mesma reunión da Comisión, de que o Consello de Ministros daría trámite ao anteproxecto de Lei Orgánica para transferir as materias de Crédito, Banca e Seguros, supón ademais engadir unha nova competencia que non estaba recollida no Estatuto de Autonomía. A demanda desta potestade por parte do goberno galego ampárase en que si está recoñecida nos Estatutos das outras nacionalidades históricas.

Para poder levar a cabo a súa tramitación, ten que se aprobar por Lei Orgánica no Congreso e no Senado e ademais require unha maioría cualificada, o que exige o acordo das forzas políticas maioritarias, neste caso PP e PSOE.

Xa no ano 1985 o nacionalismo galego presentara unha Proposición de Lei reivindicando esta transferencia. Daquela fora rexeitada polas Cortes españolas por falta de acordo entre os partidos estatais. Transcorridos 13 anos pónense en marcha os trámites necesarios, segundo Vega "cando xa é tarde". O parlamento do BNG considera que daquela tería implicado unha importante modificación nas políticas monetarias, pero que na actualidade, máis ser positivo, ten un carácter máis residual debido aos cambios que se teñen producido cos acordos de Maastricht. "Cos procesos de unión monetaria e coa creación do Ban-

co Europeu detraíronse competencias tanto ao goberno central como ás Comunidades autónomas, polo que a capacidade para deseñar determinadas políticas está agora máis limitada". Onde máis se notará esta transferencia será en materia de seguros, porque no que respecta á ordenación do crédito e da banca, a marxe de manobra é máis limitada.

Desde o BNG demándase a elaboración dun estudo cualitativo e cuantitativo que permita facer unha ordenación das competencias a demandar, en función das posibilidades que oferezan para incrementar, de feito, o exercicio do autogoverno en aspectos políticos, económicos, sociais e culturais. "A Xunta debería formular no Parlamento cal é o seu horizonte ao respecto buscando o acordo coas demais forzas políticas, pero o PP sustrae o debate e non o fai público" sinala Xesus Vega.

Pola contra, o presidente da Xunta limitábase a declarar, ao remate da reunión da comisión, que as novas competencias reforzan o autogoverno "dentro da Constitución" na tentativa de silenciar as demandas dos nacionalistas, logo de facerse públicos os contidos da Declaración de Barcelona. A cada vez maior presión social e o crecente apoio ás teses nacionalistas está obrigando ao goberno do PP a dar a imaxe de que se están acadando certos logros péis manter unha atitude "seguidista" e "dependente", polo xeito no que se dirixe á Administración central.



O xuíz confunde empresa e diário

Arturo Lezcano critica en LA VOZ DE GALICIA o peche xudicial do diário Egin "O xuíz Garzón atopa indicios de connivencia entre a empresa do xornal Egin e ETA e decreta o peche cautelar da publicación. Só persoas físicas puideron cometeren os atribuídos delitos, e nembargantes o xuíz confunde empresa e diário, unha distinción difícil de explicar aos que non son xornalistas máis para nada sutil. As chamadas liberdade de prensa e de expresión non son senon variantes adxectivas da sustancial liberdade de prensa: o dereito de calquera persoa a imprimir por calquera meio, en calquera sitio e en calquera tempo a súa opinión sobre o que sexa, como proclamaron algúns dos pais da Revolución Americana, a deses Estados Unidos de América que os decadentes recusan por resentimento pero imitan caricaturescamente".

EU sen línguas minorizadas


A UE suprimirá vintecinco orzamentos adicados á integración social entre os que está o adicado ás línguas minorizadas. Esta información aparece no semanario occitán LA SETMANA. "Semella confirmada a desaparición da liña de axudas da UE para as línguas minorizadas despois do Reino Unido presentar unha demanda no Tribunal de Xustiza sobre a legalidade de varios pro-

xectos sociais. A reclamación británica descubriu que moitos proxectos asumidos polo Tribunal de Estrasburgo carecían de base legal. O resultado é que a Comisión deberá agora suprimir vintecinco liñas de subvención entre as que se atopa a reservada para as línguas minorizadas que representa 3,8 millóns de Euros. Se hoxe se atende a atención ás línguas minorizadas é case anecdótica dentro do orzamento europeo, a supresión dos 3,8 millóns de ECU traería unha desfeita. O primeiro atopado sería o Buró Europeu das Línguas Minorizadas que depende desta liña de axudas e que tería que interromper o seu traballo de información, de publicacións e de servizo de comunicación entre as diferentes línguas do continente".

"Xa dixen que me queda pouco!"

Luis Amiguet pregunta en LA VANGUARDIA ao Presidente da Xunta pola Declaración de Barcelona. "É ridícula e perigosa. Fáltalle lexitimidade, no primeiro, porque o BNG a penas ten unha dúcia de concellos, para entendérmolos, e quer representar Galiza cando fun eu quen gañou. O PP Gañou, para o caso, tres eleccións galegas por maioría absoluta. E o PNB e CiU non son máis que as minorías máis votadas nalgunhas eleccións e o que digan nun simpósio de verán paréceme frío. Para falarmos da Constitución neses termos hai que tirar antes a pucha". Noutra parte da conversa, o xornalista pregunta ao Presidente polo papel do seu partido. "Hai trinta anos que fundo e refundo o meu partido, pero non, non, non, non miro nunca ao pasado. Teño que mirar cara adiante e ben sei que non me queda moito...". O entrevistador retruca que non debe falar así. "Dígo, é verdade. Quédame menos vida por diante que por detrás". Luis Amiguet insiste: "Pero mire para os Rolling. Hoxe a cultura da idade cambiolle moito". Corta o Presidente: "Vaite, vaite. Xa dixen que me queda pouco!". O diário titula a entrevista con esta última frase.

EL ROTO/EL DOMINICAL



Explique o seu papel no plano de reciclaxe do Morrazo?

A equipa do meu departamento asinou coa empresa concesionaria do plano de reciclaxe do Morrazo, Lagares Enxeñaría, a asesoría do programa de motivación social da mancomunidade. A nosa labor abrangue a realización de obradoiros a desenvolver nos coléxios, como ensinar a reciclar papel, elaborar compost ou facer xoguetes con obxectos que consideramos residuos, e tamén conferencias e un estudo demostrativo entre os agricultores sobre o emprego do compost e a comparación dos resultados entre o cultivo tradicional e o que se fai con compost.

Que pretenden exactamente?

A idea é implicar aos agricultores, para que comprobemos os efectos que ten na produción o cultivo con compost. De momento traballamos con compost que ven de Barcelona, en tanto non estexa funcionando a planta piloto do Morrazo, que obterá un compost de mellor calidade.

Que nivel científico ten esta experiencia?

Non é un estudo científico, senón un estudo de demostración de utilidade, porque estudos científicos xa hai a esgalla. O que pretendemos é que demostre aos agricultores o interese do compost, por iso facemos mostras comparativas en distintas parcelas. Parellamente, vaixe entrar en contacto co profesor Díaz Fierros da Universidade de Compostela para estudar os efectos sobre a calidade do solo. Contodo, aínda que o obxectivo neste momento non é científico, seguramente no futuro, cando entre en funcionamento a planta piloto, será preciso un estudo científico sobre o compost que se elabora.

De todos xeitos, difúndese unha lenda negra arredor do compost e hai certo alarmismo.

Que eu saiba, ninguén autorizado, no sentido de ter coñecemento científico, fala mal do compost. Non hai opinións de rigor conforme a que non é axeitado. Pode ser que haxa plantas nas que non saben elaboralo, pero mesmo o peor feito, que non é o caso do Morrazo, poder ser usado en zonas desertizadas ou en cultivos extensivos como as árbores frutais.

Tamén se difunde a opinión de que non é necesario para o noso solo e que non hai demanda.

É imprudente que unha administración diga que non hai moita demanda cando non hai estudos que confirmen esta opinión. Eu recomendaría facer un estudo. Díaz Fierros realizou estudos de demanda sobre as necesidades de compost que ten o chan na Galiza e conviria saber cal é o teito de mercado. Un dado orientativo son as toneladas de compost que se venden nos viveiros, aparte do abono orgánico, que non é outra cousa que compost. En todo caso, eu estimo que só o compost que se adquire na comarca cobre a demanda. De todos xeitos, unha grande parte pode empregarse como servizo público. Producir compost é dixerir o lixo acelerando os procesos naturais para devolver á terra o que ela xerou. Ademais, to-

Salustiano Mato de la Iglésia

Vicerreitor da Universidade de Vigo

'Que non poñan pegas ao plano do Morrazo ou que digan que son obstáculos políticos'

✦ HORÁCIO VIXANDE

SALUSTIANO MATO DE LA IGLÉSIA, VICERREITOR DE INVESTIGACION DA UNIVERSIDADE DE VIGO, ASESORA O PROGRAMA DE MOTIVACION SOCIAL QUE VAI POR EN MARCHA O PLANO DE RESIDUOS DO MORRAZO, UNHA INICIATIVA QUE AFRONTA A XESTION DO LIXO DESDE A PERSPECTIVA DA RECICLAXE. NESTA ENTREVISTA ABORDA O PROGRAMA ADEMAIS DE EXPLICAR O PAPEL QUE VAI TER O NACIONALISMO COMO INTEGRANTE DA NOVA MAIORIA QUE GOVERNA A UNIVERSIDADE DE VIGO.



XAN CARBALLA

pámonos co problema de xestionar o lixo que temos e aspiramos a que tamén sexa un negocio, pero traballamos coa perspectiva de servizo público.

De que depende da calidade do compost?

As fontes son os residuos gadeiros, os lodos das depuradoras e o lixo urbano. Os residuos gadeiros son a mellor fonte, as outras dúas dependen do hábitat no que se estexa. No caso do Morrazo, como non é unha zona urbana, a calidade do lixo é maior que a dos lodos das

depuradoras. En todo caso, a calidade final do compost depende da implicación que se conquire entre a cidadanía na separación do lixo e iso depende da educación ambiental e das campañas que se desenvolvan. O problema dos inadecuados é estético, cando chega a unha porcentaxe é visíbel, pero non ruín. O compost de Barcelona ten o 25% de inadecuados e nótase. Percíbese cando supera o 20% e nós esperamos estar por debaixo do 15%. En Torrelas del Llobregat, perto de Barcelona, unha organización ecoloxista realizou unha campaña

de educación ambiental de dous anos e conquireu un nivel de inadecuados do 1%. É na xente na que hai que incidir. Os cidadáns están a prol de que os problemas se resolvan.

Tamén critican a presenza de metais pesados no compost.

Na miña equipa fixemos estudos con lixo en bruto para elaborar compost e mesmo neses casos o nivel de metais pesados non chegaba ao que marcan os países máis exixentes como Suíza para o compost, de modo que é absurda esa discu-

sión. De todos xeitos, no Morrazo a presenza de metais pesados será moito menor ou inexistente. Este proxecto reúne todos os requisitos e cando é así, é unha cuestión política elixir a forma de eliminar o lixo, de modo que non lle poñan pegas. Senón, que digan que as pegas son políticas.

Planta de Mougá**Que sucedeu coa planta de compost de Mougá, en Ferrolterra?**

O sistema implantado alí estaba de moda nos anos setenta nos Estados Unidos. Daquela era típico reciclar todo en bruto sen a moderna estratexia da recollida selectiva. En Mougá compraron a patente pero, como nos casos das multinacionais, non se preocuparon do mantemento. Houbo un pouco de todo, a planta tiña erros insuperábeis, os seus xestores carecían de experiencia e non tiñan expertos que tutelasen a dixestión do lixo e ademais houbo lios entre a mancomunidade e o concello do Ferrol.

Non cre que a recollida selectiva é depositar no cidadán demasiadas responsabilidades?

Aí está a cuestión das tres erres: redución, reciclaxe e recuperación. A Administración elaborou unha Lei de Envases e Embalaxes que é mellorábel, pero que vai na liña da redución, incidindo na produción e facendo que se produzan produtos valorizábeis. Pero hai que implicar á industria con información a tempo e con planos graduais, para que se poda ir adaptando e para que non sexa belixerante. As directivas comunitarias van nesa liña, por iso Sogama asumiu un plano de reciclaxe. Nós, como equipa reitora da Universidade de Vigo, tamén imos ter actuacións neste sentido.

Nacionalismo na Universidade**Menciona á Universidade e á nova equipa reitoral, na que vostede, un nacionalista, está dentro. Que papel ten o nacionalismo aquí?**

O Colectivo Nacionalista constitúe un grupo homoxéneo e coherente con representación de profesores, alumnos e persoal administrativo que dá un perfil ao goberno. Toda a equipa de goberno quer unha universidade de calidade, pero nós incluímos a conexión co entorno sócio-económico e cultural galego, para revalorizalo e facer máis competitiva á sociedade galega. Pero tamén defendemos a universalidade, o que significa que esa calidade teñen que aportala tamén profesores de fóra, aos que hai que facer entender a nosa realidade de país.

Pero a Universidade de Vigo parece un cúmulo de intereses departamentais.

Ademais de nós, están no goberno os ex membros dun colectivo como Gaude, de carácter progresista, que, coma nós, ten un perfil ideolóxico. A anterior equipa acusábanos de non ser independentes por ter ideas políticas, pero é desde as ideas desde onde se pode gobernar por intereses xenéricos. Cando non hai ideoloxía, aténdese a intereses concretos e estase rendido a eles, por moi ben que se queira gobernar. ♦


O Goberno municipal pretende gravar imaxes e conversas en aras da seguridade cidadá Critican a instalación de cámaras en Compostela por atentar contra os dereitos fundamentais

→ P.C.

A Comisión de Goberno do Concello de Santiago aprobaba o pasado 20 de Xullo a instalación de seis videocámaras na zona vella da cidade sob pretexto de protexer o patrimonio histórico e mellorar as condicións de seguridade cidadá de cara ao Xacobeo 99 e á capitalidade cultural do 2000. O BNG era a único grupo municipal que de contado respostaba a esta iniciativa subliñando o seu carácter anticonstitucional ao afectar a dereitos fundamentais como o dereito á intimidade e á propia imaxe, á libre circulación e á liberdade de opinión e de expresión. Ao tempo, os veciños comezaban a cuestionarse a súa necesidade nunha vila tan tranquila como Compostela.

"Coa decisión de instalar videocámaras o PSOE demonstra que pasa pola dereita ao PP", aseguraba Pásqui Varela, veciño de Sar. "Santiago debe ser a cidade que conta con máis policías de todo o Estado e se agora consideran que iso non é dabondo para manter a seguridade cidadá, cando estean afeitos ás videocámaras, até iso parecerá insuficiente, que van facer, decretar toque de queda?", afirmaba.

Ao entender de Martiño Santos, secretario Xeral de Galiza Nova, esta proposta está en relación coa "pretensión obsesiva de manter a cidade limpa, non só en hixiene das ruas senón tamén humana" que ten caracterizado ao grupo de Goberno municipal nos últimos anos. Santos califica a medida como "antidemocrática e retrógrada" e asegura que, máis que pretender unha defensa do patrimonio histórico, parece dirixida a "controlar a mobilización social" que caracteriza a Santiago, por ser a vila na que se celebran a maior parte das manifestacións e protestas de carácter nacional. Alén diso, o portavoz desta organización da mocidade afirma que "ten que ser a cidadanía a que controle ao Goberno e non o Goberno á cidadanía".



O control da seguridade cidadá por medio de videocámaras e posta en cuestión pola oposición que reclama un estricto respecto ao dereito a intimidade.

Tampouco as asociacións de veciños acaban de entender a necesidade das cámaras, tendo en conta que os índices de delincuencia da cidade e nomeadamente os da zona vella, son dos máis baixos do Estado.

Alarma social

Para o grupo municipal do BNG, alén de incorrer en inconstitucionalidade, esta decisión crea alarma social porque debuxa a Compostela como unha cidade perigosa. Na moción presentada para o seu debate no pleno municipal que se celebra á sai-

da deste xornal sinalase que esta iniciativa non pode ser aprobada porque incorre en varias irregularidades, xa que non conta con nengunha partida orzamentaria destinada a tal efecto, nen dispón do informe da comisión asesora do Plano Especial do Casco Histórico, nen cumpre co establecido pola lei que regula o uso do vídeo polos corpos e forzas de seguridade.

Na lei estatal, aprobada o pasado ano coa oposición do BNG, Eusko Alkartasuna e IU prevese que para garantir o uso de sistemas de gravación de imaxe e

son polas forzas e corpos de seguridade precisase "do establecemento dun réxime de autorización previa". Nesta lei recóllese ademais, a necesidade de que se conceda a autorización por parte dos órganos administrativos "previo informe preceptivo que será vinculante se é negativo". Este informe ten que ser elaborado por unha "Comisión que presidirá o Presidente do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Autónoma", especificándose ademais que entre o resto dos compoñentes "a presenza de membros dependentes da administración autorizante - neste caso o concello - non poderá ser maioritaria".

O incumprimento destes preceptos recollidos na lei dificulta a instalación das videocámaras, sen embargo, podería ocorrer que o grupo de goberno, co apoio do PP decidira seguir adiante coa proposta. De ser así, Compostela converteríase, xunto con Madrid, na única cidade con estas medidas de seguridade, coa salvedade de que en Madrid as cámaras só están instaladas en edificios de alta seguridade.

En Euskadi foi o propio Goberno basco quen aprobou, o pasado Martes 21 de Xullo, o decreto que desenvolve a Lei de videovixilancia. No texto recóllese a creación dunha comisión presidida por un representante xudicial e determinase que serán as autoridades competentes as encargadas de establecer o réxime de conservación e cancelación das gravacións. Pola contra, no caso de Compostela, as cámaras estarán conectadas directamente coa comisaría de policía, que será a encargada de arquivar as fitas, que ademais de imaxes gravarían as conversas.

Málla especificarse que a instalación e utilización das videocámaras "axustarase en todos os seus termos ao previsto na lexislación vixente", non se indica o destino nen o uso que terán as gravacións que se consideren non relacionadas coa seguridade cidadá. ♦

Recorridas ambas disposicións

Xunta e Concello dan via libre por decreto á empacadora de Vilaboa

O último Consello da Xunta aprobou o interese público do proxecto da chamada ecoplanta de Vilaboa, máis coñecida como empacadora de lixo. Igualmente, o pasado seis de Xullo o concello de Vilaboa aprobou por decreto o proxecto de urbanización do parque empresarial onde vai ir instalada a compactadora. A Coordinadora anti empacadora presentou accións xudiciais contra ambas actuacións.

A Coordinadora anti-empacadora de Vilaboa vai recorrer a decisión da Xunta de aprobar o

interese público do proxecto da ecoplanta e os seus accesos, pero ten que agardar a que sexa publicado no DOG.

Con respecto ao decreto da alcaldía de Vilaboa polo que o seis de Xullo aprobouse o proxecto de urbanización do parque empresarial onde estará a empacadora, o pasado 17 de Xullo a Coordinadora presentou unha querela criminal contra o alcalde e o secretario do Concello por prevaricación e privación de dereitos fundamentais. A Coordinadora considera que a decisión

é manifestamente ilegal e que ademais priva aos concelleiros de tomar a decisión, cando é unha atribución do pleno municipal, e impide aos cidadáns interpor alegacións. Por estas mesmas razóns o 21 de Xullo presentouse un recurso contencioso administrativo diante do Tribunal Superior. O recurso pretende anular o decreto da alcaldía.

Agresións a un mozo

Por outra banda, a Coordinadora prepara unha querela criminal contra dous integrantes da Gar-

da Civil por presuntas agresións a un rapaz de 19 anos que foi detido o pasado 3 de Xullo por pegar un corte de mangas ao vehículo da Benemérita.

Os membros da Coordinadora teñen testemuñas conforme ás que, antes de conducir ao detido desde Vilaboa ao cuarteliño de Moaña, o coche policial desviouse rumbo a Figueirido, onde o rapaz denunciou que recibiu patadas despois de tiralo ao chan. A versión da Garda Civil omitiu a viaxe da Figueirido, ademais de negar as agresións. ♦

O BICO NO CERNE

Anxo Louzao, CIG-Ensino

"A rede de centros de ESPO prexudica ao rural e ás capas desfavorecidas"

En que consiste a oferta da Consellería de Educación sobre a rede de centros de ensino post-obrigatorio (ESPO)?

Levar a cabo a proposta da Consellería suporía que só se ofertase o bacharelato de artes nun centro de cada unha das sete cidades galegas e que o bacharelato de tecnoloxía non se impartise en comarcas da importancia de Arzua, Terra de Melide ou Allariz-Maceda. Cómpre suliñar que tiveron que pasar case oito anos desde a publicación da LOXSE para que se deseñe a estrutura da rede de centros de ESPO. Ademais a Consellería agardou ao momento menos axeitado para facer pública a súa oferta, en plena época estival, cando os profesores están fóra dos centros para evitar o conflito e as protestas.

Cales serían as consecuencias para o persoal docente?

Unha gran mobilidade. Os profesores de ESPO terían que dar clase en centros doutras localidades ou poderían verse obrigados a impartir materias afíns, co que iso supón para os alumnos, que teñen dereito a ser formados por especialistas.

Este deseño da rede de centros discrimina ao meio rural?

É evidente que os moitos mozos e mozas do rural non van poder cursar na súa comarca os ciclos formativos que se precisan para realizar certos estudos superiores ou algúns ciclos formativos de segundo grao. Certos núcleos de poboación, nomeadamente os máis pequenos, están claramente discriminados e iso repercute sempre sobre as capas sociais máis desfavorecidas. A Administración está favorecendo claramente aos centros privados, mesmo concedéndolles ciclos formativos que se lles denegaron aos públicos.

Ten a CIG unha proposta alternativa á da Consellería?

Nós propomos que todos os centros poidan impartir o bacharelato tecnolóxico, o de ciencias e o de humanidades, e que o bacharelato de artes se poida cursar alomenos en todas as cabezas de comarca do país.

Tamén queremos que a oferta de ciclos formativos sexa ampla abondo e que estexa orientada cara á mellora dos intereses produtivos de Galiza. ♦

COMARCAS

PSOE e IU deixan unha porta aberta para que poda macizarse a praia

Os nacionalistas defenden en solitario a conservación da beiramar de Cesantes

✦ G. L.

A maioría do PP de Redondela animou a algúns propietarios da beiramar de Cesantes a macizar o areal contra as prescricións da Lei de Costas. Vista a imposibilidade legal de levar adiante a urbanización da praia, a Alcaldía oponse agora ás pretensións da Asociación de Viciños. O BNG mantén a súa oposición a invadir o espazo de protección pública polo que é agora alvo das iras da Asociación de Viciños. O PSOE está disposto a dar por bono o dictame da Xunta e IU está dacordo en urbanizar non a vinte metros como peden os viciños, senon a vinte e seis.

Os concelleiros nacionalistas Carlos Pazos e Cecilia Orge defenderon nunha asemblea convocada polos viciños de cesantes a proposta da equipa redactora do Plano Xeral. A respecto da proposta do concelleiro de Urbanismo Manuel Alonso Lemos, o BNG négase a eliminar a afección de costas, a renunciar a protección forestal e agrícola e a eliminar os viales previstos no Plano. Neste último aspecto, os nacionalistas están dispostos a asumir algunhas correccións recomendadas pola asemblea.

Compensar a todos os propietarios

Na reunión celebrada o pasado día 22, o voceiro nacionalista Carlos Pazos argumentou que a urbanización a vinte metros da beiramar beneficiaría a contados viciños mentres a execución da proposta da equipa redactora era de interese para un número moito maior de propietarios da área de beiramar.



A praia de Cesantes conserva desde fai anos unha fasquia que respeita a liña de costa sen excesivas edificacións.

"O máis interesante da asemblea, que había durar máis de tres horas, foi que boa parte dos viciños comprenderon que que non lles contaran toda a verdade sobre as consecuencias de edificar a pé de praia -explica Cecilia Orge-. A proposta da equipa redactora do Plano compensa a todos os propietarios da beiramar; a da directiva da Asociación de Viciños, só a uns poucos".

O presidente da Asociación de Viciños invoca a Lei do Solo da Xunta que admite como edificable na beiramar o núcleo rural extenso tradicional. O texto legal promovido polos fraguistas é abondo ambiguo para permitir o arbitrio dos caciques. Tamén a

Lei de Costas prevé como excepción edificable na beiramar os terreos consolidados como solo urbano, con auga, luz, alcantarillado e servizos, o que non se corresponde coa praia de Cesantes que é aínda a horta do núcleo urbano. Tres dictames encargados pola Alcaldía sobre Cesantes descalifican esta proposta.

A opción viciñal bloquea desde hai seis meses a aplicación da nova normativa urbana de Redondela. Despois de dar azos á especulación sobre a praia de Cesantes, a Alcaldía móvese entre a vergoña de ser responsable da recomendación caciquil do concelleiro de Urbanismo Alonso Lemos, o temor a un

proceso promovido polos viciños que poña ao descuberto a trama clientelar e o medo á perda de votos.

Duas propostas de invasión urbana da beiramar dentro da Ría de Vigo como son as de Cangas e Redondela revelan a aplicación cun mesmo criterio de utilidade pública da costa, por parte dos nacionalistas. En Cangas, os tribunais dan a razón ao Concello por derrubar edificacións na liña de marea, despois dos propietarios axerá a Alcaldía con toda clase de presións; en Redondela, a oposición queda só nas mans do BNG contra a inibición culpábel da Alcaldía e o oportunismo do PSOE e de IU.

Autorizan a apertura dunha canteira na serra da Lastra

A Compañía Española de Industrias Electroquímicas (CEDIE), radicada no Barco de Valdeorras, conseguiu a autorización estatal para abrir unha canteira na serra de Encina da Lastra, situada na comarca galega de Valdeorras e no Bierzo leonés. En concreto autorízase a explotación de 18 hectáreas no territorio de Castela e León. A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) considera "intolerábel" que se autorice a apertura dunha canteira nun dos espazos naturais máis valiosos do Noroeste peninsular e denuncia as deficiencias e a subxectividade do estudo ambiental realizado.

Posíbel delito ambiental nas obras do encoro no Úmia

A Coordinadora Anti-Encoro de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña denunciou perante a Comisión Galega de Meio Ambiente un posíbel delito ambiental na construción do encoro sobre o río Úmia. A Coordinadora sospeita que a Dirección Xeral de Obras Públicas non apresentou no prazo establecido o informe acreditando que o proxecto da empresa se axustaba ao ordenado pola Comisión e o programa de vixianza ambiental. De ser así, a empresa podería estar incorrendo nun delito de impacto ambiental que, segundo a Coordinadora Anti-Encoro debería supoñer a paralización das obras.

Máis de dúas mil sinaturas en Pastoriza para un centro de Urgencias

Os viciños do concello lugués da Pastoriza teñen que desprazarse até o centro de saúde de Meira se teñen algunha urxencia sanitaria. Por esta razón, veñen de entregar no concello 2.200 sinaturas, que supón un apoio do 70% da poboación da vila maior de dezaoitos anos, para reivindicar que a Pastoriza conte con este servizo. Rexeitan os planos do novo servizo de urxencias porque "un único médico e un ATS non poden prestar debida asistencia sanitaria en tempo correcto aos seis concellos que se agrupan no servizo de saúde de Meira". Os viciños esperan que a reivindicación sexa levada e aprobada no pleno e transmitida á Xunta. O alcalde, Xosé Yañez, do PP, apoiara a anterior mobilización dos viciños por esta demanda.

A obra destruíría un dos dous parques da vila

Os viciños de Verin opóñense á construción dun estacionamento baixo chan na praza do Concello

✦ B.R.L.

Cando o alcalde de Verin, Jiménez Morán, anunciou nun pleno a súa intención de construír un estacionamento baixo chan na praza do concello a oposición non acreditaba. A obra contravién as normas subsidiarias que rexen a política urbanística da vila, non se realizara nengun estudo sobre o impacto ambiental e a praza afectada constituía unha das poucas zonas verdes de Verin. Hoxe, máis de dous meses despois, unha comisión viciñal conseguiu paralisar momentaneamente o derrube das árbores da praza e ten denunciado o proxecto nos tribunais.

Pastor Santamarina, membro da comisión viciñal que leva o peso das protestas, denuncia as irregularidades que se cometeron desde o inicio do proxecto: "a construción do estacionamento incumpe as normas subsidiarias, que só se poden mudar consensuándose coa oposición, que xa impugnou o pleno no que aprobaron a obra". Ademais "non se realizou nengun estudo de incidencia medioambiental". Segundo Santamarina esta é unha operación "para servirse de solo da vila co obxectivo de conseguir cartos". Das 256 prazas proxectadas para o aparcadoiro "a metade xa están vendidas e mesmo se di que algunhas foron mercadas

por un hipermercado. Xa lle concederon a unha empresa a explotación da obra durante 50 anos".

A comisión chegou a un acordo verbal coa constructora, que paralisou o derrube de árbores, "eles teñen unha atitude favorable, non así o alcalde, que está tendo un comportamento nada dialogante e tiránico". Os viciños denuncian que Jiménez Morán retivo as 1.200 sinaturas recollidas en contra do estacionamento e que ameazou aos asinantes. Nas mobilizacións en contra da destrución do parque "había antidistúrbios de Ourense, chegou a haber máis de cuarenta gardas

civís". O concello reaccionou tirando un "cartaz propagandístico que presentaba un proxecto que non tiña nada que ver co orixinal para desmobilizar os viciños".

Na praza do concello de Verin está un dos dous parques que aínda quedan na vila ourensá. Pero as súas cuarenta árbores, sobre todo tilleiras e castiñeiros de Indias, non son compatibles cun aparcamento subterráneo que, segundo Santamarina "non fai falta nesta zona". Este Xoves, 30 de Xullo, os viciños de Verin volverán manifestarse para tentar que as obras sexan paralizadas e o parque non desaparezca.



Xesús Díaz (CC.OO.) e Manuel Fraga.



UN PACTO CONTRA A DEMOCRACIA E O PLURALISMO

MANUEL MERA

Ainda en democracias formais como as que hai na Europa occidental respéitanse determinadas regras de xogo, como aceptar a participación plural no eido político e social. Os mecanismos de discriminación establécense a outro nivel, nomeadamente nas distintas posibilidades que teñen de chegar ao conxunto da poboación dun xeito cotián e con amplitude, por unha banda, as alternativas que pulan polo cámbio político e a transformación social, e pola outra, aquelas que apostan polo sistema e por que ren se modifique no fundamental.

Fago estas observacións porque cos Acordos Xunta-CEG-CCOO-UGT ráchase co alicerce da democracia formal e o respecto ao pluralismo. Así, máis alá de que no seu conxunto este pacto sexa un balón de osíxeno á política de dereitas que realiza o goberno do PP ou de que se trate no fundamental de avalar transferencias xenéricas á patronal, empregando o caramelo de que seica "fomenta" o emprego, o certo é que no apartado referido a Saúde Laboral asínanse acordos que só pretenden excluir ao 27% dos traballadores galegos e a un sindicato representativo como é a CIG.

‘Esta é unha das prebendas que recibe o sindicalismo estatal a cámbio dun acordo vergoñento’

En materia de Saúde Laboral o pacto establece que os asinantes xestionarán e controlarán os cursos que se realicen, adicándolle a este fin varios centos de millóns. Deste xeito marxínase á CIG e a outros sindicatos menores, que no seu conxunto representan un 40% dos afiliados e delegados sindicais, da posibilidade de recibir formación en materia de saúde laboral ao mesmo nivel ou ter que pasar polo aro de facer estes cursos con CCOO, a UGT ou a patronal, ignorando ou esquecendo intencionadamente a existencia do Consello Galego de Seguridade e Hixiene no Traballo, que debería debater a xestionar todas as iniciativas referidas a este tema, coa finalidade evidente de evitar a participación do sindicalismo nacionalista. Ulo o respecto do pluralismo e a democracia, mesmo formal? Sen dúbida esta é unha das prebendas que recibe o sindicalismo estatal a cámbio dun

acordo vergoñento, buscando na alianza co poder mecanismos para manter nas vindeiras eleccións sindicais unha representatividade que dubidan obter en igualdade de condicións. ♦

MANUEL MERA é Presidente da CIG

Declaración de Barcelona

MANUEL CAO

A reunión entre os principais grupos políticos nacionalistas das CCAA históricas do Estado español saldouse co asinamento da chamada *Declaración de Barcelona*, acompañada dun Texto de traballo no que se reclama un avance cara o recoñecemento do Estado plurinacional e se establecen acordos para dotar de estabilidade ás relacións entre os grupos nacionalistas asinantes. Como era de esperar as reaccións dos partidos estatais diante desta iniciativa foron moi negativas. Aquí só nos referiremos a algúns aspectos de tipo económico que teñen interese vistos desde Galiza.

Así, por exemplo, cuestionase a utilidade destes acordos tendo en conta o papel e estrutura económica de cada unha das CCAA. Sendo Galiza unha economía pobre —adúcese— que nada tería que gañar nunha relación con países ricos como Cataluña e Euskadi. A parte a incoerencia práctica dos defensores de tales análises parece latexar aquí a predilección polo Estado central como proveedor de fondos a Galiza previamente recolleitados nas áreas ricas e a certeza de que a nosa terra sempre necesitará fondos de solidariedade e será incapaz de deseñar e aplicar estratexias de desenvolvemento económico e progreso social con óptimos resultados. Neste sentido a súa labor de intermediarios diante do poder central sería esencial e case a única política posíbel neste país.

Desde unha perspectiva nacionalista as cousas son forzosamente doutra maneira. Así, as posibilidades económicas da nosa terra son avaliadas de xeito máis optimista considerando que a creación de actividades económicas xeradoras de riqueza e de postos de traballo son factíbeis sempre que mude a situación política que operaría como límite e tapón para as enormes potencialidades que existen na nosa terra. O feito de ser Galiza unha zona receptora de fondos non se debe ao fatalismo da nosa sociedade senón ao seu control por estruturas político-administrativas disfuncionais e desaxeitadas para o desenvolvemento económico e social. O nacionalismo galego non pode contemplar como horizonte a xestión dunha Galiza permanentemente subvencionada e sen dinámica propia. E fíxese por onde, neste sentido, a relación coas CCAA máis ricas e dinámicas do Estado pode axudarnos a atopar vías para o desenvolvemento cegadas por mala fe ou incompetencia dos que tiveron tempo e disposición de todos e cada un dos resortes do poder para evitar a emigración e a pobreza dos galegos.



Firmantes da Declaración de Barcelona no Parlamento catalán.

O nacionalismo non pode contemplar como horizonte a xestión dunha Galiza permanentemente subvencionada

Non importaría eu de Castela-León ou Extremadura modelos de desenrolo se manteño como principal obxectivo promover o desenvolvemento da nosa terra.

En relación coa situación actual do financiamento autonómico son de esperar maiores avances na corresponsabilidade fiscal reducíndose a aportación que as áreas máis dinámicas realizan ás arcas do Estado. En particular, existe en Cataluña un relativo consenso para reducir as importantes aportacións netas ao resto do Estado sendo de esperar que unha mellor relación de Galiza con Cataluña poderá ter máis vantaxes ca inconvenientes con vistas ao futuro.

En todo caso, a diferenza doutros grupos, o nacionalismo galego define a súa posición política e as súas alianzas e apoios unicamente en función dos intereses vitais ou básicos da nosa terra. ♦

NOVIDADES DE A NOSA TERRA

As tecedeiras do fume.

Historia da Fábrica de Tabacos da Coruña de Luís Alonso Álvarez



— PRESENTACIÓN —

dia 7 ás 20 horas na Feira do Libro da Coruña.

Interveñen:

Luis Alonso
Xan Carmona
Cesáreo Sánchez

COLECCIÓN CAMPUS



Gas Natural quer evitar a competencia dunha planta que reduciria nun 50% o prezo da térmica

A Xunta e o Goberno central bloquean o proxecto da regasificadora de Ferrol

♦ G. LUCA

A Xunta e o Goberno central bloquean o proxecto da planta de regasificación de Ferrol para favorecer intereses privados do gas. A Consellería de Industria pretende que as fábricas e a poboación do país terán abondo coa malla do gasoducto e desacredita a superior competitividade e a flexibilidade da oferta do gas chegado directamente por mar.

Tanto a Federación de Industrias Químicas e Enerxía da CIG como empresarios e institucións da comarca de Ferrol coinciden en denunciar que o proxecto da planta de regasificación aparece postergado en todos os discursos públicos sobre infraestruturas.

O Plano de Gasificación de Galiza contemplaba a instalación dunha planta de recepción, almacenamento e distribución de gas licuado que acadara licéncia da Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao en 1993. Ferrolterra acolleu o proxecto como a iniciativa de desenvolvemento de maior importancia para a comarca desde a crise dos 70, cun investimento previsto de 31.000 millóns e unha capacidade de 200.000 metros cúbicos ampliábeis a outros 100.000 dacordo coa demanda.

O panorama do gas natural cambiou en todo o Estado a consecuencia do novo marco regulador que permite, pagando un imposto, utilizar os gasoductos de Gas Natural e a libre importación. A comezos de 1997, o Ente Basco da Enerxía realizaba estudos de viabilidade para unha pranta de regasificación no porto de Bilbo. O activísimo interese do Goberno Basco por pasar do 80% de importación de enerxía a ser excedentários nos primeiros anos do século, contrastaba coa declaración de Roxélio Fernandez, presidente de Gas Galicia que consideraba, o 26 de Novembro do 97, innecesaria a planta de regasificación de Ferrol.

Gas Galicia está participada nun 30% pola Xunta e o seu criterio sobre a planta de Ferrolterra non é diferente do que expresa o conselleiro de Industria: a demanda do país estará coberta co mallado do gasoducto. Pola contra, sindicatos e empresarios coidan que estas opinións son as dos grupos de presión que queren protexerse da competitividade da térmica máis barata e procuran eliminar a planta de Ferrol.

Unha campaña contra a planta

"Desde hai tempo existe unha campaña para que Galiza non teña unha planta de regasificación -di Fermín Paz Lamigueiro, secretario xeral da Federación de Industrias Químicas e Enerxía da CIG- Descalificase calquera opinión a prol da instalación, pero ninguén descoñece



A planta de regasificación significará para a economía de Ferrolterra máis que todos os planos públicos de asistencia programados desde 1978.

que a empresa Gas Natural está asentada accionarialmente en Catalunya e o ministro Piqué e os seus colaboradores non eran descoñecidos no señor antes do nomeamento".

Fermín Paz salienta a vantaxe relativa de comprar gas natural no mercado marxinal xa que Gas Natural cobra a 2.10 a térmica, incluíndo no prezo a peaxe por transporte desde o lugar de obtención. A instalación no Ferrol permitiría obter un prezo en-

tre 1.10 e 1.40 pesetas a térmica. Gas Natural decide intervir contra o proxecto de Ferrol despois que o plano promovido polo Goberno Basco levante unha parte importante do seu mercado. Quer evitar a toda costa que unha segunda planta de regasificación fracture o seu negocio no Norte da península.

Neste obxectivo de bloquear o proxecto de Ferrol conta coa colaboración do Conselleiro de Industria que considera as necesi-

dades do país cobertas pola malla do gasoducto. Os empresarios de Ferrol lembran que as 11.000 Megatérmites da rede galega quedarían sobardadas con que só o Grupo Toxeiro (Sabón, Meirama, As Pontes) se fornecese na rede.

As vantaxes da planta de regasificación son evidentes: "Trinta mil millóns de pesetas de aforro na factura do gas, apoio aos sectores industriais coma o naval, coa posibilidade de construír barcos para gas licuado, diversificación da rede e creación de industrias con base accionarial galega etc", acrecenta a CIG.

De certo, a liberalización do Protocolo do Gas non beneficiará a Galiza se Gas Natural, coa axuda de Piqué e de António Couceiro, impón o seu designio. O país paga unha factura altísima por ser punto de recalada das enerxías fósiles que van por mar de Oriente Próximo e África ao Canal da Manga, con máis de 50.000 barcos por ano, pero non obtén nengunha vantaxe diferencial deste tránsito. Na coincidencia histórica dun regulamento aberto do mercado de enerxía e de contar Galiza con administración autonómica, nengunha das dúas condicións se aplica a prol do País. Fraga deixa ver que a súa viaxe a Libia tiña, entre outros obxectivos, negociar a venda de gas para a planta de Ferrol, pero mentres o presidente se fotografaba en Trípoli con sombreiro de panamá e garabata amarela, o ministro Piqué e o conselleiro de Industria colaboraban co presidente de Gas Galicia en extender opinións en contra da planta de regasificación. ♦

M. VEIGA

Os dous problemas do capitalismo

A crítica ao capitalismo pode reducirse a dous elementos: a tendencia ao monopólio e a incapacidade para reducir as desigualdades. Os Estados Unidos foron sempre conscientes do primeiro dos perigos e de aí deriva a lei anti-trust. Unha norma positiva aínda que de relativa eficacia. Para eximirse, cando menos en aparencia, do segundo problema os estados ricos inventaron a expresión de "países en vías de desenvolvemento". A pobreza non era máis, desde o seu punto de vista, que un estadio anterior ao progreso e este viría da man da paulatina imitación do modelo vixente nos países avanzados. A realidade dos últimos anos está sen embargo a agudizar a tendencia ao monopólio, contradicendo así unha das máximas do mercado que é a libre concurrencia. Por todas partes surxen noticias de fusións, de opas e de creación de grandes conglomerados. Non se trata só dos grandes grupos que saen nos xornais: a maioría do PIB nunha economía tan mastodóntica como a norteamericana está controlado por menos de 1000 empresas. Por outra parte, a crise asiática mostra que os alumnos máis aventaxados do terceiro mundo non son capaces de saír da súa postración. Segundo escribe John Williams, ex director de Unicef, nun artigo do *Herald Tribune*, "Indonésia corre o risco de perder todo o desenvolvemento social logrado nos últimos vinte e cinco anos". Non é un caso aillado. Corea do Sul, un dos tigres, triplicou o seu número de parados en oito meses e en Tailandia o paro aumentou, no último ano, nun millón de persoas. ♦

A creación de emprego é máis baixa en Galiza que no resto do Estado

Segundo o Inquérito de Povoación Activa do segundo trimestre deste ano, en Galiza criáronse durante un ano 17.700 empregos, o 1,97% sobre a poboación ocupada, en canto no conxunto do Estado estas cifras eran de 454.200 e o 3,57%. Esta menor xeración de emprego no noso país desminte ao goberno galego que até agora insistirá na bondade da situación económica. A situación é máis grave se toma en conta que a poboación ocupada está nos mínimos históricos, téndose perdido desde 1976 máis de 200.000 postos de traballo. ♦

Comen mentres traballan para saír máis cedo

Os traballadores da empresa *Televisión*, como os dalgunhas outras empresas, pactaron coa empresa hai uns anos que comerían o bocadillo durante o tempo de produción para poder marchar un cuarto de hora antes. A práctica de comer sen interromper o traballo é recollida outra volta no convenio colectivo de *Televisión*, que publicou o pasado luns o *Diario Oficial de Galiza*. O convenio contén tamén o incremento salarial para os dous próximos anos, que se situará en medio punto por riba do IPC. ♦

De tigre a rata

Indonésia que con 200 millóns de habitantes é un dos Estados máis habitados do mundo está a padecer unha crise similar ás que causan os conflitos bélicos. O seu Produto Interior Bruto cairá esta ano o 15%, segundo as estimacións máis optimistas. Outras fontes vulgares que pode descender até un 25%. A súa poboación activa estaba formada até agora por 90 millóns de persoas. Uns vinte millóns poden ir ao paro de aquí a meados do ano próximo. Por outra parte, case 96 millóns de indonésios, o 48% da poboación vai vivir antes de fin de ano na pobreza. A educación estase a converter nun luxo. A quinta parte dos alumnos foron retirados das escolas porque os seus pais non poden pagar os estudos. Sugito Suwito, director do Instituto Nacional de Estatística indonésio, sinalou que "hai algun tempo, os expertos internacionais nos decían que eramos candidatos a convertirmos nun tigre asiático. Agora nen sequera somos un gato. Se cadra somos xa un rato vulgar". A sorpresa dos responsables económicos do país e tanto maior canto afirman ter seguido "ao pe da letra" as directrices do FMI e do Banco Mundial. O BM desentendeuse do problema, sinalando através dun informe que "nengun país na historia recente, e aínda menos da talla de Indonésia, padeceu un cambio tan brusco de fortuna". ♦

A ANOC establece o 24 de Xullo como "Día do Antimilitarismo Galego" Reivindican a "despenalización total" para os insubmisos

Ao redor de trescentas persoas secundaron a chamada da ANOC a manifestarse o 24 de Xullo en Compostela "pola despenalización total da insubmisión". Mozos e mozas, pero tamén familiares e amigos de insubmisos, corearon consignas contra o exército español e contra as sentencias de inhabilitación para os insubmisos. A manifestación partiu da Alameda e rematou na praza do Toral, onde se leu un manifesto que, entre outros puntos, lembrou a Elías Rozas e Ramiro Paz, que cumpran condeza na prisión militar de Alcalá de Henares. A ANOC decidiu instaurar o 24 de Xullo como o "Día do Antimilitarismo Galego" baseándose na "profunda oposición ao militarismo español que existe no noso povo".

Durante a manifestación, na que se portaban pancartas alusivas ao patrimonio expoliado no 36 e que aínda non foi devolto, fixéronse referencias aos indultos para os insubmisos, que a ANOC califica de falsos. Así mesmo, fíxose fincapé na inhabilitación en troques da cadea para os antimilitaristas xa que o castigo "é máis duro pero menos visíbel e seguen fechándonos saídas laborais". A ANOC considera que non se pode dar por rematado o problema da in-



Trescentas persoas manifestáronse na véspera do 25 de Xullo, no que é xa unha tradicional convocatoria antimilitarista.

submisión aínda que non se dean penas de prisión e que hai que seguir solicitando a abolición do Exército. Fundamentan esta reivindicación nos enormes gastos para manter a estrutura militar e nas presións que segue exercendo a institución armada na política do Estado. "Dun claro e anticuado exército de ocupación estase pasando a unha moderna forza militar ao servizo dos intereses do imperialismo.

Mais o exército español, a diferenza do portugués ou alemán, por poñer dous exemplos, non ten renunciado ao papel de instrumento coercitivo ao servizo do proxecto imperialista español no interior das actuais fronteiras do Estado". Reseñaron neste sentido a "opresións acrescentada dos mozos galegos na mili por non poder falar galego nos cuarteis e ter que xurar obediencia á bandeira española. ♦



Un lóstrego xustifica a falla de suministro eléctrico no Morrazo

Nos últimos días a comarca do Morrazo padece cortes de luz dos que Fenosa non dá explicacións. Os hosteleros sintense os máis afectados xa que os cortes de suministro significan que bares e hoteis quedan sen luz, sen televisión e sen conxeladores. A pinga que rebordou o vaso foi o corte no suministro do Sábado 18 de Xullo, no que Cangas estivo sen luz desde as once da noite dese día até á medianoite do Domingo. Os empresarios da hostelería, pendentes do turismo da zona e que veñen de criar unha asociación, calificaron a situación de terceiromundista e acusaron a Fenosa de agacharse e non dar explicacións. O alcalde de Cangas, Euloxio López, queixouse de que de nada vale a promoción turística se hai que atender aos visitan-

tes "con velas e quinqués, algo orixinal para unha festa medieval pero imprópria deste século".

Tamén a consellería de industria está na mente dos afectados, que pensan que debería presionar e pedir explicacións a Fenosa. Pero en Industria tampouco hai respostas. Un viciño, propietario dun bar en Cangas, que reclamou ante a delegación provincial de Industria en Xuño recibiu unha resposta que lle causou máis incertidume e que descargaba todas as responsabilidades nun lóstrego. "Debemos indicarlle que a avaria que orixinou o corte de suministro eléctrico no seu negocio, ocorreu na liña de 66 Kv que alimenta a subestación de Cangas, sen que até o momento se teña podido determinar a causa do mesmo, xa que a compañía indica ter sido debida a caída dun raio, en cuxo caso sería tipificado como de forza maior e polo tanto sen responsabilidades da compañía", sinala a delegada provincial Carmen Bianchi.

En canto á petición de danos e perxuros por estes cortes de suministro inexplicábeis -o Sábado 18 e o Domingo 19 de Xullo lucia o sol no Morrazo- a Xunta sinala que non ten lugar. "Dado que unha vez reparada a avaria unha inspección posterior non permite determinar a orixe ou causa da mesma, esta Delegación non pode neste momento fixar a responsabilidade e polo tanto obrigar á compañía eléctrica a calquera indemnización", respostan. ♦



SANTIAGO DE COMPOSTELA
DO 6 Ó 28 DE AGOSTO DE 1998

VENDA DE LOCALIDADES

do 13 ó 31 de xullo.
horario: de 11 a 14 horas e de 17 a 20 oras, de luns a venres.

do 1 ó 28 de agosto
horario: de 11 a 14 e de 17 a 20, e luns a domingo.

ugar: Casa de Vaamonde, Rúa do Vilar, 59 Auditorio de Galicia

enda telefónica: no mesmo horario nos teléfonos 981 571026 e 981 573979

0% de desconto para estudantes e ubilados, excepto no JAZZ.

INFORMACIÓN

Auditorio de Galicia
Avda. do Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela
Teléfonos: 981 552290 / 574152/53
Fax: 981 574250
http://www.audigal.es
e-mail: info@audigal.es

COLABORAN:



TEATRO

Días 17, 18, 19, 20 e 21. Cine Capitol. 21:00 h. 2.000 pesetas
PETER BROOK - *Je suis un phénomène*, adaptación de *Unha memoria prodixiosa* de A. R. Luria.

Días 26, 27 e 28. Cine Capitol. 21:00 h. 2.000 pesetas
PETER BROOK - *Oh les beaux jours* de Samuel Beckett

Días 19 e 20. Praza do Obradoiro. 23:30 h. Entrada libre
ELS COMEDIANTS - *Els genis del foc*

DIÁLOGO CULTURAL

Día 6. Catedral. 21:00 h. **Helmuth Rilling**
Día 8. Praza da Quintana. 12:30 h. **Contemporary Legend Theater**
Día 8. Auditorio de Galicia. 18:00 h. **Madhavi Mudgal**
Día 9. Auditorio de Galicia. 18:00 h. **Contemporary Legend Theater**
Día 10. Auditorio de Galicia. 18:00 h. **Nicola Savarese**
Día 20. Auditorio de Galicia. 18:00 h. **Darío Villanueva**
Día 21. Auditorio de Galicia. 18:00 h. **Carlos Castilla del Pino**
Día 22. Auditorio de Galicia. 18:00 h. **Antonio Florio, Federica Castaldo e Dinko Fabris**
Día 24. Auditorio de Galicia. 18:00 h. **Eduardo Haro Tecglen**
Día 25. Auditorio de Galicia. 18:00 h. **J. A. Vela del Campo**

CULTURAS DEL MUNDO

Días 7 e 9. Teatro Principal. 20:00 h. 2.000/1.400/600 pesetas
MADHAVI MUDGAL - Danza clásica da India - *Odissi*

Día 7. Auditorio de Galicia. 22:00 h. 2.000 pesetas
ÓPERA CHINA. CONTEMPORARY LEGEND THEATER
Antoloxía da ópera china do século XVIII

Día 8. Auditorio de Galicia. 22:00 h. 2.000 pesetas
ORQUESTA TRADICIONAL DO TÍBET - *Dhama Suna*

Días 11 e 12. Auditorio de Galicia. 22:00 h. 2.000 pesetas
ÓPERA CHINA. CONTEMPORARY LEGEND THEATER
Macbeth: desexo de reinar.

Días 13 e 14. Praza da Quintana. 22:00 h. Entrada libre
PERCUSIÓN DO TEMPLO DE KERALA (INDIA)
Thayambaka e Pancha Vadyam

ÓPERA

CAPPELLA DELLA PIETÀ DE' TURCHINI. Director: Antonio Florio
Día 15. Auditorio de Galicia. 22:00 h. 3.000 pesetas
La Colomba Ferita de Francesco Provenzale
Día 20. Teatro Principal. 22:00 h. 2.000/1.400/600 pesetas
I trionfi dell'Opera Buffa
Día 21. Teatro Principal. 22:00 h. 2.000/1.400/600 pesetas
Vespro "In Festo Sancti Philippi Neri" de Francesco Provenzale

Ópera residente do Compostela Millennium Festival
STAATSOPER UNTER DEN LINDEN BERLIN.
Director artístico: Daniel Barenboim
STAATSKAPPELLE BERLIN
CHOR DER DEUTSCHEN STAATSOPER BERLIN.
Director musical: Alessandro de Marchi
Días 22 e 24. Auditorio de Galicia. 22:00 h. 3.000 pesetas
Il Barbiere di Siviglia de Gioacchino Rossini
Días 23 e 25. Auditorio de Galicia. 22:00 h. 3.000 pesetas
L'isola disabitata de Joseph Haydn

MÚSICA CLÁSICA

Día 6. Catedral de Santiago. 22:00 h. Entrada libre, previa retirada de localidades
Real Filharmonía de Galicia / Gächinger Kantorei Stuttgart.
Director: Helmuth Rilling
O Mesías de G. F. Haendel (versión W. A. Mozart)

Día 18. Auditorio de Galicia. 22:00 h. 3.000 pesetas
ORQUESTRA FILHARMÓNICA DE ISRAEL. Director: Zubin Mehta

DANZA

Día 15. Teatro Principal. 21:00 h. 2.000/1.400/600 pesetas
Día 16. Teatro Principal. 22:00 h. 2.000/1.400/600 pesetas
JOSEF NADJ - CENTRE CHORÉOGRAPHIQUE D'ORLÉANS CARRÉ SAINT VINCENT - *Le vent dans le sac*

JAZZ

Día 26. Auditorio de Galicia. 23:00 h. 1.000 pesetas
GERI ALLEN TRIO & WALLACE RONEY
Día 27. Auditorio de Galicia. 23:00 h. 1.000 pesetas
JOHN ZORN MASADA
Día 28. Auditorio de Galicia. 23:00 h. 1.000 pesetas
STEVE COLEMAN BIG BAND





A anulación do rallye Rias Baixas fixo campeón de España ao piloto cántabro Jesús Puras. Na fotografía un momento da anterior edición da proba.

A Federación Galega de Automobilismo acusa á española de "capitalizar" as probas

As proclamas galeguistas chegan aos rallyes

◆ A. ESTÉVEZ

"Contra a discriminación dos pilotos galegos", rezaban os panfletos anónimos que avísaron na mañá do Sábado 25 de Xullo do boicot ao rallye Rias Baixas que se ia disputar ese mesmo día e que se tivo que anular ao comprobar o derramamento de gasóleo en diferentes tramos da proba. Os autores do mesmo, pedindo disculpas, denunciaban os impedimentos para participar na proba. No fondo do conflito está o enfrentamento entre a federación española e a galega de automobilismo pola organización dos rallyes no país.

O boicot ao rallye Rias Baixas pon de manifesto as discrepancias entre as dúas federacións. O verquido de gasoil e a anulación dos repetidores de comunicación sacou á relucir as diferencias que se veñen dando desde hai meses e nas que tivo que mediar a secretaria xeral para o deporte que dixere Eduardo Lamas. Detrás deste boicot, está o descontento dos pilotos que non puideron participar na proba. Até agora as licencias para participar nos rallyes estaban unificadas, é dicir, a galega servía para participar nas probas que se realizaran no país puntuábeis para o campionato galego e a española servíalle aos pilotos para participar nos rallyes galegos. Este ano non se conseguiu chegar a un acordo e aos pilotos galegos non lle serviu a súa licenzia para participar no Rias Baixas. A raíz disto, o rallye non era puntuábel para o campionato galego.

Días antes da celebración da proba, comezaron as acusa-

cións. O propio concelleiro de Deportes en Vigo, Txema Figueroa, aliñouse coa Federación Española e acusou aos dirixentes da proba, agora que non contaba para o campionato galego e non outorgarlle subvención á escudería viguesa. Iván Corral, presidente da Federación galega, desmentiu e sinalou que se tiña chegado a un convenio provisional polo que a federación outorgaba un millón e medio de pesetas á escudería.

Licencias que non serven

Tras o boicot da proba, as acusacións subiron de ton, e Carlos Gracia, presidente da federación española acusou á galega de amparar coas súas pretensións "comportamentos terroris-

tas". Iván Corral, presidente da federación automobilística galega, deu unha rolda de prensa o Martes 28 de Xullo para responder. Reprobou o boicot á proba e solidarizouse coa escudería viguesa Rias Baixas pero acusou a Carlos Gracia de encerrar o conflito e querer manter intocábel o súa negocio. Segundo fontes da Federación Galega, en Maio chegouse un acordo coa secretaria do Deporte da Xunta e as entidades organizadoras de rallyes galegos adscritas á federacións, entre elas a escudería Rias Baixas para solucionar o problema das licencias e organizar as probas. Estas son a de Miño-Lugo, Rias Baixas, A Coruña, Ourense, Autocross Arteixo e a subida a Chantada.

Chegabase á decisión de que

as licencias galegas dos pilotos servían para participar nas probas galegas que pontúan no campionato español e viceversa, os pilotos con licenzia española poderían participar nesas mesmas probas. Pero o proceso paralizouse, segundo contan na Federación Galega, e a escudería Rias Baixas decidiu a primeiros de Xullo que a proba non ia ser puntuábel para o campionato galego. "Carlos Gracia leva sen responder as nosas chamadas desde Maio, nen sequera se lle puxo ao teléfono ao secretario xeral para o Deporte da Xunta", din na federación. Moitos dos pilotos que solicitaran a licenzia, quedaron fóra da proba, na que estaban inscritos un total de 200. Un deles, que prefire non identificarse, sinala que "o problema é que os pilotos con licenzia galega non ian pagar outras cincuenta mil pesetas para poder participar na proba".

Detrás do conflito das licencias, está o da organización das probas e a existencia dun campionato galego de rallyes polo que turra a federación galega. Os ingresos por licencias e seguros están presentes na negociación frustrada que ambas federacións emprenderon en Maio. Na federación galega, que asegura contar co apoio do secretario xeral para o Deporte Eduardo Lamas, reseñan que a Federación española "ten medo de que se lle veña abaixo o negocio porque capitalizar as probas significa diñeiro". Engade que "na federación española aínda non entenderon o que significa o estado das autonomías, a independencia de Galiza a nivel deportivo e a Lei Xeral para o Deporte, e pretenden continuar co centralismo na organización de probas automobilísticas".

M. VEIGA

O bispo comezou a traballar

Un home dun partido da oposición púxose diante da monxa que viña seguida dunha récoa de vellos e enfermos e díxolle: "Señora, debe saber que o asilo sostense na súa maior parte con cartos públicos. Hoxe vostede ven votar por uns, pero mañá as cousas poden cambiar e nos podemos ter en conta o que están a facer agora". "Ai, por Deus! Eu non quero facer nada máis". Exclamou a monxa, parecía que con sinceridade. "Eu non quero molestar a ningún, só fago o que me mandan". O home continuaba a fitala firmemente aos ollos e entón a monxa engadiu: "Non me manda a superiora, son ordes do bispo".

A anécdota é real. Sucedeu ante a urna ubicada na Escola de Mestría Industrial de Monforte no último proceso electoral. Hai un libro que trata este mesmo tema. Leva por título: *A xornada do interventor electoral* e foi escrito nos anos cincuenta polo italiano Italo Calvino. Estes días comezou a conta atrás para os vindeiros comicios locais, precisamente os que desatan máis presión por parte das forzas no poder. Faltan menos de once meses. O bispado debe estar xa a administrar as súas consignas.

Presos denuncia a agresión policial a turistas en Compostela

Na madrugada do día 23 de Xullo, unha quincena de xóvenes turistas foron golpeados por axentes da policía municipal en Compostela, segundo ven de denunciar a asociación Presos Galiza, que sinala que a intención dos policías era expulsar aos viaxeiros da rua anexa á praza da Quintana. A denuncia tamén sinala que os rapaces, quen viñan de ver un concerto que se celebrara na Quintana, foron perseguidos até a rua de Hortas. De madrugada, foron atendidos en urxencias do Hospital Xeral de Galiza de hematomas e contusións. Presos engade na súa denuncia que a policía, quen se persou no hospital con ton "ameazante e despectivo", adicase a "limpar" Compostela das persoas "que non concordan coa estética imposta nesta cidade milenaria".

Peden unha solución para os ataques do lobo

Os gadeiros da comarca do Verdugo entregaron na delegación provincial de Meio Ambiente mil sinaturas coas que solicitan da Xunta unha solución para os ataques do lobo a ovelas e vacas. A asociación de gadeiros "O Suido" cifrou os danos ocasionados polo lobo nas últimas datas en nove millóns de pesetas e propuxo que os cartos recadados pola Xunta en licencias de pesca e caza se destinen a indemnizacións aos gadeiros. Membros do Sindicato Labrego Galego acompañaron aos gadeiros na entrega de sinaturas. Este sindicato ten convocada unha manifestación para o 31 de Xullo en Compostela en demanda de solucións para as explotacións afectadas.

Premian en EEUU a páxina da Costa da Morte en Internet

Con dezaioito mil consultas en oito meses, a páxina web da Costa da Morte Finisterrae.Com está recibendo parabens de todo mundo. O último premio é o outorgado polos usuarios do espazo Minging de Estados Unidos, que a votaron como mellor páxina do mes de Xullo. Finisterrae.Com. está realizada pola empresa de Carballo Abertal Comunicación, dirixida por Manuel Pan, e inclúe trescentas páxinas con información sobre os concellos da Costa da Morte, facendo fincapé nos lugares de interese, posíbeis aloxamentos e riqueza cultural da zona.

As campañas contra o diário abertzale comezaron o día mesmo da súa saída á rua, hai máis de vinte anos

Traballadores de Egin estiman en mil millóns a cantidade necesaria para poñer en marcha un novo proxecto


⇨ M.V.

Cinquenta mil compradores e catro veces máis lectores, segundo os cálculos habituais de difusión, seguen sen poder ler cada día o diário Egin, un medio bilingüe, maioritariamente redactado en castelán, que saíra á rua por primeira vez o 29 de Setembro de 1977. Os seus traballadores estiman que farían falta mil millóns para poñer en marcha un novo diário, unha cantidade que non lle resultará fácil reunir.

As campañas contra Egin comezaron con aquela primeira chegada aos quiosques. En Maio de 1981, o seu director José Félix Azurmendi declaraba a A Nosa Terra: "A chamada Lei de Defensa da Constitución [surxida ao abeiro do pacto do 23-F] obriga, no mellor dos casos, a unha forte autocensura". E tamén: "A Egin é normal que o traten de desprestixiar, na medida en que trata de ser honesto. O que sucede é que segundo de quen veña ese desprestixio convertírase no seu maior prestixio para outros, ante os que Egin o ten e grande".

Euskadi Información, co mesmo deseño gráfico de Egin, sae agora cada día á rua, cunha tirada de cincuenta mil exemplares que se agotan de contado, pero só ten oito páxinas e dedícase sobre todo a dar conta de noticias relacionadas co diário pechado. Fontes próximas ao medio de comunicación abertzale consideran que farán falta mil millóns de pesetas para poñer en marcha un novo proxecto.

A maiores das informacións de



Pepe Rei, xornalista do Egin, estivo en Galicia recabando solidariedade contra o peche do periódico.

Interior e das proporcionadas polo propio xuíz Garzón que relacionan as finanzas de Egin coas de ETA, aínda que non hai acordo sobre quen financia a quen, non cabe dúbida de que o apoio popular a este medio de

comunicación, o segundo ou o terceiro en difusión de Euskadi, é realmente notábel. Así o testemuña a manifestación que percorreu as ruas de Donosti en contra do seu cerre e na que participaron máis de cincuenta

mil persoas. O seu nacemento e a súa historia estivo marcado pola realización constante de asembleas nas distintas localidades bascas dedicadas á recollida de diñeiro co que financiar o diário. As colectas foron sempre millonárias e o xornal non só conseguiu sobrevivir até hoxe, cun plantel de máis de 250 traballadores, senón que se convertiu nun dos periódicos rexionais mellor realizados do Estado. Por calidade e variedade informativa, número de páxinas e atención a temas como o deporte e o lecer, así como polo deseño a cor ou a presenza de publicidade, a súa aparencia física era calquera cousa menos a dun periódico de partido ou de axitación.

A pluralidade nas súas páxinas de opinión non resultaba menor, no seu ámbito, a de xornais de profesionalidade consagrada e non poucas veces era posíbel ler artigos que discrepaban nidamente coa liña de HB ou que criticaban os atentados de ETA. Iso non impedía que, como sucede cos demais periódicos, a súa liña editorial de fondo fose coherente e que esa coherencia servise para dar altavoz, non directamente a ETA, porque tal cousa supoñería inmediatamente a comisión dun delito de apoloxía do terrorismo, pero si das ideas que amparan e amortiguan o seu discurso, até incluír en moitos casos titulares chocalleros e crueis como o de "Ortega Lara volve ao cárcere", despois de que o funcionario de prisións secuestrado fose liberado pola policía.

A tese do apoio argumental indirecto a ETA non é en todo caso xuridicamente atinxíbel e de fei-

to non foi a base do cerre do periódico ordeado por Garzón, aínda que si a xustificación de moitos políticos e comentaristas que deste modo misturaban perigosamente os argumentos de apoio financeiro a ETA, manexados polo xuíz, cos meramente informativos, tocantes coa liberdade de expresión. É dicir: Garzón non dixo que mandase pechar Egin polas ideas que difundía, pero este é o argumento que usan moitos dos valedores da súa decisión.

As denuncias incómodas

Desde o punto de vista informativo, Egin molestou sobre todo pola súa denuncia das actividades de Galindo, o máximo responsable do cuartel de Intxaurrondo, varios anos antes de que a investigación da xustiza levase ao coronel á cadea. O diário abertzale abandeirou a denuncia, logo demostrada, que vinculaba á elementos da Garda Civil coas actividades de narcotráfico en Euskadi e foi un dos detonadores que permitiu á saída á luz dos casos de tortura e desaparición de Lasa e Zabala.

Os argumentos usados agora por Garzón para cerrar o diário eran coñecidos polo goberno desde a incautación a ETA dos papeis de Sokoia. A pregunta é: porque a decisión se tomou agora?

Fontes nacionalistas bascas, non só de HB, senón tamén do PNV e EA, denunciaron xa o que parece estar entre as previsións do goberno do PP: ilegalizar a todas as organizacións relacionadas co MLNV, desde a rede de euskaldunización á propia HB. ♦

EGIN, NADA QUE VER CON NÓS?

DIONISIO PEREIRA

Dígovolo de verdade: desde que, en ruta pola Rioxa Alta, souben dos trescentos encarapuchados que asaltaran un periódico, estragaran a rotativa e arrombaran aos seus traballadores, non teño boas sensacións. Xa sabedes, o xornal é o Egin e o cargo, ben coñecido: "pertencia a banda armada". E digo cargo, porque doutro acompañamento (aquilo de "alzamiento de bienes"), xa se encargou de mandalo ao ostracismo o visto bo ao proceso de negociación da débeda do periódico coa Tesourería da Seguridade Social, asinado polo director provincial de Gipuzkoa do ente devandito.

Non vou entrar nas tirapuxas xurídicas do caso, por outra banda aireadas dabondo, porque, sinceramente, entendo que é un xeito de marear a perdis e non albisca a orella da "Razón de Estado" que aluca por todo este asunto. É coma cando actúa un operativo de Tráfico con instrucións previas de recadar fondos para o Estado; sempre atopa algún motivo para multar: senón é o debuxo das rodas, será por non levar lentes suplementarias e, se isto non cadra, pois estará o número de serie do motor luxado de bosta. Primeiro vai para a beiravía e logo algún artigo do Código haberá que che veña ben acado.

Neste caso, se cadra non é así, pero algo se parece. Nun contexto de diálogo entre as forzas políticas bascas que toman o camiño de volta das estepas estatutarias e do "café para todos", e as que noutrora apostaron polo choque frontal co Estado español e, agora, comezan a admitir a posibilidade de aceptar ser minoría nun novo cenário político, onde haxa vello para o dereito de autodeterminación, vai un xuíz acusado por todo quisque de politizar o seu cargo, e, botando man de xuízos de valor e dilixencias de hai cinco ou seis anos (alguén se acuerda do "affaire" Santamaría e do seu precedente, o procesamento do xornalista Xabier Vinader?), ditamina o peche dun xornal que está apoiado por máis de cen mil lectores. E aplica, de pasada, un castigo colectivo a todo o cadro de persoal; desde o consello de administración até o conserxe. Mesmo as máquinas de imprimir son castigadas, como lles acontecía

ás mulas na máis nécia tradición castrense, non polas opinións ás que daban forma, senón por colaborar cos terroristas. Logo, lle tocará vez a HB, ás "herriko tabernas", ás coordinadoras de euskaldunización... De seguro que outros xuíces non se atreverán a tanto: a

estender a posíbel responsabilidade penal de Barrionuevo e Vera no caso Marey, a todo o antigo gabinete de Felipe González. Claro que, nengún dos dous pertenceu a banda armada, e o GAL, realmente, vai camiño de non ter nunca existido. Como o "Batallón Vasco Español", como a ATE...

As cousas van, segundo a miña opinión, por este rego: ás "forzas vivas" mesetárias non lles convén semellante avinza en Euskalherria; compre rebentalo canto antes. Se os "radicais" se botan outra volta ao monte, non hai mal que por ben non veña: iso dá réditos eleitorais de Burgos para abaixo. Por extensión: hai que meterlle

freo ao proceso soberanista das nacionalidades históricas. No camiño, o Goberno e os seus epígonos, deixan guindados a presunción de inocencia, a igualdade diante da lei, a independencia xudicial e, ao cabo, as garantías do exercicio efectivo das liberdades públicas. Cónovas, coa súa Restauración autoritaria, corrupta e caciquil, volve da man do PP.

Teño para min que, senón reaccionamos, veñen maos tempos. Maos tempos, tanto para a "Nova Cultura Política" que arelan o BNG, PNV e CIU, como para os que en toda parte do actual Estado español, tentan pór en marcha unha alternativa ao império do Rei Midas. Que conste que non son dos que pensan que só hai dúas opcións: rachalo todo pola brava ou ficar na casa coleccionando selos. Non, acredito que eiquí e agora aínda se pode perseverar na esixencia dun Dereito neutral e igualitario; na teima por ampliar as liberdades dos povos e das persoas. E que máis organización e fiscalización cidadá do poder e dos gobernos, é sinónimo de máis democracia e benestar. Por iso ferveime o peito cando lembro a fazaña impune dos encarapuchados e o mal agoiro que trae canda ela. Por iso, atrevome a espetarlle á morneza e á pasividade: Egin ¡nada que ver con nós! ♦

‘Nun contexto de diálogo entre as forzas políticas bascas vai un xuíz e ditamina o peche dun xornal apoiado por máis de cen mil lectores’

Consideran que a creación dos GAL sucedeu un ano despois

O Supremo senténcia que a guerra suxa se dirixiu e financiou desde Interior

♦ B. LAXE

A senténcia do Caso Marey afirma que a guerra suxa se dirixiu e financiou desde o ministerio do Interior, pero que o GAL, como banda armada, non se criaron até un ano despois do secuestro do cidadán basco. Con estes considerandos, o ex ministro Barrionuevo só é condenado a dez anos de cadea, os mesmo que o seu segundo, Rafael Vera, polos delitos de malversación e secuestro. É a primeira vez, despois do franquismo, que un ministro dun goberno democrático ten que entrar na cadea. Será en Setembro, despois dos seguintes recursos de aclaración.

O fiscal pedíalle 23 anos de cadea para José Barrionuevo e Rafael Vera. A filtración da senténcia afirmaba que serían 13 anos de condea. Pero a publicación da senténcia da Sá Segunda do Tribunal Supremo deixou a condea aos principais implicados no Caso Marey en só 10 anos. Esta é a pena para Barrionuevo, Vera e Sancristóbal, acusados os tres de ser os indutores, dirixentes e os colaboradores necesarios para a comisión dos delitos de malversación de caudais públicos e secuestro de Segundo Marey. Pero a pena foilles rebaixada dos 13 aos 10 anos ao considerar que os delitos se cometeron xuntos ("recurso medial") e que o secuestro non tería lugar se Vera non lle fornecese a Sancristóbal do millón de francos do Ministerio de Interior para cometelo. Seguindo esta lóxica procesal, impúxoselles a pena do delito maior, a de secuestro.

O Tribunal rechaza o delito de perténcia a banda armada "neste feito concreto", aínda que cita como probado que existiu un comunicado enviando á Cruz Vermella no que se pedía o troco do secuestrado Marey. Tamén se afirma que os GAL foron creados un ano despois. Estes considerandos teñen especial importancia, non tanto polo rebaixar das penas en 13 anos, senón porque van influir decisivamente nos outros xuízos que quedan pendentes en relación a actuación dos GAL. Segundo esta senténcia, a guerra suxa dirixiuse por Barrionuevo e Vera desde o Ministerio do Interior (declárase probada a súa participación nos feitos) e tamén existiron os GAL vinculados ao goberno socialista, aspectos negados até de agora polos principais encausados e polos altos dirixentes do PSOE.

A senténcia rexeita a nulidade procesal na fase de instrución, como pedían parte dos procesados e, sobre todo, a prescripción, principal argumento da defensa dos encausados. Esta prescripción, que se cumpría ao pasar máis de dez anos da comisión do delito se na sentén-



José Barrionuevo, ministro do Interior con Felipe González, ingresará en prisión nas próximas semanas.

cia non se proba a perténcia á banda arma, non se cumpriu ao presentar en 1998 unha querrela a acusación popular.

Os outros 9 encausados, que

admitiran a súa participación, o mesmo que Sancristóbal, foron condeados desde os 9 anos de José Amedo, Miguel Planchuelo e Francisco Álvarez; aos sete de Ricardo G. Damborenea, aos

M. VEIGA

Os lapsus de Barrionuevo e Aznar

Durante a vista do xuízo polo secuestro de Segundo Marey a mans do Gal, José Barrionuevo chamoulle "delator" a García Damborenea, o seu antigo colaborador e xa convito participante na acción. Din que ese lapsus representou para o ex-ministro o mesmo que unha confesión e foi a causa principal da súa condea a trece anos de cárcere. Agora José María Aznar ven de preguntarse: "Alguén pensaba que non nos íamos atrever a pechar o Egin? Pois fixémoslo". Deste modo, o presidente atribuíu ao seu goberno e non á xustiza a responsabilidade da supresión do periódico. O lapsus foi correxido axiña polo ministro do Interior Mayor Oreja quen matizou que "o maxistrado Baltasar Garzón tomou a decisión con plena independencia". Borrell, que apoia a prohibición do diário basco, decatouse tamén de que a clase política española ficara en coiros e saíu axiña a dicir que a frase de Aznar situábase "nas antípodas da Constitución", que "vulnera o espírito da separación de poderes" e que non fai máis que darlle "a razón a Arzallus". Como se sabe o lapsus freudiano descobre unha verdade que o seu autor desexaba manter máis oculta que nengunha outra. Acabará Aznar por pagar un prezo político polo seu despiste, como lle ven de suceder a Barrionuevo?♦

5 anos e medio de Julio Hierro e Sáinz Oceja e os cinco de Luis Hens e Ramón Corujo, até os 2 anos 4 meses e un día do outro policía, Michel Domínguez.

O PSOE segue a defender a inocéncia de Barrionuevo

A senténcia tivo tres votos particulares de 4 maxistrados que consideran que non se probaron os feitos suficientemente. É precisamente a este extremo ao que se agarra o PSOE aínda agora para seguir a defender a inocéncia de Barrionuevo e Vera. O seu voceiro, Pérez Rubalcaba, afirmou nunhas declaracións de urxéncia que "seguiamos a defender a inocéncia porque non hai unanimidade no tribunal e, se eles teñen dúbidas, nos cremos que Barrionuevo é inocente".

Felipe González, que estaba de vacacións en Tanger, regresou a Madrid, mentres que no PSOE poñen en marcha unha política de contrataque contra o PP que pode esfarelar o andamiage de silencio apontalado durante a restauración Monárquica e a súa ratificación práctica no golpe de Estado do 23-F.

O presidente extremeño, Rodríguez Ibarra, declaroulle o Martes 28 de Xullo á Cadena Ser non entender porque se pode condenar a Barrionuevo por facer a mesma política que fixeron Martín Villa en tempos de UCD ou Fraga Iribarne con Arias Navarro, mentres estos ex ministros seguen na vida pública. Ibarra referiuse a que esta política foi consensuada e apoiada pola maioría dos partidos políticos polo que non está disposto a que sexa unicamente o PSOE quen teña que pagar por ela, insistindo que a eles lles foi imposta.

Ante esta situación, González semella disposto a explicar todo o proceso destas tomas de decisión e de anteriores sucesos para salvaguardar a súa posición política (no PSOE afirma que van directamente contra González). Voceiros como Pere Esteve de CiU, mostra a súa preocupación, tanto polo encadeamento dun ministro democrático e pola condea por estes crimes, como pola utilización que está a facer dela do Partido Popular. Tamén Jordi Pujol se mostrou preocupado por que esta condea poda abrir unha fractura moi grande non só no eido político senón tamén na sociedade española.

Desde que se coñeceu a senténcia pola filtración foron diversas as reunións políticas celebradas, nas que participaron sobre todo anteriores ministros e ex dirixentes políticos, para tratar de amainar os ánimos entre PP e PSOE e tentar pactar saídas para que non se rache o consenso imposto na Transición. Nestas conversas participaría tamén o rei Juan Carlos.♦

Quince inmigrantes desaparecidos nas costas de Cadiz

O afundimento dunha balsa fronte as costas de Barbate o Domingo 26 de Xullo provocou a desaparición de quince inmigrantes que a ocupaban e cuxo rescate rematou o Martes 28 de Xullo sen nengun resultado. Do accidente quedaron supervivintes, algúns deles con encharcamento de pulmóns e esgotamento físico, quen indicaron que viaxaban vinteseite persoas na embarcación. Procedían da vila marroquí de Kenitra e querían chegar a Cadiz. Os inmigrantes que sobreviviron van ser devoltos a Marrocos nuns días.♦

Andalucía destina 3.000 millóns ao "contramedicamentazo"

Xa está aprobado o decreto polo que o goberno de Andalucía vai financiar unha lista de máis de seiscentos medicamentos excluídos da seguridade Social, e farao cunha receita na que poña "medicamento financiado pola Xunta de Andalucía". Os pensionistas van recibilo gratis. O decreto vai entrar en vigor o mesmo día, o primeiro de Setembro, que entre o do goberno central coñecido como o "medicamentazo". A Xunta de Andalucía ten que negociar cos laboratorios os prezos dos medicamentos para que, no caso de que suban, o aumento non afecte a Andalucía. O conselleiro de Sanidade afirmou que dos 158.000 millóns do capítulo de gasto farmacéuticos, tres mil serían os empregados en financiar estes medicamentos.♦

Asinan un convenio para potenciar o euskera na Xustiza

O conselleiro basco de xustiza Sabin Intxaurreaga e o presidente do Consello Xeral do Poder Xudicial asinaron un convenio polo cal a partir de Setembro criarase unha comisión para potenciar o uso do euskera na Xustiza. O conselleiro subliñou o descoñecemento que hai do idioma entre os traballadores da administración de Xustiza e indicou que a implantación do idioma farase de maneira gradual. Desde o Consello Xeral do Poder Xudicial admitiron que a implantación do euskera na xustiza é unha necesidade ante o seu uso social. Por outra parte, nesta mesma semana anunciouse que as emisións da televisión pública vasca chegarán á parte do país no Norte que pertence politicamente á Franza.♦

A prensa catalana ironiza sobre o nervosismo de PP e PSOE

A Declaración de Barcelona mantén as alarmas a soar en Madrid

⇒ M.V.

CiU, a forza nacionalista de máis envergadura electoral e de máis peso no Estado, tivo que soportar a maior parte das críticas pola *Declaración de Barcelona* da que os cataláns foron anfitrións. O acordo a tres bandas puxo nervos aos dous principais partidos estatais. O debate pode converterse nun dos principais eixos políticos dos próximos meses, toda vez que está prevista xa a realización doutros dous encontros, en Bilbao e Santiago, entre Convergencia, PNV e BNG.

"Os que rentabilizan a reunión son o PNV —ten eleccións autonómicas en Outono e foi da man de HB en votacións parlamentares— e o BNG —cuxa forza se descoñece e programaticamente está nas antípodas de CiU—", sinalaba o pasado día 20 un comentarista de *La Vanguardia*. "O nacionalismo catalán —engadía o mesmo autor— tiña, a posibilidade e quizá a responsabilidade de exercer o liderazgo do cúmulo e centrar o discurso de Arzallus e Beiras. Sen embargo, a declaración de Barcelona vai xusto na dirección contraria e o texto sitúa o consenso constitucional no alreiro".

En días posteriores, as críticas desde Madrid, aínda que tamén desde algúns sectores relacionados como mundo económico, financeiro e xornalístico catalán, incidiron no radicalismo de Arzallus (polas súas declaracións a un xornal austríaco) e do BNG que no Día da Pátria reuniu a convidados dos PCs portugués e cubano, así como do movemento de liberación kurdo.

Os líderes de *Convergencia*, sempre en tono mesurado, responderon a estas críticas. Felipe Puig, secretario de organización desta forza afirmou que "son o Partido Popular e Aznar os que radicalizan a situación ao defender a indivisibilidade de España desde un centralismo que non admite diferencias". O diário *Avui* explicaba no seu editorial do día 29 a necesidade dos acordos entre nacionalistas, compatíbeis cos acordos co goberno de Madrid, aínda recoñecendo que "é un equilibrio difícil". Para o xornal nacionalista "os que critican tanto estes días querían (...) uns partidos descafeinados nacionalmente, entregados unicamente á lóxica parlamentaria do Estado. Seguiríles o xogo máis que unha equivocación equivale case a un suicidio político".

Por parte basca, foi o lehendakari Arzallus, despois dunha convalecencia por enfermidade de varias semanas, o que se pronunciou con máis claridade, nunha liña similar á que mostrara Xosé M. Beiras durante a presentación da *Declaración* en Santiago. Dixo Arzallus que "a Constitución quedou anquilosada e obsoleta en aspectos importantes", matizando que "esta afirmación non debe escandalizar a ninguén, dada a velocidade con que evolucionaron as cousas nos seus últimos vinte



Beiras, Esteve e Arzallus voltarán a reunirse nos próximos meses en Bilbao e Barcelona.

XAN CARBALLA

anos de existencia". "Estamos —engadiu— ante un ciclo que remata e outro que comeza".

"História" en Madrid

Outras opinións catalanas foron máis corrosivas. Francesc-Marc Alvaro definía, o día 19 en *Avui*, ao centro político de España de "moi histórico" por calificar de "traición" a actitude dos nacionalistas. "Ninguén do PP nen do PSOE —sinala o autor— é quen de admitir que a *Declaración de Barcelona* é unha oferta valente de rexeneración do Estado". "Tan inseguros están os vixiantes de España —pergúntase— que non poden aceptar o

diálogo cos que proveñen do que eles chaman a periferia? É tan pouco o que confían nas súas razóns?". Jaume Camps, de CDC, recoñece pola súa parte que "estaba seguro de que asistiríamos a unha enxurrada de posicionamentos e declaracións alarmistas ante este encontro. (...) O contido moderado e pragmático da *Declaración de Barcelona* ponos dos nervos".

Xavier Arzallus, noutro artigo de prensa, encontraba aínda máis virtudes á *Declaración* das postas de manifesto até agora. Referíase o líder basco á busca dunha necesaria saída política á violencia de ETA para sinalar

que "a complexa arquitectura institucional surxida dos acordos de paz do Ulster —coa redefinición das relacións de soberanía entre o Reino Unido, Irlanda do Norte e a República de Irlanda— e, todo, o espazo da UE— debería facer pensar a máis de un sobre as virtudes descoñecidas que pode ter a controvertida *Declaración de Barcelona*". "Está claro que no Reino Unido non hai Constitución escrita", concluíu Arzallus.

O "carlista de Bilbao" e a "luminaria galaica"

O presidente Aznar escolleu o foro da *Asociación Atlántica de*

Bulgaria —un influente clube de debate político e económico de Sofía— para criticar as "estreitas concepcións nacionalistas", argumentando que "salientan as diferencias e buscan impoñer unha pretendida superioridade étnica, lingüística, histórica ou cultural".

Os meios de comunicación da capital de España esforzáronse ademais en buscar diferencias entre as posturas de *Convergencia*, representadas por Esteve e as de *Unió*, das que é portavoz Duran i Lleida. Este último estaría presuntamente en discrepancia co documento nacionalista asinado. A versión, amén de sesgada, esquecía por exemplo o acedo debate surxido o inverno pasado no seo do Partido Popular Europeo entre Duran Lleida e Manuel Fraga, ao facer defensa o representante catalán da plurinacionalidade do Estado.

A cabaleiría mediática madrileña cargou a fondo contra o acordo dos nacionalistas. Felix de Azúa, en *El País*, recoñeciase "adversario de Jordi Pujol" e criticaba o que fose acompañado "do carlista de Bilbao" e da "luminaria galaica". Sobre o líder basco engadiu que "ese paranoico que está lanzando ao seu país ao suicidio querría vernos arder a todos na mesma fogueira". A respeito do portavoz nacional do BNG perguntábase: "Con ese orate vai formar a súa tria nacionalista o meu Pujol?". Seguindo este ronsel foron moitos os comentaristas, sobre todo de emisoras de rádio, os que se aventuraron a solicitar a constitución dun "frente PP-PSOE" que serva para opoñerse aos nacionalistas e garantir a "unidade de España cuestionada pola *Declaración de Barcelona*". ♦

MANUEL VEIGA

PP e PSOE xa non teñen ao primo de Zumosol

As forzas estatais cerran filas contra a *Declaración de Barcelona*. Prolifera as declaracións, moitas delas encendidas, contra os líderes nacionalistas. Non ocorría así en 1978, cando se debatía a Constitución. Daquela o encargado de velar pola "unidade da pátria" era o exército. Os partidos, mesmo os herdeiros do anterior réxime, usaban a coartada dos militares para presentarse así mesmos como demócratas presionados polos elementos formados na guerra civil que aínda proliferaban no Alto Estado Maior. Agora o exército, depurado de fascistas por pura evolución natural, e encadrado nunha Europa á que non se lle perde nada na defensa da *rojigalda*, xa non serve de parapeto e son os líderes políticos de PP e PSOE e as empresas de comunicación con intereses no monocultivo do castelán, os que teñen que dar a cara, sen outra arma que os seus argumentos e, iso si, cun control aínda exclusivo dos resortes de poder.

Os partidos estatais consenten de que xa non contan co primo de *Zumosol* fundamental a súa estratexia en dous pilares: a defensa clásica do império español e os intentos de dividir ao contrario.

A *Declaración de Barcelona* contén precisamente o valor político, de servir de programa estatal e europeo a forzas nacionalistas que por si soas non podían telo. Non por carecer de teorización ao respecto, senón por carecer de medios para introducir no debate as súas teses. A correlación de forzas estatal cámbia co encontro de CiU, PNV e BNG, ao que é de supoñer se acaben sumando EA e ERC. A confederación non é un obxectivo inmediato, non é un programa electoral, pero representa unha utopía pola que loitar e sinala unha dirección. Algo que facía moita falta despois de que a transición, o 23-F e sucesivos descafeinamentos amortallaran as arelas nacionais até convertilas nun elemento máis ou menos funcional da política estatalista. Tanto *Convergencia* como o BNG, como calquer nacionalista, saben que tan importante é a política do día a día, cos seus logros imprescindibles e as súas limitacións inevitables, como a necesidade de que as forzas acumuladas vaian na dirección de romper o dique estatal, hoxe aínda moi rocoso e moi ancorado nos condicionamentos do pasado réxime que cada vez máis xeneracións non coñeceron e non teñen por que obedecer. ♦



Kajiyama, Koizumi e Obuchi durante un acto interno do PLD para a elección do primeiro ministro.

No entanto, Norteamérica apuntala o len para non ser atinxida polo derrube

Os tigres asiáticos reclaman axuda do Xapón para sairen da bancarrota

⇨ G.L.

A reunión da Asociación de Nacións do Sueste Asiático (Asean), apremia a Xapón para que leve a cabo as reformas económicas que lle permitan pular pola economía da rexión e superar unha crise financeira que xa é un problema do mundo enteiro, como indica a organización no seu comunicado final.

En realidade o que os asiáticos arruinados lle están a pedir ao Xapón é o mesmo que lle reclama Estados Unidos desde os oitenta: que levante todo o conxunto de leis que protexen o espazo económico interno e invistan cartos "nunhas economías con forza de traballo moza e flexible, aforradora e barata, nun mercado aberto". É o caso dun cego pedíndolle axuda a outro porque quen agora está necesitado de axuda é Xapón. Un ano despois da creba de Tailandia, Malasia, Filipinas, Indonésia, Corea do Sul e Singapur, Xapón revela un notábel desgaste do seu modelo despois de medrar un 4% até o 91 e ser acreedor ao mellor índice de desenvolvemento das sete nacións máis ricas do mundo. Despois do 92, o índice médio do Xapón non chega ao 1%, co que se coloca por baixo da UE.

Ao Xapón cáenlle as exportacións que no ano 86 eran o 10,5% do PIB e no 96 só o 9,4% e a taxa de beneficio das empresas ten tamén un importante descenso. No mesmo período, os bancos xaponeses conxértese en memoria daque-

las institucións que miraban con tanto respecto nas bolsas occidentais. Acompañando a estes síntomas, aparecen casos a cada máis frecuentes de corrupción e todos os sinais dunha revisión a fondo do modelo de Estado. O Goberno anunciara en xaneiro do 96 un plano drástico para rematar cunha débeda de 20 billóns de pesetas, causada pola especulación cos fondos das cooperativas agrícolas e industriais. Obrigados a con-

tribuir á operación de salvamento, os bancos pediron a cambio que non lles tocasen os xuros baixos.

'Ao Xapón cáenlle as exportacións que no 86 eran o 10,5% do PIB e no 96 o 9,4%. A taxa de beneficio das empresas ten tamén un gran descenso.

O Estado volvería intervir o 17 de Xuño pasado en resposta a unha fortísima caída da bolsa xaponesa que arrastrou á norteamericana despois de dous trimestres seguidos con crecemento negativo do PIB e o anuncio oficial de que a economía entraba en recesión. Na operación de salvamento participou o presidente norteamericano para evitar os danos previsibles

do derrube xaponés, pero en Washington advirten que xa non será posíbel unha segunda intervención directa norteamericana sen exixir cambios na estrutura da economía xaponesa que critican como excesivamente estatalizada.

Escasea o leite

O que chama a atención é que Xapón non é membro da Asean, fundada no 67 en Iacarta. Á Asociación pertencen os países arruinados na violenta operación especulativa occidental de hai un ano e promovérase co obxectivo de establecer un área de libre comercio na que esperaban atraer aos xaponeses. Tímidamente, a Asean advirte que as medidas económicas para corrixir a desfeita deben ter conta dos efectos sobre os menos privilexiados e vulnerábeis. Indonésia, por exemplo, despois de pasar de país modelo do liberalismo á bancarrota en só 24 horas, as reformas económicas do FMI obrigan ao Goberno a eliminar os subsidios do petróleo e da electricidade o que implica subidas do 20%. No que hai uns meses era un dos países máis ricos de Asia escasea o leite, que se importaba nun 82% dos Estados Unidos. O prezo das medicinas aumentou un 470% e nos hospitais só fan radiografías naqueles casos considerados de gravidade extrema. En Bali, un dos destinos turísticos máis prezados en Occidente, os pacientes crónicos de diálise morren porque non poden pagar o tratamento privado. O público deixou de existir hai nove meses. ♦

XAN CARBALLA

Volve a guerra a Angola

Desde Agostinho Neto encabezou a loita pola independencia de Angola, até a aciaga data de hoxe na que a guerra vai volver comenzar pasaron tres décadas de sufrimento. A descolonización, nada do 25 de Abril portugués, nunca se puido completar con éxito: Angola era un diamante demasiado apetecíbel para a consideración estratéxica da guerra fría. Hai catro anos o presidente Dos Santos, conseguiu levar a bon porto unha negociación auspiciada pola ONU, que deixou sen argumentos a un Jonas Savimbi que se revoltou con raiba cando, culminada unha fase do proceso de paz, perdeu apoio nas urnas. Durante estes anos a situación do sulcontinente africano variou enormemente, e a retagarda do antigo país do apartheid xa non é tal. Feroz parto o de Angola, a meio camiño entre a independencia e un grave problema de integración das súas étnias, de cuxo descontento aproveitase un Savimbi utilizado sen escrúpulos polos que sempre buscan mover os fíos da neocolonía. ♦

Procesan a cinco militares chilenos pola morte de sete guerrilleiros en 1987

O xuíz Hugo Dolmetsche ven de procesar a cinco oficiais do Exército chileno pola morte de sete membros do Frente Patriótico Manuel Rodríguez en 1987 durante a Operación Albánia. A tamén coñecida como a *matanza do Corpus Christi* é un dos casos máis representativos das violacións dos dereitos humanos durante a ditadura do xeneral Pinochet. Dos cinco militares acusados de "violencia innecesaria" tres están detidos en unidades militares e os outros dous permanecen prófugos. A pesar das evidencias incriminatorias, o caso fora sobreseido hai tres anos. No mes de Marzo o Tribunal Supremo ordenou a súa reapertura exixindo que fose un xuíz civil o que levara a cabo a investigación. ♦

Conclue o censo do Sahara Occidental

O persoal da Organización das Nacións Unidas, ONU, rematou os labores de identificación e elaboración do censo das persoas que poderán participar no referendun de autodeterminación da ex colonia española, que está previsto para este outono, aínda que podería retrasarse até principios do vindeiro ano. Para a elaboración deste censo foron identificadas máis de 140.000 persoas. Despois de rematar esta fase, está nas mans da ONU obrigar a Marrocos á celebración do referendun. O país ocupante tentou en todo momento incluír nacionais seus no censo para volcar a consulta ao seu favor. ♦

Indonésia retira mil soldados de Timor Leste

O novo goberno de Indonésia, xurdido despois da caída de Suharto, anunciou que procederá á retirada de mil soldados de Timor Leste, a ex colonia portuguesa ocupada por Indonésia en 1975, tras a saída de Portugal. O anuncio, realizado polo ministro de Asuntos Exteriores de Indonésia, produciuse o Luns 27 de Xullo no Foro Rexional da Asean e a retirada tería por obxecto dar os primeiros pasos para conquistar a estabilización da situación da parte Leste da illa. Contodo, o goberno non mencionou a posibilidade da autodeterminación, exixencia dos timorenses e da comunidade internacional. ♦

Tínhamos un problema e xa está solucionado

J. M. Aznar

Dos asinantes da Declaración de Barcelona o inimigo a bater é Convergència, por ser a forza principal da nación máis poderosa das tres e cun pacto de goberno co PP en vigor. Pero tamén, polo mesmo, a máis temida e respetada. Os golpes estanllos a dar atraveso dos sócios. Todos os meios estatais critican as amizades perigosas de Pujol, que non son outras que as de Arzallus e Beiras.

Por asustar, din en Madrid que Arzallus vota con HB e que Beiras convidou ao Partido Comunista de Cuba ao 25 de Xullo. En realidade Fidel está máis perto de Pujol que do lider do BNG. Os empresários

TRASPASASE LOCAL
de 200 m²
no centro de Vigo
renta 25.000 pts
chamar a 919 74 88 65
986 41 55 42
(Comidas)



Negociar a paz

Sen ter unha base sólida nen ter posto un pé en Euzkadí (como moitos expertos columnistas e gacelleiros dos xornais españois ao uso), quero tomarme o atrevemento de expoñer unha breve reflexión sobre o que acontece no País Vasco, tentando resultar o máis construtivo posíbel.

Ante todo non deixa de resultar vergoñento que en países coma Irlanda (cunha fráxil paz pero paz ao fin e o cabo) ou Colombia (nación tercermundista na que o presidente conqueriu reunirse cos líderes das guerrillas) se poida manter unha postura razoábel e disposta ao diálogo e á negociación, namentres que no Estado español o Goberno, coa anuencia e benzón do PSOE (no fondo son o mesmo), desbotan calqueira tentativa de aproximación e exploración de vías de diálogo, xustificando o inmobilismo baixo a afirmación de que "sería unha cesión ós violentos"; tamén alegan a sensibilidade social existente contraria a calqueira tipo de contacto e demais comenencias. Ignoran que unha recente enquisa da Consellería do Goberno Vasco reflectía que un 76% dos vascos amosabase partidario das conversas entre o PNV e EA con Herri Batasuna; outra enquisa amosaba que o 50% dos xóvenes era partidario da independencia e tan só un 13% rexeitaba calqueira vía descentralizadora (é dicir manterse como ata agora coa autonomía das rexións e o "café para todos"); por último outra enquisa revelaba que un 70% dos vascos manifestábase favorábel ao achegamento dos presos a cárceles próximos a Euzkadí.

Todos estes dados, verídicos e perfectamente cotexábeis, serven de ben pouco ante a actitude arrogante e autosuficiente de Mayor Oreja e Aznar. Prefiren prolongar o sufrimento da xente

(tanto dos seus correligionarios coma dos que os combaten) e con iso gañar votos como sexa (Bartolines aparte).

O último episodio desta cruenta realidade é o peche do xornal *Egin*, cos partidos estatais rifando entre eles para ver quen dicía máis alto aquilo de *non sen tempo!* Os nacionalistas *light* (aos que o Bloque non deixa de lles facer as beiras, valla a expresión) din que sí pero non aínda que cicais. Os demais vemos a man negra e veluda do Executivo e nomeadamente de Aznar coa complicidade de Garzón e o apoio explícito de PSOE. O que non o queira ver así que analice o comentario -dende Turquía país represor onde os haxa por certo- do xefe do Goberno (español), que sen nengun tipo de amor propio atribuíuse en exclusiva o peche do diário, descoñecendo tanto el coma os expertos xurídicos de rigor que en Dereito penal suxeito pasivo dun delito é sempre unha persoa física e que o dereito a información goza de especial amparo constitucional (ou soamente cando convén?).

Supoño que a miña carta non dirá nada novo. Cicais peque de partidista ou escasamente construtiva. Mais os feitos son tercos e non se deixan encorsetar doadamente: deteñámonos a contemplar a escalada represiva de Madrid (¿ou é que xa non lem-

bramos o encarceramento da anterior Mesa Nacional de HB?), e a perda progresiva do norte por parte da banda armada ETA e cicais sacaremos algunha conclusión interesante. Certamente a loita armada hoxe está esgotada e desprestixiada e carece do apoio que no seu momento tivo, mais tampouco a solución mediático-policial foi quen de arranxar gran cousa. Por iso, cómpre avanzar en vías máis valentes, temerárias se é necesario, e sentar a dialogar e negociar unha proposta razoábel para os dous bandos, collendo referencias aptas e adaptábeis ao País Vasco (por qué non se deu máis información do Foro de Irlanda celebrado en Euzkadí?).

Continuar coa situación vixente e non dar un paso á fronte supón darlle a razón a aqueles que afirman que ETA se convertiu nun aliado do Estado para manter as forzas armadas e a Garda Civil en Euzkadí e un comodín electoral para o PP. Menos samba e máis traballar!

XABI ARIAS
(A CORUÑA)

Que foi do terceiro mundo?

Nas últimas décadas nas que vai pecharse o século XX producíronse unha serie de feitos fundamentais: Crise derradeira do modelo soviético, nas variantes política coa mesquiña invasión de Checoslováquia no 68 e económica co decrecemento do PIB a partires da última metade dos anos 70, avance das forzas nacionalistas no continente europeo nesta década dos 90 (unificación de Alemaña, independencias de Lituania a Croacia), auxe de China, fundamentalismo islámico, fin do sistema racista Sudafricano, e o máis definitivo a consolidación do domi-

nio cultural, político, económico dos EUA (hexemonía unipolar). Por certo que nestes feitos foi un factor básico a ideoloxía nacionalista, é algo a salientar pois temos rebulindo polos madriles uns galináceos que negan a evidencia unha e outra vez dando a imaxe do nacionalismo como dunha ideoloxía trasnoitada diante das forzas do cosmopolitismo homoxeneizador e a expansión global do mercado capitalista, este conxunto de galináceos non poden concebir que o nacionalismo e o socialismo sexan os motores do progreso da humanidade, esquecendo así mesmo que o exercicio da democracia ten os seus alicerces na dinámica política impulsada polo nacionalismo.

Entre todos estes acontecementos existe un que pasou inadvertido, o fin do que se pensaba que podería ser unha alternativa de desenrolo aos sistemas da URSS e os EUA. Refírome ao movemento dos países non aliñados (conferencia de Bandung 1955) Que poderíamos dicir hoxe dos países do terceiro mundo? Por exemplo: Exipto é un estado conservador que abandonou o nacionalismo árabe e que ten a maioría da poboación vivindo na miseria. Iugoslavia está a ser escachifada por un burocrata carrerista, Milosevich, que ten unhas ideas moi semellantes as do fascista frances Le Pen, India non é precisamente o estado autosuficiente e pacífico querido por Gandhi nese país temos as castas, os párias, as nacións oprimidas de Cachemira, Punjab, etc. America Latina é un espello das máis extremas desigualdades sociais. O que suce-


Entre todós estes acontecementos existe un que pasou inadvertido, o fin dos países non aliñados

de nos países de África é sinxelamente desmoralizador. China esta metida nunha fase de socialismo de mercado moi exitosa no plano económico pero conservadora no político, perdendo polo tanto o referente revolucionario que tiña para os povos do mundo.

Son tres os grandes conxuntos que compoñen os naufragos das políticas liberais: 1.—Os marxizados dos países industriais, uns cen millóns (30 na UE, 40 nos países do leste europeo, 30 nos EUA; é o chamado cuarto mundo). 2.—As minorías autóctonas, douscentos ou trescentos millóns (indixenas de América, aborixes de Oceanía, tibetanos, "mouros" da illa filipina de Mindanao, chechenos, esquimós dos países escandinavos, povos dravidas da India, as últimas tribos virxes de África, etc.; todos estes povos loitan por vivir baixo unhas costumes e crenzas moi diferentes das occidentais, para estes povos occidente só ofrece explotación e alienación). 3.—Os labregos ou ex-campeñiños pobres (1.000-2.000 millóns) que se amorean nas choupanas das cidades do terceiro mundo mal vivindo da chamada economía informal, en moitos países as mulleres, os nenos e os vellos fican nos campos para traballar as leiras, mentras os homes vanse as cidades para procurarse empregos de dous centimos. Vaia cos avances do capitalismo!

E lamentábel cando máis facia falta unha política antiimperialista, as forzas e gobernos que poderían exercela non se atopan por ningures, agás Cuba, a Cuba bloqueada polo imperialismo EUA. Só queda Cuba para soñar cun mundo mellor. ♦

GONZALO BLANCO VAZQUEZ (OURENSE)



Continuación do esperpento do CDG

Moi tentadora paréceme a tua proposta, compañeiro Brais, para a normalización do esperpento do CDG mediante métodos tan expeditivos como os que expós na tua carta a ANT do 2 de Xullo.

Non penses que non me apetecía terriblemente aisitir á representación das obras de Valle armado cun asubio e montar un bo *pifostio*. Éme sumamente atractiva a idea de boicotear por acción popular, entre todos, esa montaxe en español que non debería facer o CDG.

Mais coido que non é o método axeitado, penso que non deberiamos deixarnos seducir por ímpetus tan pouco civilizados como impedir a representación dunha obra á antiga usanza.

Non cres que sería moito mellor expresar a nosa desconfianza antes do espectáculo, aisitir a en con espírito crítico, e amar de novo o noso malestar ao remate do mesmo?. Con pa-

Éme sumamente atractiva a idea de boicotear por acción popular, entre todos, esa montaxe en español que non debería facer o CDG.

nos, pitos, berros, teléfonos móbiles e todo o que queiras, pero unha vez finalizada a representación.

Mais non é a miña unha postura inamovíbel, non estou convencido totalmente de que non sexa o momento de emprender as accións que ti propós, non estou absolutamente certo de que non teñas razón. E a tua carta contribuíu a facerme dudar un pouquiño máis sobre se é correcto o meu posicionamento.

Parece que nos os dous, igual que moita xente máis, buscamos o mesmo obxectivo, máis semella que non coinciden os nosos camiños. De todos os xeitos e vaíamos por onde vaia-

cataláns van de primeiros na lista de investidores na illa.

Entregaban as medallas de Galiza. Gran evento, con arrasadeira de foguetes e canapés. Un dos artistas invitados é o gaitero Xosé Manuel Budiño. Tarda en entrar. Non o deixaban pasar os de seguridade pola "mala pinta".

Publicaron os xornais un vello informe sobre a guerra do Vietnam. Decía que os estadounidenses bombardearan con gases a un grupo dos seus propios soldados que se pasara ao inimigo, nunha operación denominada *vento de cola*. A noticia foi desmentida e os periódicos pediron perdón. Unha semana despois os mesmos meios publicaban as declaracións dunha médica recién exiliada de Cuba que viña de operar a Fidel dun tumor no cerebro. Ao día seguinte de terse celebrado a suposta operación, o presidente cubano mantivo unha reunión de seis horas co nuncio do Vaticano. Os

SUBSCRÍBASE A A NOSA TERRA

Nome Apelidos

Enderezo

Cod. Postal Teléfono

Povoación N.I.F.

Provincia País.

Suscríbome a A Nosa Terra (incluídos os Cadernos de Pensamento e Cultura) por un ano/semestre ao prezo de:
Galiza/Estado/Portugal 9.000 pta./ano 4.500 pta./semestre
Europa 10.920
América e resto do mundo 13.080

a) Subscricións para o Estado español
 Talón bancario adxunto
 Reembolso (máis 130 pta.)
b) Para o resto do mundo
 Cheque bancario adxunto
 Xiro Internacional a nome de A NOSA TERRA. Apartado 1371 Vigo.

PAGO DOMICILIADO. COBRIR OS DADOS DO BOLETIN ADXUNTO.

Banco/Caixa de Aforros

Conta ou Libreta

Titular

..... Nº Sucursal

Povoación Provincia

Sérvanse tomar nota de atender até novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ao meu nome lle sexan apresentados por Promocións Culturais Galegas S.A. (A Nosa Terra).

DATA ATENTAMENTE (SIGNATURA)



A INFORMACIÓN QUE PAGA A PENA TER

periódicos non pediron **escusas**.

Francisco Ayala, académico de 92 anos, é venerado pola intelectualidade española. Hai pouco deixou cair esta senténcia: "Catástrofes houbo sempre". Logo razonou que: "a xente se mata por pracer, mire o do Congo". Nen sequera Garcia Sabell sería capaz de darse ese atracón de ciencia de **barra de bar**.

Puerto Rico prepara outro referendum de anexión aos Estados Unidos. Deben ir média dúcia no último médio século. Están ben. O povo ten dereito a repensar as súas decisións tantas veces como lle peta. Outra cousa sería un referendum de secesión do Canadá por parte do Quebec. Iso estaría **mal visto**.

Faro de Vigo regala unha lámina coa imaxe do Cristo da Vitoria restaurado. Corren rumores de que a *Voz* pensa competir agasallando un fragmento da **apófisis** mastoidea do cráneo de Santiago o Maior, traído de Alemaña no século XII. ♦

mos, agardo que nos vexamos ao final do traxecto, e que podamos gabarnos de ter conseguido o que o CDG interrompa a representación desta obra. Grácias, Brais. ♦

MARCOS FERREIRA AMOEDO

Ideoloxias

Sempre pensei que a maior distancia ideolóxica entre dous partidos políticos era a que existe entre o BNG e o PP, progresismo e nacionalismo fronte a conservadurismo e españolismo, mais nos últimos anos desconcertan certos posicionamentos e poño catro exemplos.

No meu pobo (Chantada) o actual BNG (antes Chantada Nova) gobernou en coalición co PP (antes Aich) facendo política conservadora e clientelista. Nas anteriores eleccións ao Parlamento europeo o candidato do BNG resulta ser o vicepresidente en tempos do goberno popular de Albor (radical conversión) e do que despois de perder as eleccións non voltamos a saber nada. En Ourense os votos do



BNG axudan ao PP no proxecto de asentar unha superficie comercial ao carón do Miño (kms atrás o BNG de Lugo oponse radicalmente a instalación da Fei-

ra de Mostras ao carón do mesmo Miño).

E para rematar cabe a posibilidade dun pacto do Bloque cos

aliados do Partido Popular estatal PNV e CIU, conservadores, burgueses e todo contra o que eu sempre pensei loitaba o nacionalismo progresista galego.

Os que non temos estudos nen formación política deberamos recibir dalgún xeito un curso acelerado para poder entender a veloz transición ideolóxica a velocidade (tal vez terminal) do partidismo na procura de poder. Ou somos ignorantes en grande medida ou de que vale tanta historia do nacionalismo cando acaban no mesmo que criticaron, cos mesmos que criticaron.

De que vale tanta historia do nacionalismo cando acaban no mesmo que criticaron, cos mesmos que criticaron

Incluso *A Nosa Terra* nos agasalla con portadas e grandes reportaxes sobre a caridade dos bos misioneiros (e aquilo da xustiza social, das causas da pobreza...) ♦

ANXO MOURE MOSQUERA (GARABELOS-MARIZ-CHANTADA)


A NOSA TERRA

Novidades Editoriais



Sabeliña e o xigante. O casamento da pulga e o piollo.

COLECCION CONTOS POPULARES



O Reino de Galiza.

Anselmo López Carreira.

COLECCION ESÉNCIA



Breogán.

Xabier P. Docampo.

COLECCION MITO E LENDAS

e ademáis

Reloxio de Rosalía. Camisetas de Breogán (2 modelos). Polos (azul e negro).

■ A ampliación do Museo de Pontevedra non contempla a mellora dos espáncios dedicados a Castela

O conselleiro de Cultura, Xesús Pérez Varela e Manuel Abeledo, presidente da Deputación de Pontevedra firmaron un convenio de colaboración pola que ambas institucións se comprometen a efectuar obras de ampliación do Museo de Pontevedra por valor de 144 millóns de pesetas. O proxecto contempla a compra e restauración de dous edificios anexos nos que se instalarían preferentemente despachos do persoal á vez que se ampliará a biblioteca do centro.

O estado dos fondos bibliográficos do museo —en especial os libros e documentos doados por Bibiano Osorio Tafall— así como os espáncios dedicados aos investigadores está a ser cuestionado e criticado ao mesmo tempo que a situación dos fondos referentes a Castela, circunstancia que fora denunciada contundentemente polo BNG hai xa varios meses. Pese a todo a dirección do museo pontevedrés non contempla ningunha partida económica dentro das novas obras de ampliación para resolver o penoso estado dos fondos artísticos e documentais de Castela furtados, en boa parte, á exhibición pública. ♦

■ Gregos, lituanos e croatas no Folclórico de Coruxo

O Luns 3 de Agosto celébrase o Folclórico Internacional de Coruxo, en Vigo, que organiza o grupo etnográfico *Buxaina* e o centro recreativo, artístico e cultural deste barrio vigués no campo de fútbol do Vao a partir das nove e media da noite. De Lituania chega o grupo folclórico *Joré*, composto por trinta músicos de diferentes idades que se adican a cancións e bailes dos séculos XIX e XX; Brod chegan desde Croacia, onde desenvolven as súas actividades na vila de Slavonski Brod na que levan traballando como asociación desde hai cincuenta anos, e desde Grecia estará en Coruxo o grupo de baile *Menelais*, formado en 1992 e que se adica a recoller a tradición musical polas diferentes rexións gregas. *El Xareu*, pola súa parte, chegan de Xixón, cun repertorio de máis de cuarenta pezas musicais. Os organizadores do evento, o grupo etnográfico *A Buxaina* tamén participan no Folclórico afianzándose na súa tarefa de percorrer Galiza "aprendendo dos maiores". ♦

■ Os artesáns galegos amosan o seu traballo na Coruña

Mostrart 98 é xa unha cita anual que a Asociación Galega de Artesáns establece todos os veráns na Coruña e que cumpre catorce anos. A partir do primeiro de Agosto e no xardín de Méndez Núñez, cincuenta e oito expositores amosan o seu traballo procedentes na súa maioría do país aínda que compartindo recinto con algúns artesáns doutras comunidades autónomas e, por primeira vez, con persoas chegadas do Norde de Portugal. A organización, que agarda a preto de cen mil visitantes até o día 16 de Agosto que se pecha *Mostrart*, conta cun orzamento de sete millóns de pesetas. "Conectar co público é un dos motivos polos que os artesáns valoran especialmente a presenza neste tipo de feiras e aproveitar para dar a coñecer a cultura dos oficios a través de demostracións ou pequenos exercicios de introducción nas súas técnicas", sinalan. Precisamente coa fin de dar a coñecer como se traballa coas mans, todos os días haberá demostracións como a elaboración de pezas de Buño. Os obradoiros de textil ou acibecheira, ou o modelado de vidro. Cerámica, pintura, coiro, xoiería, encaixes, ebanistería, marroquinería ou esmalte son



algúns das variedades artesanais que se poden ver na Coruña.


Ao tempo, o establecemento *Ardentia*, que participa en *Mostrart*, convoca un concurso de ideas e deseño de xoias, que se pode presentar no posto desta firma até o 11 de Agosto,

dia no que haberá unha persoa especializada en orfebrería e deseño para asesorar a quen o desexe. O premio para o gañador é de 50.000 pesetas e tamén hai un accesit de 15.000 pesetas nun cheque-agasallo de *Ardentia*. O fallo do xuri farase público ao rematar a feira. ♦

■ Seis días de cine no Carballiño

A película *The boxer* de Jim Sheridan inaugura o 31 de Xullo as *Xornadas de Cine e Video de Galiza* (Xociviga) no Carballiño, que se desenvolven até o 6 de Agosto. Proxectaranse ademais *O gran Lebowski*, de Joel Coen, *Catro días de Setembro*, do brasileiro Bruno Barreto, *Medianoite no xardín do ben e do mal*, de Clint Eastwood, *Aflicción*, de Paul Schrader, *Lexítima defensa*, de Francis Ford Coppola, e *As ás de pomba*, de Ian Softley. Na sección de cine clube poderanse ver *Marius e Jeanette*, *O rostro*, *O faro do Sul*, *Tren de sombras*, *Funny Games* e *Sunday*. Tamén haberá fitas ao redor do rock como *O muro de Pink Floyd*, *Easy Rider* e

John Goodman en 'O gran Lebowski'.



Quadrophenia; as "duas de sempre" son *A dama de Shanghai* e *Foraxidos*, e, para os nenos, *Megasónicos*. Hai tamén tempo para ver cine en galego: *A noiva da medianoite*, Antonio Simón, e *Dame Algo*, de Hector Carré. Os traballos en video da Escola de Imaxe e son d acoruña tamén se van pasar polas Xociviga. ♦

■ Debate ao redor da "galegitude" na música

A pasada semana celebrouse na facultade de Xeografía e Historia o curso de verán *Galiza e América: música, cultura e sociedade arredor do 98*, organizado polo departamento de Historia da Arte baixo a dirección da profesora Pilar Alén Garabato. Durante as catro xornadas que durou o curso analizaronse as relacións entre as diversas facetas da vida cultural e musical de Galiza nas últimas décadas do século XIX.

Na mesa redonda que pechou o curso, *Un adiós a Mariquiña: a música da emigración*, debateuse sobre o concepto de galegitude que xurdiu nos centros e comunidades galegas de América e o xeito de reflectirse nas distintas artes. Tamén se suliñou a necesidade da colaboración entre os investigadores galegos e latinoamericanos para reconstruír unha historia común chea de fitos musicais e culturais. ♦




Iolanda Castaño.

■ Poesía no verán de Compostela

Durante o mes de Agosto, a asociación cultural *Amaia* ten previsto un calendario poético baixo o título "Poesía nova na vella Compostela". O Martes 4 de

Eduardo Estévez



Agosto abren o ciclo Maria Lado, Igor Lúgris e Kiko Neves no café Rúa Nova. O Martes 11, Irene Cacabelos, Alfredo Ferreiro e Tati Mancebo recitan ás dez da noite n pub Tarasca, e sete días despois é o turno para Enma Couceiro, Eduardo Estévez e Sechu Sende, desta vez no Rúa Nova. Para despedir o mes poético, o día 25 Iolanda Castaño, Pedro Casteleiro e Rafa Villar len os seus versos no Tarasca. ♦

■ VI Certame de novela curta Manuel Lueiro Rey

O concello de O Grove organiza o VI certame literario *Manuel Lueiro Rey* de novela curta en galego. Os participantes deberán presentar obras orixinais e inéditas dunha extensión máxima de 30 folios antes do 12 de outubro. Os concursantes enviarán as súas obras por quintuplicado, sen remite e baixo un lema, e deberán adxuntar noutro sobre os seus datos persoais ao concello de O Grove. ♦

■ Protesta dos amigos da gaita en Trives

Primeiro foi na Estrada; ali, coincidindo coa organización dun Torneo de Bandas de Gaitas por parte do concello, o colectivo *Amigos da Gaita Galega*, denunciaba a manipulación do folclore que por parte de grupos como o da Deputación de Ourense se está a levar a cabo. Agora, en Pobra de Trives e tamén de forma anónima "para evitarmos as máis que seguras represálias", distribúese o manifesto no que se denuncia que con cartos públicos se financian bandas con gaitas de tres roncós verticais, percusión e indumentaria foránea. A protesta coincide coa proximidade do Campionato de Bandas de Gaitas de Cabeza de Manzaneda. ♦

■ Apreséntase a Bienal de Arte de Pontevedra

Vinteun artistas participan coa súa obra na 25ª edición da Bienal de Pontevedra, que se inaugura o primeiro de Agosto baixo o título *Fisuras na percepción* no Pazo de Congresos e Exposicións. Dos vinteun artistas participantes na Bienal, cuxos comisarios son os críticos Alberto González Alegre e o portugués Miguel Von Hape Pérez, catro son galegos e nove portugueses. Poderase ver obra de Jorge Barbi, dos portugueses Augusto Alves da Silva, Alberto Carneiro e Alvaro Lapa, de Pamen Pereira ou Florentino Díaz, entre outros. O presidente da Deputación de Pontevedra, aproveitou para presentar outras exposicións como a que vai organizar ao redor de Villafñez, pintor morto en 1970 en Compostela. ♦

Leituras

Desde o Alén

Título: *Tánata/Cando eu caía.*
Autores: Antón Risco/Ramón Sampedro.
Editorial: Edicións Xerais.

Se algunha lección nos é impre-cindíbel, ésa é a de que un debe enfrontar sempre as cousas. O doce famiente é unha utopía na terra das mentiras. O engado da inercia só nos leva a crer que non existimos, pero cando chega a gaña que iguala reis e vasallos... moi distinto vemos todo! Antón Risco e Ramón Sampedro deixáronnos dous discursos onde ambos reflexionan sobre a importancia da morte. Un, Antón Risco, que sabía que ía morrer —segundo parece escribiu *Tánata* cando xa sabía o diagnóstico, así o di Xosé M^o Castro Erroteta no número 32 de Novidades Xerais— mentres o outro, Ramón Sampedro só deseaba que rematara o seu calvário. Tanto no caso de Ramón (é óbvio) como no de Antón, as súas obras (*Cando eu caía* e *Tánata*) veranse sempre vencelladas ao pasamento dos seus autores.

No caso de Ramón Sampedro, a actualidade mantívonos bastante ao corrente da evolución da sua loita contra a vida. Cando chega o momento no que un non lle atopa sentido ás cousas por máis que llelo procure, entón cabe preguntarse tamén polo mesmo significado da vida. A Ramón Sampedro chegoulle ese instante onde a vida non ten razón de ser se non remata, sinxelamente porque é máis desexábel estar morto que vivo. E a loita pola vida pasou a ser a loita pola morte. Pero, para que non só imaxinemos o seu val de lágrimas, deixounos un mangado de 54 poemas e outras tantas impactantes reflexións, duras, cruas, descarnadas e moi humanas. Non se lle poden andar esi-

xindo cotas estéticas, pero tampouco está exento. Se hai pouco comentabamos a propósito da necesidade de estudos sérios a cerca de acontecementos históricos próximos —como *O caso do metílico*—, hoxe sería imperdoábel que pasáramos por alto aqueles discursos de plena actualidade, de tema aínda candente. E non podemos fcelo en ningún caso porque esta práctica literaria achéganos a un leitorado pouco frecuente na nosa literatura e que cómpre mimar cada vez máis; á marxe de disquisicións estilísticas, toda literatura se nutre tamén da fidelidade do lector máis interesado na actualidade.

O poemario divídese en cinco bloques: "Cando eu caía", "Quero ir ó mar", "Emerxe o seu recordo", "Tratado da razón impura" e "Amada liberdade" ademais do prologo de Manuel Rivas. Tempo abondo para falar da razón e da senrazón, da liberdade e os ferrollos, da soidade, da tristeza, da xustiza, da relixión, dos paxaros, do mar, a enfermidade, a monotonía... coa crueza que só unha persoa condenada a ver a vida que non pode vivir é quen amosar con dereito: *Nacemos sós e non sabemos por qué nacemos, / vivimos sós e non sabemos por qué vivimos, / morremos sós e non sabemos por qué morremos / sufrimos sós e non sabemos por qué sufrimos.* Pero tampouco vaia pensar ninguén que é un simple propósito temático, entre algúns versos pouco pulidos e outros rípidos agroma a terríbel beleza do xuízo cabal, a dureza aplastante da ilóxica da vida e da lóxica da morte.



Antón Risco.

Polo que atinxe a *Tánata*, a novela póstuma de un dos mellores animadores da literatura galega dos últimos anos, Antón Risco, presenta tamén como tema central diferentes consideracións a cerca da morte en un interesante xogo estrutural. Distintas personaxes van convivir con unha morta, desecada. E ver cales son as suas reaccións resulta curioso, ninguén sospeita, só unha

Antón Risco, presenta tamén como tema central diferentes consideracións a cerca da morte en un interesante xogo estrutural

persoa e moi timidamente. Engádase a iso o feito de que a morta ten menos importancia viva que morta; como morta é un obxecto, como viva non chega a ser nen unha ausencia que mereza intervención policial. Evidentemente hai un ton paródico moi importante, a voda canina non precisa máis comentario. É de sinalar que esta é unha novela máis de personaxes que de narrador. Pero case non nos atrevemos a continuar falando por máis que a novela está édita, esta aí e como tal hai que xulgar; sen embargo non podemos deixar de preguntarnos se esta é a versión definitiva que Antón Risco lle daría, pregunta que deberemos reiterar segundo vaian aparecendo as demais obreas póstumas. Construída desde o fragmentarismo, hai bastantes treitos que semellan non ter redacción definitiva e que posibelmente só foran apontamentos que non tivo oportunidade ou vagar de perfeccionar, ampliar, redactar; mesmo o narrador se ve comprometido en algunha ocasión. E resulta francamente complexo achar paralelismos entre o protagonista e o autor; todo o máis que pode facerse é pensar que Antón Risco estúdia a relación entre morte e vida cando un sabe que é a morte e os outros non...

Eis poesía e prosa, a morte desexada que non chega e a que chegou cando ninguén o contaba. Morte desexo fronte a morte obxecto. ♦

XOSÉ M. EIRÉ

conta de libros

De fareiro a pirata

Despois de *Comendo espaguetis diante do televisor*, Jaureguizar publica unha nova novela na colección "Fóra de Xogo" de Xerais. *A rutina corsaria* narra a historia de Expósito Vindeira e a sua conversión no Capitán Thunderskin, cun aro na orella dereita, un veleiro e acompañado dunha tripulación de corsarios. Vindeiro traballou até a sua transformación como fareiro da illa Pancha pero, canso de facer sempre o mesmo, o seu soño é conseguir coñecer ao pirata máis temido, sir Francis Drake. ♦



Contos da tertulia doméstica

En *As veladas con Xoaquín*, a escritora Maruxa Olavide dá voz a un home para que relate contos populares, deses que se poden narrar con gusto nunha tertulia doméstica. Continuador do anterior *Os contos de Xoaquín*, este libro é un compendio de relatos populares que describen a outros tantos personaxes: Filomena do Rato, Manuel o Leiteiro, Dona Agapita, Ramón do Marulo ou a viuva do Narciso. Maruxa Olavide naceu na Coruña e lévase adicado á música, á pintura e á escrita. O libro está en Edicións do Castro. ♦



Descifrar os italianismos na música

A influencia da música e dos músicos italianos é tan importante que, cando nos adentramos no pentagrama, topamos con moitos termos produto desta pegada. O *Diccionario de Italianismos Musicais*, que ven de elaborar o portugués José Bento da Silva e edita APPACDM de Braga, recolle estas palabras e se encarga de investigar a sua procedencia e significado. Soprano, Piano, Presto, Fiasco, Dueto, Contra baixo, Baqueta... son os empréstimos do italiano, froito, en boa parte, do seu brillante papel cultural en anteriores séculos e, especialmente, durante o Renacemento. ♦




Literatura para a consciencia

Escritores contra el racismo é un libro promovido por S.O.S Racismo e editado por Talasa. Reune relatos de diferentes escritores co signo comun de loitar contra a intolerancia e contra as leis de extranxeira. Atópanse na suas páxinas Lolo Rico, Irene Gracia, Martín Casariego, Marta Sanz, Jesus Ferrero e Ana Santos, entre outros. ♦



CRÓNICA




ANTOLÍN FARALDO
 Francisco Fernández del Riego


Biografía humana e política dun loitador pola resuperación da personalidade histórica de Galicia

Francisco Fernández del Riego, presidente da Real Academia Galega, retrata a figura de Antolín Faraldo, home progresista e liberal, secretario da Xunta Suprema de Galicia durante a sublevación de abril de 1846 e un dos artífices da "gran idea" do provincialismo: a reconstrucción da patria galega.

NA MESMA COLECCIÓN



DOSINDA ARESES
 PROSAS COMPLETAS



TERRITORIO OCUPADO
 Fran Alonso
 Fotografías: Manuel G. Vicente



Leituras

O último libro,
por agora, de
Bernard Henri-
Lévy á española

Título: *El escritor de diarios.*
Autor: Andrés Trapiello.
Editorial: Península, Barcelona, 1988.

Ensaísta, poeta, novelista, Andrés Trapiello pasa por ser un dos escritores casteláns que le en galego e mesmo en catalán (quer dicir, le a Cunqueiro e a Pla, xa que logo, é especialista neles). Asina artigos en diversos diarios e revistas e, mesmo recoñecendo que a duras penas é capaz de saír da casa, escribe habitualmente en revistas de viaxes —o xénero gastronómico, aínda non o tocou—. Desde hai uns anos, desque gañou o premio *Espejo de España* ou algo así, da editorial Planeta, cunha cousa sobre os intelectuais e a guerra civil, onde o señor Trapiello colocaba a todos no seu lugar, quer dicir, no seu propio (o de Trapiello), non pára. Cando se publicou este libro, do que non quero nen o nome lembrar, o señor Trapiello, cada día máis reaccionario, colocouse nunha posición que xa coñecemos todos e que no Estado Español se disputaban entre varios: a de Bernard Henri-Lévy: pouca imaxinación intelectual e muita propaganda mediática. Mais o que o fai máis coñecido nos ámbitos literarios é o seu diario, *Salón de pasos perdidos*, do que leva publicados uns cantos volumes que sumados superan as mil páxinas (e por agora o señor Trapiello só ten 45 anos: tremade, malditos, tremade!). Era cáseque natural que continuase a súa carreira cun ensaio sobre o xénero, sobre o "diario"...

Nos primeiros capítulos do volume que nos trae hoxe, *El escritor de diarios*, Trapiello fai unha aproximación ás relacións entre vida e literatura e á escasa posibilidade de intimidade escrita (evidentemente, parece non coñecer o diario de Samuel Pepys, ou só o coñece de ouvídas). Deste apartado podemos tirar a conclusión de que os escritores insignificantes —libres— escriben mellores diarios que os consagrados —pendentes dos lectores—, feito que explicaría que o diario de Thomas Mann sexa máis esquecible que o do cardenal de Retz. (En derradeira instancia, o autor está a defender os seus diarios?). Polo que respecta aos graus de intimidade, cómpre lembrar a complicada estratexia de Tolstoi: durante toda a súa longa vida, o autor de *Guerra e Paz* levou tres diarios á vez: un que sabía sería fiscalizado pola súa dona; outro que facía pasar por diario íntimo e que agachaba de maneira que a súa dona o encontrase; e un terceiro, o íntimo, do que non se separaba nunca, mais ao que a súa filla tiña acceso.

Unha das teses capitais de Trapiello é que a publicación de diarios é un sintoma de modernidade, xa que se inicia coa crise da ficción. Se a tese é certa, Trapiello non se

conforma con hipóteses, temos considerar que a modernidade do Xapón se inicia na época de Heian (dos séculos IX ao XII, da que se conservan sete diarios, entre eles o da escritora Murasaki Shikibu, considerada un dos grandes nomes da literatura xaponesa de todos os tempos —segundo Donald Keene—). Ou quizá debemos considerar que o que non é eurocéntrico non pode ser moderno. Iso non nolo di o señor Trapiello.

O capítulo máis proveitoso da primeira parte do libro é o resumo de cen anos de diarios "españóis". O adxectivo vai entre aspas porque Trapiello inclúe *El Quaedem Gris* de Pla. Inclúeo por dúas razóns, explica. Primeira, porque Pla sempre pensou que Cataluña formaba parte de España (pola mesma razón, Álvaro Mutis pode ser considerado o gran escritor monárquico español actual, Borges e/ou Pessoa números uns das letras británicas, e unha mancha de escritores galegos desde o XIX deberían formar parte da literatura portuguesa. Por outra parte, xa sabemos que Rosalía é parte da literatura española, etc.). Segunda, porque o proxecto literario do catalán non se entende sen Azorin e Baroja (pode ser, pero tampouco se entende sen Leautaud, Monzaigne ou Stendhal e non por iso se inclúe a Pla dentro da literatura francesa), e por ese sistema quizá se debería refacer toda a historia de todas as literaturas e colocar —alegremente— a Carpentier na francesa, Juan Benet na nortea-

Como pode unha persoa que descalifica os diarios de Gide, Larrea, Churchill, Jünger e Mann escribir volumes e volumes de diarios onde "no me pasa nada casi nunca"?



CAL

mericana o mesmo que Juan Rulfo, etcétera. A operación de Trapiello é clara: as literaturas minorizadas non existen, ben que non o diga de maneira clara, trátase simplemente de practicar o ninguneo sen necesidade de atacar de fronte.

A medida que avanzaba na lectura deste libro, fame invadindo unha sensación de malestar que non sabía explicar. O exercicio da crítica literaria, que teño esquecido moito ultimamente ás veces serve

para sabermos porque non nos gustan algúns libros. *El escritor de diarios* é un deses volumes que serven para explicar a frase segundo a que val tanto a gornición como a carne: os apéndice ocupan o mesmo espazo que o libro en si. Despois de tentar demostrar a modernidade dos diarios, a insignificancia social dos mellores escritores de diarios e as características para que un diario sexa literatura, Trapiello enfróntanos cos prólogos e lapelas que escribun para os seus diarios, e unha

conta de discos

Oito prantos
para un cego

Título: *El llanto de un ciego.*
Autor: *El llanto de un ciego.*
Edita: Fusion.

Quen pon á voz e á guitarra a este disco? Faise chamar *El llanto del ciego* e trátase dun cantautor galego á vella usanza, cunha voz que destaca no disco. Realmente o contido do seu traballo é un pranto, unha despedida alongada da muller que quere e á que rememora unha e outra vez. Gravado nos estudos Fusion de Vigo e mesturado por Xavier Abreu, o disco recolle unha música intimista que aca-




últimos temas. *Reina de corazones*, *El amor como viene se va*, *A Flor de piel* ou *Ya no estás* son algunhas das cancións, todas elas compostas por *El llanto de un ciego*. Acompañano Richard Rei á batería, Manolo Ruiz ao baixo e voz, Roberto Miguéns ao saxo, Carlos Rodríguez ás teclas e Leandro Deltell máis Xavier Abreu á percusión. Ademais, poñen voces Cari, Carmela, Amparo e Paz Bodoque. ♦

O tecno
de Alaska

Título: *Interferencias.*
Autor: Fangoria.
Edita: Subterfuge.

Desde hai oito anos, Olvido Gara (Alaska) ten un grupo con Nacho Canut que chaman Fangoria e que se adica a facer tecno. *Interferencias* é o título do seu último traballo, que presentan o 30 de Xullo no



escolma de pasaxes dos seus diarios nos que se refere ao xénero "diarístico" (entre elas unha pasaxe recorrente en que Trapiello considera que nos diarios non se debe falar dos diarios).

O que máis me desagradou do libro non é, porén, esa sensación de vergoña que produce sempre o antólogo que se escolma a si propio, senón a contradición entre a humildade formal con que escribe Trapiello (descúlpase cando cita a Nietzsche ou Goethe para non parecer pedante ou intelectual) e a arrogancia de fondo —muitas veces en forma de sarcasmo—: como pode unha persoa que descalifica os diarios de Gide, Larrea, Churchill, Jünger e Mann escribir volumes e volumes de diarios onde "no me pasa nada casi nunca"? Só me vén unha resposta: porque confía en salvarse polo estilo e polas ideas. Nen un nen outras pareceríame particularmente memorábeis.

Sabemos que unha novela non se pode valorar a partir de criterios morais. Mais, en un diario? O tema de moda nos cenáculos literarios barceloneses —non sei se tamén nos madrileños— é a ira que despertaron en Trapiello as veledades pederastas de Gil de Biedma, narradas por el mesmo nun diario póstumo. Á imoralidade da prostitución infantil, Trapiello engade un agravante: Gil de Biedma era comunista. Máis adiante, o autor de *El escritor de diarios* ten o siso de recoñecer que a antipatía que sinte polo "grupo ese de Barcelona" pode vir do seu complexo de Pijoaparte (o inmigrado pobre protagonista de *Últimas tardes con Teresa*, de Juan Marsé). E engade: "Yo oigo Cadaqués y digo, lagarto, lagarto". Por se a calificación moral non fose convincente, Trapiello ofrece unha selección de erros gramaticais que detectou no diario de Gil de Biedma (sen ter nunca en conta que escribe no castelán pobre de Barcelona). De todo, o lector tira unha sensación de torpe, irrisoria e covarde vinganza.

Finalmente, haberá que referirse á cuestión da coherencia. A partir da frase en que Gil de Biedma recomenda que un poema, de amor teña a mesma coherencia que unha carta comercial, Trapiello espriáase: "Coherencia fue una palabra que pusieron de moda los comunistas en los años cincuenta y sesenta". Á marxe que a combinación de moda e comunistas sexa o *nien va plus* de descalificación no sistema intelectual de Trapiello, conviria lembrar que a coherencia é a pedra angular da estrutura textual desde a *Poética* de Aristóteles. Se a coherencia só é unha moda comunista, esquecemos procurar contradicións entre o ensaio de Trapiello e os seus diarios. Tan só queda o consolo de dicirle ao lector que, ao tratarse dun texto establecido á marxe dos "convencionalismos narrativos", Trapiello dixit, pode perder o punto ou saltarse vinte ou trinta páxinas —e mesmo non ler o libro— sen que teña a sensación de que se perdeu algo, a non ser os cartos que investiu no volume, como lle aconteceu ao propietario das siglas. ♦

Pardiñas e Ares, porta aberta á apretada xeira de festivais folc de Agosto

Seguiranlles en Ourense o *Santo Estevo* e no Morrazo o *Intercéltico*

♦♦ P.B.

Quéntase o verán e con el a apretada axenda de festivais folc que diferentes vilas teñen programados para o mes de Agosto. Despois do prólogo de Liméns en Xuño e de Ortigueira en Xullo, música, cursiños e mostras comezan a fundirse os días 31 e 1 no *Mar de Música* de Ares e o 1 e 2 de Agosto na XIX edición da *Feira e Festa da Música e da Arte* de Pardiñas, no concello lucense de Gutiriz.

Organizada pola asociación cultural *Xermolos*, a *Feira e Festa da Música e da Arte* supera xa a maioría de idade e consolídase como o festival con máis edicións celebradas de forma ininterrompida mália a falta de apoio institucional e a gratuidade de todas as actividades programadas ao pé do balneario de Pardiñas. Desde o Venres mozos e mozas adoitan sementar de tendas de acampada a parroquia.

Na tarde do Sábado 1 inaugúrase a mostra de artesáns de instrumentos de música tradicional que leva cinco anos celebrándose e a exposición de pintura, escultura e fotografía. Logo virá o festival de grupos tradicionais e a carreira popular desde Gutiriz. Pola noite actuarán o grupo local *Xermolos*, *Os Fendetestas* de Lugo, *Xistra de Coruxo* e os portugueses *Quadrilha*, que fusionan formas de tradición portuguesa e certo son celta.

O Domingo, mostra de artesanía, e despois das tradicionais merendas -orixe do festival- a leitura do pregón a cargo de Manuel Anxo Freire. Seguiranlle as actuacións da banda de gaitas tradicional *Airiños de Fene* e da cantautora de Ferrol Paloma Suances. Máis tarde chegarán *Os Carunchos*, coa súa visión lúdica da música tradicional e os galego-navarros *Britonia* presentando o seu primeiro disco. Despedirán a festa *Solas*, un quinteto formado en Nova Lorque por descendentes de irlandeses.

Un Mar de Música, en Ares

O mesmo fin de semana que se celebra Pardiñas, en Ares, a Comisión de Festas do Mar e o Concello apostan na terceira edición de *Un Mar de Música* pola organización dos concertos en dous días. Serán o 31 de Xullo e 1 de Agosto ao prezo de 1500. Nunha carpa a partir das dez da noite o primeiro día, actuarán os grupos locais *Arela*, as pandereiteiras *A Nosa Ria*, *Roncarella* e *Os Cempés*, que con dous traballos editados é un dos grupos revelación dos últimos tempos no país.

O prato forte servírase o Sábado coa actuación de *Berrogüeto* e João Afonso, sobriño e continuador musical do Zeca Afonso. Nesta cita presentará o seu primeiro traballo en solitario *Missanga*. Súmanse exposicións e venda de discos e artesanía e, na mañancinha do Sábado, unha xornada adicada aos máis pequenos cun taller de circo con malabares.

Logo o *San Estevo* e despois o *Intercéltico do Morrazo*

Despois de cinco días de descanso, máis oferta. O 8 e 9 de Agosto, no concello de Nogueira de Ramuín, chega a quinta edición do festival de música folc que se celebra ás beiras do Sil no marco do mosteiro de Santo Estevo. O primeiro día actuarán os lugueses *Fia na Roca*, os mallorquins *Ximbomba Atómica* e *Alan Kelly*, de Irlanda. O Domingo 9 estarán os ourensáns *Arco da Vella*, os suecos *Vassén* e o grupo máis agardado do festival, os bascos *Oskorri*. Como actividades paralelas a *Aula Gomes Moura* organiza cursiños de canto e pandeireta, de gaita e de música patrimonial. Para asistir é preciso inscribirse antes do 5 de Agosto. O Venres 7 celébrase, por vez primeira, un concurso de música folc para grupos noveis, cuxos gañadores terán a posibilidade de gravar un disco.

Co gallo da celebración do Día das Letras Galegas deste ano adicado á lírica medieval galego-portuguesa e

aos trobadores Meendinho, Martín Códax e Xoán de Cangas, o Festival *Intercéltico do Morrazo* adica o seu primeiro día, Xoves 13 de Agosto, á rememoración destas cantigas. Participarán o grupo *Martin Códax*, cunha aproximación ás estéticas musicais do medio en Galiza, Emílio Cao e Amancio Prada. O Venres 14 o festival ábrese ás músicas tradicionais coas actuacións de *Fillas do Sol*, de Bioko, Guinea Ecuatorial, e *Mestisay* das Illas Canarias. Na liña celta que máis se traballou nas 13 edicións anteriores, estarán *Os Cempés*, *Felpeyu*, que representan a música tradicional de Asturias e os escoceses *Woolfstone*. Remata o programa o Domingo 16 coa actuación do grupo que máis veces participou desta convocatoria, *Milladoiro*.

O festival localízase en <http://www.interceltico.com>. A zona de acampada será a carón do recinto e cunha pequena praia. Os prezos das entradas son de 500 pesetas para os mozos de 14 a 18 anos cada día ou para todos os días 1.500. Para os adultos 1.200 cada xornada -anticipada 1.000- ou o bono de 3.500.♦




João Afonso presenta en Ares e Santiago o seu primeiro disco en solitario *Missanga*.

Actuará no festival *Un Mar de Música* de Ares o Sábado 1 de Agosto e en Santiago o Venres 31. João Afonso, que foi producido neste primeiro traballo en solitario por Julio Pereira, cultiva desde moi novo o gosto por cantar, tomando influencias da música urbana africana e da música popular portuguesa que lle chega através do seu tío, Zeca Afonso. Con el estarán José Carrapa, guitarra, Joao Fraz, guitarra, Joao Parreira, teclados, Fátima e António Afonso acompañando coa voz.

infantil

Kelís de Toro e Antonio García Teijeiro: a mellor literatura para os lectores máis importantes.



gotelo blanco

Demetrio Bilbatua, realizador de cine en México

“Gostariame filmar en Vigo, onde nacín e onde mataron ao meu pai”

♦ ARANTXA ESTÉVEZ

VEN PASAR O VERAN NA GALIZA, ONDE NACEU, DESDE HAI VINTE ANOS. CHEGOU A MÉXICO TRAS A GUERRA DO 36, CONVERTÉNDOSE COS ANOS NUN DESTACADO REALIZADOR E PRODUTOR DE CINE. DEMETRIO BILBATUA É FILLO DUN FO-

TOGRAFO E FUNDADOR DA UGT DE VIGO, QUE FOI FUSILADO NO 36 POLO QUE A SUA FAMILIA TIVO QUE REFUXIARSE A PARTIR DE 1945 EN MÉXICO. DESCOÑECIDO NA GALIZA, ESTE REALIZADOR MEXICANO RECEBEU PREMIOS EN TODO O

MUNDO E INCLUSO UN DOS SEUS DOCUMENTAIS ESTIVO NOMINADO AO OSCAR. DO CINE GALEGO, SO COÑECE A CHANO PIÑEIRO, A QUEN TRATOU. “NON NEGO QUE FILMAR GALIZA SERIA UN BON XEITO DE CULMINAR A MIÑA CARREIRA”, DI.

Cales son as circunstancias que levan á súa familia a México en 1945?

Marchamos para México nos anos da posguerra. Foi un sufrimento moi grande para a miña familia porque meu pai, Demetrio Bilbatua, foi fusilado no 36 en Vigo. Tamén os seus dous irmáns. A traxedia enloitou nos e a situación económica non era boa. A miña tia, Margarita Bilbatua, puido fuxir a Franza coa miña avoa e chamounos desde ali á miña nai, aos meus dous irmáns e a min para irnos a América. O meu pai era fotógrafo e o meu tío Antonio era deputado. Son de orixe basco pero se adaptaron moi ben ao país galego e a Vigo.

Que recordos ten dos seus primeiros nove anos?


Estaba entre Vigo e A Coruña, onde estudaba interno. Cada vez que veño a Galiza a pasar o verán, revivo a infancia e veñen á miña cabeza máis recordos tristes. Mataron a meu pai, ao que non puiden coñecer. É difícil facerse idea dese sufrimento. O feito de que morrera polas súas ideas políticas era algo que a miña nai non a avergoñaba, senón todo o contrario, enchíaa de orgullo. Inculcábanos ese sentimento e, sen embargo, na escola a crueldade dos nenos facía que me chamasen “fillo de roxo”. Chegaba a casa confuso e trataba que a miña nai aclarase a miña cabeza.

Como foi o exilio, a adaptación a México?

Foi difícil, sobre todo para a miña nai e para o meu irmán, que xa tiña dezoito anos e a súa vida emprendida na Galiza. Eu tiña nove anos e fun á escola; o meu irmán tivo que poñerse a traballar aproveitando os seus coñecementos de fotografía. A desgracia estaba presente e a familia fixo o propósito de non retornar até que Franco morrese. Era unha prohibición por decisión propia. Desgraciadamente durou moitos anos. O meu irmán Ánxel tiña un desexo moi intenso de recuperar as súas raíces e volta á Galiza cando morre Franco.

Por que se fai realizador?

Cando acabei no coléxio, fixen un curso por correspondencia de cine de Hollywood. Eran os anos cuarenta. Nos cincuenta comezo a traballar para *Telesistema Mexicano*, unha empresa de Emilio Azcárraga, embaixador do que hoxe é *Televisa*. Comezo cunha cámara de 16 mm, sempre da man do meu irmán maior. A min gústábame o cine como linguaxe narrativa máis que como plasticidade, que



era a procura de Gabriel Figueroa no México destes anos. Eu traballaba para el, aprendín con el pero buscaba outro ritmo para as miñas imaxes. Gravaba imaxes moi belas das tradicións mexicanas pero non quería recriarme nelas. Quería que o ollo percibise a beleza, pero non máis de dez segundos. Esa era a base do meu estilo para os documentais, conxugar dunha maneira determinada tempo e espazo. Había quen dicía “pero esta imaxe é belísima, como a deixas só un segundo en pantalla?” Precisamente eu buscaba ese efecto. Aprendía de Eisenstein, do neorealismo italiano, do cine ruso... Esa busca dunha gramática da imaxe diferenciou os meus documentais dentro de México.

Descubrir México

Foi a televisión un soporte importante para o seu traballo?

Comecei nos informativos da televisión, foi o meu primeiro paso. Era unha escravitude, todos os días tiña que incluír no noticiario unha gravación, normalmente cultural. Xurdíume a posibilidade de asociarme no primeiro noticiario que se proxectaba nos cines mexicanos. Equivalería na forma ao NODO español, pero sen propaganda do fascismo. Gravaba rincóns de México que non eran coñecidos e tamén facía propaganda das obras de infraestrutura que se desenvolvían naqueles anos. Tampouco vou dicir que fun

un crítico severo do Goberno, puxen o cine ao servizo dun país. A min gústábame o cine que se facía en Europa. Apliquei os coñecementos a descubrir México sendo o primeiro en chegar a moitos rincóns e a gravar certas tradicións. Chegaba a unha rexión e tiña que pasar un mes para gañar a confianza da xente, o cal me axudaba moito no resultado final do documental. Quen ía a rodar en poucos días, non conseguía filmar nada. Filmei maravillas pero tamén miseria xa que México foi en debalo económico nas últimas décadas. Nunca fixen ficción. Non me motiva tendo en conta a riqueza testemuñal de México. Estou moi ocupado facendo documentais, xa levo máis de oitocentos.

Cando se converte no seu propio produtor?

Teño unha produtora desde hai vinte anos, cando me asocié con Agustín Barrios Gómez, un prestixioso xornalista mexicano. Era realizador e sócio. Cando a Barrios Gómez o nomearon embaixador en Canadá, quedei coa compañía eu só. Agora estou empezando a facer o cine que quero porque, até este momento, sempre dependín moito do patrocinio, sexa público ou privado. As grandes empresas mexicanas investiron cartos no cine documental. Eu abarqué sempre moito traballo porque había poucos documentalistas. Veño de estar en Chiapas onde emprendín un proxecto sobre tradicións mexicanas.

Outro exiliado galego en México, Carlos Velo, fixo cine. Coñeceuno?

(Ri) Era un personaxe moi especial, moi culto. El traballaba para a compañía da competencia. Coñecíamolos, saudámonos pero non tiñamos unha amizade. Había un certo reto entre nós. Como director, tiña moito talento. *Torero* ou *Pedro Páramo* son dous exemplos.

Cal é o panorama do cine actual en México?

Pésimo. A mellor época foi a de Figueroa, Índio Fernández etc. A actividade cinematográfica está relegada pola influencia doutras cinematografías poderosas. É moi difícil para o terceiro mundo ter un cinema propio. Arau ou Ripsstein teñen talento, historias que contar, pero o cine é un arte que depende do diñeiro. Pódense facer películas con poucos recursos pero os medios tecnolóxicos son fundamentais nun tempo no que, ademais, ofrecen posibilidades ilimitadas cara un arte novo.

Rodou por todo o mundo. Falta a película de Galiza.

Orguloso de ter nacido na Galiza, non deixo de ser mexicano. Estou arraigado desde neno en México e até tiveren prexuízos contra todo o que tivera ver con España porque aquí mataran a meu pai. Non vivo coa anguria de rodar na Galiza ou de que me chamen das institucións para recoñecerme, pero non nego que me gustaría traballar aquí. Sería unha forma de culminar unha carreira e un sentido vital. Por exemplo, vexo Vigo e penso que sería estupendo filmar a cidade. Pero asumo xa vir como un turista anónimo desde hai vinte anos. Nunca tiveren contactos oficiais na Galiza. Agora marcho para a Expo de Lisboa coa miña equipa para filmar o pavillon mexicano. ♦

OPINIÓN

DA FIN DA HISTORIA Ó PENSAMENTO ÚNICO

Un 9 de novembro de 1989, que semella xa confusamente lonxano na memoria, definitivamente adubiado cos enfeites dos eventos indiscutiblemente históricos, caía o muro de Berlín, símbolo da guerra fría, polo tanto do confrontamento irreconciliable entre dúas maneiras de entender a organización social e a vida política: no oeste, a primacía da economía de mercado capitalista e a democracia liberal; no este, a economía centralizada comunista e a "dictadura proletaria".

Aínda o último turista non levara o derradeiro tixolo do muro para a súa casa, nin os mercaderes a penas comezaran a fabricar novos tixolos "auténticos" para relouco de turistas rezagados, cando xa os ideólogos aventuraban os seus diagnósticos, non só sobre as causas de aquilo que ninguén acertara a predicir, senón sobre as súas consecuencias. En particular, sobre as consecuencias no eido do confrontamento político internacional. Pero tamén en relación co debate político en xeral, é dicir, sobre as modificacións que aquel evento supostamente obrigaba a facer no relativo a que opcións políticas deberían ser consideradas mellores e cales peores.

Un artigo dun escuro analista político estadounidense, Francis Fukuyama, titulado "A fin da historia", e publicado precursoramente no mesmo verán de 1989, acadou inusitada resonancia. Non é que Fukuyama fora o único en predicir a caída do muro, e a posterior autodisolución dos réximes comunistas do Este, porque de feito, en senso estrito, non fai tal predición. Nin sequera cabe dicir que a súa tese fose particularmente innovadora. Moito antes da "perestroika", polo menos desde o "desxe-lo" kruschoviano, xa outros analistas ou comentaristas políticos tiñan especulado sobre a fin, de facto, do confrontamento capitalismo-comunismo, sobre a base de que as opcións políticas dos dous supostos inimigos irreconciliables cada vez tendían a se facer máis indiferenciados. E aínda máis: que ese achegamento reflectía a morte da política entendida como combate entre ideas, porque as decisións cada vez se reducían máis a opcións técnicas.

A novidade do artigo de Fukuyama residía na presentación desta vella tese en forma de triunfo case hegeliano do modelo político occidental. Estabamos asistindo, proclamaba, "ó final da historia como tal: isto é, ó punto final da evolución ideolóxi-

MIGUEL VAZQUEZ
FREIRE

A caída do muro trouxo, como efecto ideolóxico máis inmediato, unha reafirmación e un reforzamento dogmático do pensamento político de dereitas"

ca do xénero humano e a universalización da democracia liberal occidental como forma de goberno definitiva." A caída do muro foi vista por moitos como confirmación, simultaneamente fáctica e simbólica, da verdade deste aserto. No futuro, o debate e confronto entre ideas deixaría paso á competencia exclusivamente técnica entre opcións económicas.

Pero, atención, cando se fala de opcións económicas aquí en absoluto debe pensarse en modelos diverxentes de organización da propiedade e a produción, ou de redistribución dos recursos. Quedaba claro que o triunfo definitivo do modelo occidental implicaba tamén a xeralización universal do sistema económico de libre mercado. E se o artigo de Fukuyama non pareceu a algúns suficientemente preciso neste eido, o balbordo dos "Chicago's boys" e dos seus turiferarios (os Revel, Schwartz, Vargas Llosa, no noso ámbito próximo) encargáronse de explicitalo posteriormente en modo que non deixara dúbidas: o fracaso do sistema comunista constituía a proba empírica do fracaso de toda política económica fundada na intervención dos poderes estatais na vida económica. Pero tamén -nunha piraeta lóxica que o seu mestre filosófico, Karl R. Popper, dificilmente podería admitir- foi aducida como proba do éxito indiscutible do modelo económico liberal capitalista na súa formulación máis clásica, é dicir, na que, inspirada nos pais fundadores Adam Smith e John Ricardo, proseguían Friedman e Hayek, entre outros (a Escola de Chicago ou neoliberalista).

Estamos, pois, diante do que se deu en chama-lo triunfo do pensamento único. A un tiro de pedra dos dez anos da caída do muro, nin a catastrófica situación da antiga Unión Soviética, sometida a un brutal experimento social de aplicación máis ou menos pura do modelo liberal, nin os desequilibrios entre países e rexións provocados pola globalización, nin as agudas desigualdades sociais ou a endémica persistencia do paro nos países máis desenvolvidos, teñen debilitado practicamente en nada a confianza dogmática de amplos sectores intelectuais no novo credo. É máis, con didáctica contumacia, desde os seus numerosos púlpitos estes predicadores da verdade "demostran" que todos estes desaxustes do sistema serían produto, non da aplicación do modelo liberal, senón precisamente das "impurezas" nesa aplicación, cando

non directamente da persistencia de ideas "socializantes" nas políticas económicas.

Compórtanse, por certo, estes profetas do pensamento único, de xeito semellante a como se tiñan comportado moitos dos seus inimigos ideolóxicos da esquerda cando, constatado xa nos anos sesenta-setenta de xeito innegable o fracaso do modelo comunista, tanto no plano político como económico, atribuían tódolas eivas á presión do capitalismo e das potencias occidentais, ou a "erros" ou defectos na posta en práctica do modelo. Calquera cousa antes de aceptar que o erro ou o defecto podía estar no modelo mesmo.

A caída do muro, pois, trouxo, como efecto ideolóxico máis inmediato, unha reafirmación e un reforzamento dogmático do pensamento político de dereitas. Que este reforzamento se presentara como a morte definitiva da escisión entre "dereitas" e "esquerdas", e que mesmo indiscutiblemente esas identidades -e mesmo moi especialmente a autoidentificación da esquerda como esquerda- sufriran crises importantes nos seus sinais diferenciadores, non obsta para que eu insista en alumar de dereitas a este pensamento. Xustamente, que cousa cómpre entender por "esquerda" e "dereita" hoxe, será un dos grandes temas que a caída do muro provocará. E será un dos temas que percorrerá recorrentemente máis dunha destas crónicas.


Crónicas tempestivas porque se pretenden crónicas estritas deste tempo. Crónicas, pois, que desde o inicio confesan a súa ausencia de cobiza respecto a calquera vontade de persistencia no tempo. A intención será, pois, exclusivamente a de facer un seguimento de algunhas das ideas -xeralmente analizadas a partir dunha obra e un autor concretos- que nestes últimos anos intentaron, ou ben proporcionar un marco conceptual para a interpretación da nova situación creada tralo derrumbe dos réximes do chamado "socialismo real", ou propór novos modelos para a organización social do futuro, ou -as máis das veces- as dúas cousas.

En canto ó autor, quedaría ben satisfeito se a contribución destas crónicas fose alimentar dúbidas das que poidan nacer novas ideas sobre as que construír unha sociedade máis xusta, libre e igualitaria. E que o esquecemento borre mañá da memoria estes torpes balbuceos. ♦

John Mayall leva a Vigo o mellor blues branco

♦♦ H.V.

John Mayall, un dos mellores intérpretes brancos de blues, ofrece un concerto en Vigo o luns 27 de Xullo diante dunha sa ategada dun público entregado ao



Arredor das dez da noite a billeiteira do cinema Fraga colgou o cartel de non hai entradas. Dentro, con puntualidade, soaban os primeiros compases dunha actuación na que Mayall e a formación actual dos Bluesbreakers voltaban á Galiza despois cinco anos e tras actuar nos festivais de blues de Getxo e Donostia.

John Mayall ofreceu un concerto no que, por veces, compartiu o peso co guitarrista actual dos Bluesbreakers Buddy Whittington, aínda que noutras enfrontouse en solitario a un público que vibraba máis que o son nalgun-

has partes do auditorio perdíase por falta de potencia. Aínda así, a comunión entre músicos e espectadores foi completa. Dos teclados e da harmónica de Mayall manaron, unha tras outra, melodías populares intercaladas con cancións máis recentes, aínda que foron as pezas de toda a vida as que máis agradeceu o público, no que abundaban admiradores que xa dobraron os cuarenta.

As principais características do concerto de John Mayall foron a calidez e a dignidade. Péis a que

o intérprete leva máis de trinta anos encol dos cenários, non recorre a artimañas para eludir cumprir co público. Só lle faltou, quizais, ser máis espléndido no momento de interpretar os bises.

Por último, cabe dicir que o lugar do concerto non era o máis idóneo, aínda que se cadra si o único posíbel nunha cidade, como Vigo, na que é patente a carencia de infraestruturas para al-

bergar actos deste tipo e onde os acontecementos culturais ben son vampirizados polas institucións públicas ou semi públicas ou ben son solapados por escapar ao control político. ♦

máis

PARA SOÑAR NA NOSA LINGUA

OS CONTOS DO TRESNO COMODÍN

Hai moitos, moitos, anos existiu unha princesa máis bonita cás flores na primavera.

Vivía preto da lúa, na montaña máis alta e afastada, nun castelo de pedra e palabras.



A Nosa Terra publica contos de tradición oral, recollidos por etnógrafos

Algunhas das historias apenas divulgadas son similares a mitos coñecidos da tradición europea

♦♦ PAULA BERGANTIÑOS

"Houbo unha vez, hai moitos anos, un pai e unha nai que tiñan unha filla chamada Sabeliña. Sabeliña a pesar de ser miuda era espilida e traballadora". Así comeza *Sabeliña e o Xigante*, un conto popular adaptado polo *Colectivo Crisol* que xunto co *Casamento da pulga e o piollo* inauguran a colección de *Contos Populares* editada por A Nosa Terra. Textos conservados na tradición oral e recollidos por etnógrafos descubren un mundo cheo de historias das que, tamén, como acontece noutras culturas, son protagonistas os encantos e a fantasía.

"Son historias recollidas nos anos cincuenta por etnógrafos que foron publicadas no seu tempo, pero que nunca se reeditaron e agora só poden atoparse nalgunhas bibliotecas", explica Remedios Padin, do *Colectivo Crisol*, formado por un grupo de mestres que á iniciativa da equipa de normalización lingüística do coléxio público Santo Tomé empezaron a traballar hai dous anos na recuperación de contos populares.

Remedios Padin, Tina Parada, Elvira García, Carlos Alfonso e Carmen Aguin beben do traballo de recollida que fixeron estes investigadores e sinalan que hai ali material "interesante". "Descobrimos que o fondo de contos populares que temos no país é moi rico, igual que o de calquer outra parte de Europa", sinala Padin. Os contos sempre están en galego, pero necesitan dun traballo de adaptación. "Os investigadores recollían da tradición oral que conservaban as persoas maiores -engade Carmen Aguin- Nos adaptámoslos para que os lean os nenos. Tentamos que sexan textos agradábeis que axuden aos rapaces a coñecer a nosa riqueza cultural".

O *Colectivo Crisol* tamén dá conta da fidelidade coa que no seu momento se tomou nota da tradición oral. "Nos contos aparece o informante e as súas características, dados como cantos anos tiña e en



O Colectivo Crisol adapta os contos populares recollidos por etnógrafos nos anos cincuenta.

que parroquia vivía. Alguns recollen moitas señas dialectais e están redactados tal e como o informante os narra. Partindo dese material tentamos presentar os contos cun formato, unha narración e unha lingua adaptada aos rapaces", sinala Padin.

Para traballar comezan por poñerse dacordo sobre cales son as historias que máis lles gustaron e logo cada un fai unha adaptación "respeitando escrupulosamente o seu ritmo e estrutura". Existen casos nos que os contos están sen rematar e daquela inventan o final. "Temos lido moitos e deducimos cal podería ser o seu desenlace".

centrámonos na recuperación de historias que como as de encanto ou de animais despertan interese entre os rapaces", explica Aguin.

Nalguns casos os contos populares galegos coinciden no tema e teñen a mesma estrutura que as pezas doutras culturas europeas, pero con diferencias importantes. Segundo explica Remedios Padin "son historias que queren responder ao mesmo fin pero cunha elaboración propia. Non atopamos, por exemplo, nengun conto que se chamara Cincenta pero sen embargo si hai un no que unha muller fermosa é envexada e maltratada polas súas irmáns. Ao final casa cun príncipe e é feliz". Tamén existe unha historia propia semellante aos Músicos de

Bremen ou a da princesa dos longos cabelos dourados que se chama *Ápio*.

A explicación a isto tópana na función que desempeñan. "Os contos populares son todos moralistas. Deleitan pero tamén ensinan unha moral e unha forma

de enfrentarse á vida", conta Padin. "Moitas das historias que aparecen son os chistes que se contan agora e que incluso nos xa coñecemos cando eramos nenos -engade Aguin-. A literatura popular evolucionou. Os contos picantes de curas, por exemplo, agora conservanse na tradición oral como chistes".

Leitura para todas as idades

Na colección de primeiras leituras que se inaugura con *Sabeliña e o*

xigante e O casamento da pulga e o piollo cada volume recolle un conto de diferente temática que están ilustrados por Pepe Carreiro. A

Nosa Terra vai editar unha segunda colección dirixida a todas as idades e con tres ou catro historias en cada volume. "A riqueza do conto popular é ser apto para calquer idade. Cando o neno aínda non sabe ler pódello contar e a nós como adultos tamén nos presta coñecelos", explica Padin.

Cando os membros do *Colectivo Crisol* distribuíron os contos no colé-

xio utilizaban distintas cores para sinalar as idades as que estes ian dirixidos. "Este criterio cambiámo-lo -conta Aguin-. Vimos que a diferenza de idades non era real. En moitos casos os nenos sentíanse atraídos por libros dirixidos aos máis pequenos e viceversa". Segundo Padin "cada persoa ao ler un conto recolle, en función das súas necesidades e da súa situación persoal, aqueles aspectos que lle interesan ou que lle solucionan dalgunha maneira inquietudes, problemas. Os contos populares dan resposta a moitas interrogantes e o lector non ten porque entender todo o fondo".

A denuncia sobre o pouco material que para mozos existe en galego tamén se pon de manifesto. "Vas a unha librería e resulta ben difícil atopar textos en galego para os rapaces. Hai editoriais que empezan a traballar neste sentido, pero a aposta por recuperar estes contos populares estaba por facer. O que nos gustaría e que todo os nenos puidesen ter acceso a este material e que chegasen a ser tan populares como a *Carapuchiña*. Que sexan tan bonitos como os de calquer outro país é mérito da nosa riqueza cultural". ♦

Entre os contos

agora
seleccionados e
adaptados tamén
hai fadas,
dragóns, lobos e
princesas, pero
non son os
únicos
protagonistas"



LIBRERÍA ESPECIALIZADA EN MULLER, ECOLOXÍA, ECONOMÍA,
SOCIEDADE ALTERNATIVA E LITERATURA GALEGA.
PAPELERÍA ECOLÓXICA E RECICLADO.

Triunfo, 1 - 36202 VIGO
Tfno e Fax (986) 43 37 68

Antolín Faraldo, biografía da primeira hora nacionalista

Un libro do presidente da Real Académia actualiza a lembranza do líder da revolución de 1846

♦♦ X.C.

Antolín Faraldo, o gran sonador é o título do traballo que na colección *Crónica de Xerais* publica Francisco Fernández del Riego, co que revisa unha vella publicación súa e pon nas mans dos lectores unha visita ao coñecido como provincialismo –primeira etapa do nacionalismo político– e da revolución frustrada de 1846, que rematou nos fusilamentos de Carral.

A curta vida de Antolín Faraldo (Betanzos, 1822 - Granada, 1853) resultou dunha grande intensidade pois arredor do seu traballo como xornalista e dirixente político, nunha época de reclamación de xustiza e dereitos históricos, Galicia viviu un apaixonado momento epigonal que sentaría algunhas das bases nas que foi collendo raíz o movemento nacionalista. Paco del Riego fai un percorrido biográfico pouco convencional, porque escolle aproveitar para tecer arredor da figura de Antolín Faraldo o retrato político da Galiza da época, "sen Faraldo, sen a súa presenza, a imaxe da loita ideolóxica que en Galicia antecede á revolución de 1846 sería pouco clara, non só incompleta e fragmentaria, senón tamén inexacta verbo do seu principio".


Cando hai dous anos se cumpria o 150 aniversario da revolución galega do XIX, apenas ninguén se ocupou dela. A epopeia intentada por Solís, Terrazo, Faraldo, Cocina, Rúa Figueroa ou Romero Ortiz merece a análise de Del Riego, que sitúa acadamente a importancia do provincialismo ("o vocábulo provincia implicaba un significado oposto á división ad-

ministrativa que parcelara ao país en circunscricións artificiais (...) reivindicábase a unidade política de Galicia") e dos sucesos revolucionarios, explicándonos quen era quen nese momento e que distinguíu o movemento dirixido pola Xunta Superior Provisional do Goberno de Galicia das simples militaradas da época.

Ideas avanzadas

Faraldo tiña formación de socialismo utópico e leituras de autores cristiáns, miitante activo do movemento liberal "apoiouse nos principios de liberdade e un socialismo cristián irmandado con ela. O seu provincialismo, sentidamente progresista adiantou intuicións, pensamentos, que cadraban cun propósito de rehabilitación do país galego". Sen embargo non deixou unha formulación programática clara, se é que non tomamos por tal o contido nos xornais e nos escritos, claramente de man faraldiana, contidos nas proclamas de 1846.

O famoso manifesto incluído no periódico *La Revolución* é todo un resumo do seu pensamento: "O povo conquistará neta revolución pan-



e dereitos. Galiza, arrastrando até aquí unha existencia oprobiosa, convertida nunha verdadeira colonia da corte, vai erguerse da súa humillación e abtemento. Esta Xunta, amiga sincera do país, consagrarse

constantemente a engrandecer o antigo Reino de Galicia, dando proveitosa dirección os numerosos elementos que atesoura no seu seo, erguendo os alicerces dun porvir de gloria (...) Despertando o poderoso sentimento do provincialismo, e encamiñando a un só obxecto todos os talentos e todos os esforzos, chegará a conquistar Galicia a influencia do que é merecedora, colocándose no alto lugar que esta chamado o antigo Reino dos Suevos."

O aplastamento do movemento revolucionario culminado nos fusilamentos de Carral supuxeron tamén a marcha de Faraldo a un temporal exilio a Portugal, onde despois dun tempo en prisión, sentíase cómodo no colo lisboeta. Máis tarde volveu a Madrid, viaxou por Galicia e finalmente morreu, uns din que en Córdoba, pero semella demostrado que en Granada, onde está soterrado.

O presidente da Real Académia consegue neste libro interesar a un público amplo sobre unha figura desdubxada pero básica para entender os chans que foi dando ao longo da historia o movemento de recuperación nacional de Galiza. ♦

Reivindicación da monarquía sueva

♦♦ ANTOLÍN FARALDO

«Desfeito o poder romano en Galicia a comezos do século V, ¿cales foron os pobos do norte que se estableceron en Galicia? Se lemos a nosa historia máis chea de glorias do que cre a vulgaridade que despreza o que non comprende, admiramos aos suevos, dirixidos polo prepotente brazo de Ermenerico, e aos vándalos, capitaneados por Gunderico, organizando unha conquista e creando unha monarquía en Galicia; os primeiros, afianzando principalmente o seu poder nas costas oceánicas, consolidando os segundos a súa dominación no centro. Vexamos a marcha destes conquistadores, que, mesturándose e confundíndose cos antigos galegos, dan orixe a unha nova sociedade, a un novo pobo, que crea outras leis e outras institucións, que adquire outros instintos e outras necesidades; un pobo, en fin, que se goberna de seu, o que foi un inmenso progreso, por certo. Camifemos á beira dos seus feitos, das súas guerras,

das súas revolucións, do espírito nacional que atinxe cos seus adiantos, da súa decadencia, da súa disolución; da disolución si, da monarquía galega levada a cabo por un rei castelán. Nada disto perdemos de vista, porque os estudos sobre a fndole e os costumes da actual sociedade galega revelan aínda ese tipo providencial, distintivo dos nosos compatriotas e impreso polos hábitos e institucións suevas, que aínda non borraron os séculos. (...)

Galicia no tempo en que a estudiamos estendíase alén do que hoxe forman os seus lindeiros naturais, como dixemos xa; e tres gobernos distinguíanse a un tempo, por dicilo así, no noso chan, o trono vándalo, o suevo, e os galegos que conservaban a súa independencia e liberdade. Moi axiña os dous pobos do norte romperon os lazos fraternais que os ligaban, e Galicia viu cruzárense as espadas destes valentes, atinxindo

Gunderico o triunfo sobre os seus compañeiros de gloria. Pero os suevos non se abaixan ante o infortunio, concentran o seu poder en posicións inexpugnables se non lle deixan outro loureiro a Gunderico que ir chan-tar o pendón vándalo na súa capital Braga. Envaidecido co triunfo, dexerga un mundo de conquistas e guíndase sobre os pobos que recoñecen o poder romano: sen fatiga na súa empresa, percorre as cidades mediterráneas, proclamando en todas partes a destrución de Roma.

O xenio suevo faise máis grande no medio da desgracia medita o



momento de recobrar a coroa perdida nos campos de batalla e, de súpeto, rube as murallas de Braga e reconquista o seu poder. Velaquí o comezo dunha época distinguida. No 425, asegurando os suevos o seu poder, co afianzamento dunha capital, como é Braga, tan necesaria para facer forte o espírito nacional, poñen os cimentos da gran monarquía do seu nome, que só un monarca criminal chegou a derrubar. Arredondada a súa conquista coa fusión de galegos independentes e suevos vencedores, amence para Galicia unha era raioante de gloria, de consoladoras lembranzas e fundadas esperanzas, para nós os homes dunha época escéptica, sen amor e sen fe.» ♦

O CO RDEL

Xo! A voz que para as bestas

Nº 21/Xullo, 1998.

Editor: Can sen Dono.

Director: X.A. Suárez.

Prezo: 200 ptas.

Sacarlle punta á conversa entre dous militantes que celebran o Día da Pátria na Carballeira ocupa a capa da revista satírica. Séguenlle oito páxinas sementadas do humor máis mordaz que protagonizan entre outros o premio novel de literatura "Cela & Lorca ou a diferenza entre pasear e ser paseado", "Caco Vázquez" ou o xa habitual "Don Manuel". Inclúe a separata *Arre. A voz das bestas das bestas* desta volta adicada ao "25 de Julho 2998. Independence Day". "Novas" e "Hold pinículas" ademais de "o lusotronizador: a arma que restaurará a nosa esperanza" e "un teste de humanidade" co que descubrirás se es ou non galego. ♦



Bravú

Nº 3.

Editor: Can sen Dono.

Director: Xosé Manuel Pereiro.

Prezo: 1.000 ptas.

A "revista que sae cando a situación o require" inclúe neste número a "visión terremoto" de Antela, As Pontes, Valdeorras, Carballo, Santiago, Moaña, Ferrol, Autovía, A Coruña, Vigo, Lugo e A Mariña, as "aroutadas" Submarinos nas Xúbias, Esmoleiros na Raia Seca e O caderno que sobreviviu a paleadora. Entre outras, unha reportaxe sobre Manquiña, os Skomabois e como se artellou a Feira das Mentiras. Ademais un CD co videoxogo *Terra Terremota* e oito cancións "igual de terremotas". ♦



Língua Nacional

Nº 9.

Editor: Associação da Língua Artábria de Ferrol e Narón.

Vólvese a editar este boletim de información lingüística despois de varios meses de silencio "imposto por circunstancias internas do Movimento Defesa da Língua". As línguas no Timor Leste, en Colombia e a cultura e língua berber trátanse nos artigos da sección internacional na que tamén entran textos sobre a *Nova Lei do Catalán*, os morandes e unha homenaxe ao filólogo M. Rodríguez Lapa. Ademais a sección *Novas Agresións*, artigos sobre a língua e os xuíces ou a corrección dos apelidos deturpados. Súmase a segunda entrega dos *Cursos de Língua* en normativa reintegracionista adicados neste caso ás grafías de uso sistemático. ♦



Ven de editar un estudo exhaustivo sobre a poesía do vate de Celanova

Elisardo López Varela

“Ainda están por recuperar moitos escritos de Curros Enríquez en libros e revistas”

⇨ BELÉN REGUEIRA

A obra poética galega de Manuel Curros Enríquez xa ten unha edición pouco menos que definitiva. Elisardo López Varela, profesor de lingua e literatura no I.B. Eusebio da Garda da Coruña, do que é director, adicou a súa tese de doutoramento en Filosofía e Letras a consultar todas as edicións da obra poé-

tica de Curros e os xornais e revistas nos que traballou para ofrecernos unha edición completa e anotada dos seus poemas en galego. O resultado, acompañado dun estudo introdutorio e varios apéndice atópase nos dous tomos de *A poesía galega de Manuel Curros Enríquez*, publicada pola Deputación da Coruña.



O seu interese por Curros vén de vello...

Aos que traballamos no ámeto da lingua e da literatura galegas sempre nos interesan especialmente os clásicos. Curros, ademais, tiña unha forma de entender a vida que o fai moi atractivo e que se reflicte na súa defensa do feble, da lingua e dos galegos. Era un home moi identificado coa súa terra. Literariamente Curros é importantísimo pola temática da súa obra, é o noso poeta cívico por antonomasia e, ademais, un versificador moi habencioso. Cando Xosé María Dobarro me propuxo facer un traballo sobre el para a miña tese de doutoramento, non o pensei.

Pódese dicir hoxe algo novo sobre a obra de Curros?

El é un autor moi estudado, a súa vida e a súa obra foron abordadas desde practicamente todo tipo de enfoques e de perspectivas, sobre todo *Aires da miña terra* e *O divino saínete*. Pouco se podía aportar nese sentido, de modo que eu decidín que o cerne do meu estudo había estar en facer unha edición rigorosa e anotada da súa obra poética, acompañada doutros textos, cun traballo introdutorio que servise para contextualizar a Curros e uns apéndices que aportasen documentación. O que si aporta o libro é o manuscrito orixinal de *O divino saínete*, que me deixou Carlos Martínez Barbeito, algun traballo en prosa que non estaba exumado, unha carta en galego á parte da que xa se coñecía e un prólogo tamén en galego á primeira edición de *A Virxe do Cristal*, que fora publicada en *El Heraldo Gallego*. Tamén corrixo algunhas datacións erróneas que foran aceptadas até agora e os erros de edición nos poemas soltos, aos que si lles cumpría un estudo demorado.

Di vosté que Curros viviu “do xornalismo e para o xornalismo”, para cando unha edición das súas colaboracións na prensa?

Para recuperar todas os escritos de Curros publicados en libros e revistas cumprían uns anos de investigación e consulta. Os exemplares do *Diario de la Marina*, un dos xornais máis importantes da Cuba dos tempos de Curros e no que el colaborou, non poden ser consultados para evitar o seu deterioro. Ademais atopámonos co problema de que en moitos casos non asinaba os seus artigos. Contodo, sería moi interesante facelo e a min gustaríame continuar por a. O único que lamento é que Curros non fose xornalista en lingua galega, porque a realidade social e histórica era outra e porque el viviu e exerceu o periodismo fundamentalmente fóra de Galiza, en Madrid e en Cuba. O seu prestíxio como xornalista era enorme. Aínda que escribía sobre calquera tema atopamos textos del sobre todo como comentador literario, facendo reseñas e críticas de moitísimas obras. Participou na fundación do diario republicano *El País* en Madrid con outra serie de personalidades de ali e en La Habana tirou do prelo *La Tierra Gallega*, que cerrou despois de que o goberno colonial lle impuxese dúas multas polas críticas que se lle fixeran no xornal. Nese periódico fixo un grande labor e desenvolveu as súas ideas rexionalistas e autonomistas, non só para Cuba senón tamén para Galiza.

Como se produciu a evolución de Curros cara o rexionalismo?

Nos seus poemas xuvenís en castelán vemos que Curros tomaba España como referente pero, de vagar, foi tomando conciencia de Galiza como país, identificándose coa idea de Galiza e tamén tomando partido polo seu propio idioma. Sempre foi antimonárquico, traballou en *El País*, que era un diario republicano. As ideas de Curros eran moi semellantes ás de Murguía, con quen tiña unha relación de amizade e colaboración en diversos proxectos. No campo político el era autonomista, republicano, antiimperialista e rexionalista. Salvando as distancias os rexionalistas eran os nacionalistas de hoxe, pensando un pouco na idea de Galiza como nación.

El viviu a guerra do 1898 en Cuba, cal era a súa postura perante o problema colonial?

Curros criticou o goberno español por non ter tratado o problema cubano axeitadamente. Se ben é certo que se opuxo á independencia da illa, sempre apostou por darlle a Cuba autonomía política, porque consideraba que iso tería evitado a guerra colonial. Cando pedía autonomía para Cuba facíao co caso de Galiza en mente, porque el nos seus escritos pedía claramente a descentralización. Tamén se amosou como un antiimperialista total e mantivo unha postura contraria aos estadounidenses, á invasión ianqui. ♦

Curros criticou o goberno español por non ter tratado o problema cubano axeitadamente”

livro galego
e português

Rua da Paz, 12 • Tn./fax: (9)88 25 07 37
32005 OURENSE

LIVRARIA
Toda

OPINIÓN

NACIMENTO, PAIXÓN E MORTE
DA LITERATURA POLICIAL

"A literatura de kiosco amosa unha vizosidade e un engado que xa quixera para ela a chamada *novela de arte*", decía o crítico Anxo Tarrío en Maio de 1981, nun artigo publicado por *La Hoja del Lunes* de Vigo e que levaba o vindicativo título de: "Para unha literatura de kiosco en galego". Tarrío incluía na literatura de quiosque, a novela policial, novela negra, de suspense e "tamén o que se ven chamando sub-literatura: fotonovela, folletín, radionovela" e preguntábase "se non sería bo ir matinando tamén nunha produción alternativa destes produtos feita en galego". O crítico compostelán remataba a súa análise apuntando que "cecais fose, pois, conveniente buscarlle a Pepe Carvalho [personaxe de Vázquez Montalbán] un colega galego".

O pé deste comentario viña dado pola intervención de Basilio Losada, levemente alusiva ao tema, no congreso de Escritores en Língua Galega, celebrado en Poio uns días antes. O propio Tarrío anota que "moitos dos asistentes amosaron unha certa reticencia e oposición á posíbel produción dunha literatura de quiosque na nosa língua".

Dados os anos transcurridos é posíbel avaliar os resultados daquela demanda ou daquel debate, pois, máis que a polémica contou con aportacións posteriores, a realidade editorial foise ensanchando até producir, indiscutiblemente, libros que poden incluírse xa na literatura de "quiosque", de "consumo" ou de "masas", todos tres nomes empregados por Tarrío e aos que podería, con algunha matización, engadirse o de literatura de "xénero".

Editoriais como *Xerais*, pero por suposto non só ela, impulsaron esta liña, ao abeiro da tese, tantas veces manifestada, de que era preciso converter a literatura galega nunha literatura "normal". Non resulta necesario lembrar nomes de autores que publicaron, algúns con bastante acerto, obras incardinadas dentro desta corrente, porque están na idea de todos.

Este influxo ou toma de postura foi tan poderoso que mesmo surxiron, ben que ailladamente, queixas de que outros libros de trama non determinada polo suspense ou pola técnica deductiva policial foran desprezados ou desprazados

MANUEL VEIGA

'A literatura de quiosque en galego non só naceu, senón que chegou a ocupar un espáicio de privilexio dentro da literatura até aquel momento canónica"

pola maioría das editoriais, sob o argumento, explícito ou implícito, de que non estaban de moda ou non serían rendíbeis. É dicir, a literatura de quiosque en galego non só naceu, senón que chegou a ocupar un espáicio de privilexio dentro da literatura até aquel momento canónica. A propia *História da Literatura Galega*, editada por A Nosa Terra, o traballo crítico máis sistemático dado a coñecer até agora, ven de culminar este mes, coa publicación dun número que, como non podía ser doutro modo, leva por título: "A literatura de xénero".

Seria ilusória a pretensión de contradicir esta realidade. Recentemente nunha viaxe en tren coincidín cunha rapaza que intentaba ler un libro de relatos policiais en galego. Pergunteille se lle prestaba e dixo que non acostumaba a ler na nosa língua, que levaba aquela obra por-

que lla obrigaban a estudar, pero que, aínda menos mal, porque se trataba de relatos policiais, a única literatura que a ela lle gustaba.

A esta altura, a forza dos feitos e a coincidencia, case absoluta, entre autores, editores, lectores e críticos, fíxrame desistir case de cuestionar as actuais tendencias literarias e de insistir na defensa diso que Tarrío chamaba, con nome un pouco extraño, "novela de arte". Sen embargo, o pasado 25 de Xullo publicábase nun diário de Madrid a opinión de Vicente Verdú, un comentarista lúcido, sempre ao día das últimas correntes, sobre o tema en cuestión. Verdú afirma que "as cousas non poden seguir así", que aínda que haxa lectores contentos, "outros hai tempo que nos temos fartado de que os novelistas, incluídos os mellores, volvan a escribir o seu libro apoiándose nun episodio histórico ou sobre a urdime dunha intriga policíaca".

Sinala Verdú que ese tipo de estruturas fan á novela "máis artificiosa e convencional" e alude entre os autores que cultivan este estilo a dous dos máis recoñecidos hoxe: Prada e Muñoz Molina. Finalmente preguntábase se o fin da novela non virá "dos centos de asesinatos e emboscadas" que nos depara a literatura actual.

Despois de ler o artigo de Verdú pergunteime se Anxo Tarrío non preparará dentro dalgúns anos un manifesto en contra da sub-literatura, baseándose quizá no argumento de que Galiza debe aspirar a ser un país normal e hoxe nos outros países comeza a ser cuestionada a invasión de literatura policial. E pensei que, dunha vez por todas, deberíamos comezar a decatarnos de que o que resulta normal noutros lugares non ten porque serlo mimeticamente aquí e que máis lamentábel é aínda arremedar aos demais, con vinte ou trinta anos de retraso. ♦



ALTO, POLICIA!!

LABREGOS OU
CAMAREIROS

SUSO DE TORO

Esta aldea está condenada a esquecer quen foi e a non saber quen é, e así ha acabar por ser unha desfeita. O seu mal é que foi aldea labrega, mais está moi perto da ribeira e hoxe a ribeira é veraneo e turismo, unha ilusión de mundo no que non hai que traballar. Onde se ergueron máis de cen hórreos para gardar tanto grao as leiras están hoxe a campo.

Había vacas en só dúas casas do lugar, morreu a muller nunha delas e o home licenciounas; deixouse estar cunhas poucas pericas. Só un veciño ten vacas e outro un bo rabaño de ovellas onde antes houbo tantos e tan bos. Que haxa tantas leiras a xesta e haxa tanta xente emigrada non se acaba de entender ben. Ben sei das políticas que non defenden e perxudican o noso agro, agora que iso non acaba de explicar todo. Hai algo na cabeza da xente.

O desprestixio da agricultura. Ninguén quere ser labrego ou andar detrás das ovellas; aínda que non se diga, vivir da terra ou dos animais é aquí unha condición estigmatizada. A xente nova prefire emigrar lonxe a ficar aquí vivindo do agro, e xa de ficar sequera traballar de camareiro. Seica é máis moderno.

Tampouco é tan grande cousa a hostelería. Eu que traballei nela podo dicilo; como ser elles unha profesión, agora que iso de servir á xente non che fai máis que quen traballa no seu. Digo eu. Claro que nos anuncios da tele non sacan un labrego máis que para venderlle nitramón e pola contra non fan máis que sacar camareiros ye-yes moi ghuapos e mais con moito aquel. Está por facer a épica da labranza e retratar a dignidade do traballo no campo.

O caso é que estas mocías da casa das vacas son case que marxinais, mentras as compañeiras folgan desocupadas, disque estudian, elas érguense cedo para apañar herba e muxir. Hoxe o traballar é un estigma, unha causa de marxinação para a xuventude. Quen traballa é un raro. Como se houbera outro modo de saír do infantilismo e facerse home ou muller. ♦

LIBRARIA - PAPELARIA
PEDREIRA

RUA DO HOME SANTO, 55

TELF. 981 58 54 03 / FAX. 981 58 09 84

SANTIAGO DE COMPOSTELA

correo electrónico: Librariapedreira@futurnet.es

- LIBROS GALEGOS E PORTUGUESES
- LIBROS DE TEXTO
- LIBROS DE FONDO XERAL

ANACOS

BOROBÓ

O bizneto do chozno de Carlos IV

Coa teima que tiña de escribir cada día un *anaco* e a preocupación que iso conlevaba, a cal agora, de vello, é cada semán, ás veces soñaba, no sono, co tema que escribiría. E volvemente pasar nantronte, en que despertei soñando co celeberrimo cadro de Goya., *A familia de Carlos IV*. Pois pensei que viña a ser o punto de partida pra facer un *anaco* a propósito da familia real española; acrecida co raparigo que acaba de nacerlle á Infanta Elena. Asunto rosa que tantas páxinas ocupou dos xornais, alternando co caso do Egin, das que leín só algúns titulares.

É que ten que ver o probiño F.J. Froilán co real protagonista da pintura goyesca? Ten que ver que é bizneto do chozno de Carlos IV, cama do D. Juan de Borbón e Battenberg, quen non chegou a reinar. *Chozno*, palabra moi pouco usada en castelán, iñorada polos dicionarios galegos, siñifica fillo dun tataraneto, que de Carlos IV érao Alfonso XIII, de cinza recordación.

Se non remontásemos ás Meni-

nas, o prodixioso retrato da familia de Felipe IV, onde se mirou Goya, no espello de Velázquez, para facer a súa composición dinástica, deducimos que o monarca goyesco era, á súa vez, chozno do rei velazqueño.

¿É que ten que ver Velázquez con todo iste lfo dinástico? Pois ten que ver que o xenial pintor de cámara de Felipe IV e tamén antepasado da Raíña Sofía, e polo tanto da súa filla Elena e o seu netiño. Pero non sei, cabalmente, si o F.J. Froilanciño é chozno dun chozno dalgún bisneto ou tataraneto do pintor das *Meninas* a quen por aí andaré o parentesco.

Endebén pode cavilarse, ja quen se parece máis o rapaciño? ¿Ao rei Felipe IV ou ao seu pintor Diego de Velázquez e Silva? Dado que polo machismo imperanté nas xenealoxías reais, fíxase maiormente a atención nas ascendencias masculinas, desprecindo a aportación doutros sangues da vea feminina, que unhas veces as infectan (coa hemofilia, por exemplo) e outras as depuran e decantan.

Cabe tamén que un príncipe sexa moi semellante fisicamente aos seus antepasados Austrias e Borbóns, pero que no seu xeito de ser teña máis parecido coas estirpes dos Coburgo, dos Scheliwh-Holstein, dos Battenberg (ou Mountbatten) que dirían reis e raíñas consortes e constitucionais a importantes naicóns europeas. *El Rei* (que dirían nas *Cantigas*) Juan Carlos I, quizais esteña dentro deste tipo, dado o seu cmportamento no 23-F e en todo o tmepe da transición, así como polo seu carácter afábel e liberal.

Aínda que sexa o actual monarca español tan parecido ao emperador Carlos V, ou ao cornudo Carlos IV na súa facina, coma semellantes son a el a súa filla Elena, e, *asegún* di o seu xenro, o fillo distes. Pois é unha constante nas casas de Habsburgo e de Borbón, orixinada na de Borgoña, que imprime *carauter* no senso popular: que selle nota na cara polo prognatismo máis ou menos acentuado, que procede dos máis lonxanos ancestrs, afnda que non fomos máis atrás do abó de Carlos V, o borgoñón emperador Maximiliano.

Se ben a Juan Carlos I nótaselle moito menos o prognatismo que a seu famosísimo antepasado Enrique IV, de Francia, para quen Paris ben valía unha misa. Xa que aquil Borbón tiña unha queixada tan descomunal que non lle encaixaban as mandíbulas. Mália iso, e que fedía coma un carneiro, toleaban por il as máis belidas damas francesas, e non só porque fose rei. Sería polas esencias dos mellores perfumistas de París que usaba de abondo, ou porque aquelas donas eran moi especiais nos seus gostos eróticos.

Nembargantes hai que ter en conta que o prognatismo non é monopolio, ou exclusiva, das dinastías reais de Austrias e Borbóns. Máis prognata que o rei Alfonso XIII era o mellor toureiro do seu tempo, Juan Belmonte; e asimesmo na face dos grandes amigos diste, Ramón Pérez de Ayala e o Dr. Marañoñ, sobresaía o queixo: prognatismo, pois, *al servicio de la República*. En cambio o bisabó daquil rei, o felón Fernando VII, tiña pernas de toureiro, *asegún* Lafuente Ferrari. ♦

Que lé?



Uxia

“Un artista ten que colaborar con outros e aprender”

Estou lendo *Verdade tropical*, de Caetano Veloso, que é unha especie de autobiografía ao tempo que unha historia do tropicalismo. Tamén estou lendo *Morte de Rei*, de Dario Xohán Cabana, e *O lapis do carpinteiro*, de Manuel Rivas.

Que leituras recomendaría?

É difícil aconsellar pero hai varios libros que me gustaron moito, entre eles *Contos do nacer da terra*, do mazambiqueño Mia Couto. Tamén me gustou *Calzados Lola*, de Suso de Toro, e *Antigua vida mia*, unha historia de amizade da chilena Marcela Serrano. Recomendaría ademais calquer libro do lisboeta Joao Aguiar, en especial *O homem sem nome*. En poesía recomendo *Daquelas que cantan*, unha homenaxe a Rosalia de once escritoras.

Ultimamente actua máis en Portugal que na Galiza.

Estiven cantando no Dia de Portugal, por encargo da Expo, en Xuño, cun repertorio portugués, e agora volto os días 7, 8 e 9 de Agosto, para presentar un espectáculo con Filipa Pis que se chama *Afinidades*. Coñecemos moito e queremos facer cancións dun e doutro lado da raia, ela cantando en galego e eu en portugués. Estaremos dous días en Lisboa e despois en Porto. Ali vou facer *Nai Terra*, que é un espectáculo meu nun escenario flutuante. Todo este traballo en Portugal é consecuencia de lazos que se foron estreitando cos anos e con máis intensidade a partir do último disco.

Prefire traballar con outros artistas ou soa?

Un artista ten que asumir o reto de xuntarse con outro que fai un traballo diferente e aprender. Con *A Sal da Vida*, na que xuntabamos culturas tan diferentes como a galega, a castelá e a sudanesa, atopamos os puntos de contacto e tivemos moito éxito. Veño de enteirarme que o disco se atopa nos dez primeiros postos da lista que elaboran as rádios públicas europeas. E empezou como un experimento musical.

Agora está preparando un disco novo.

En canto poda, entro a gravar. Non pode dicir gran cousa aínda pero vai haber colaboracións, xa que as necesito para alimentarme, e textos meus. Sempre digo que as voces teñen un gran poder de comunicación e son un vehículo para transmitir a nosa poesía. ♦

Cantante: Sanguinieda-Mos, 1962.

CAMIÑO VELLO CONGOSTRA NOVA

FRANCISCO A. VIDAL

Os medos vencidos

Os medos vencidos son victorias eternas, tal a que algún día se acadou nas terras de Catoira e afnda seguimos celebrando, mudando o sangue da loita e desesperación en viño de gloria e euforia.

Cando aló entre os séculos IX e XI se asomaba ás costas galegas o estandarte normando, os cumes ardían con lumieiras de advertencia, invocábase a todos os santos, fuxían os desarmados, preguntábanse os paisanos que pecado cometeran para merecer tan grande castigo, e fanábanse en construír muros defensivos e armas, co mesmo mimo co que se contrúe o tellado ou a lareira dunha casa: facer habitable o dentro e vitar o medo ó que ven de fóra.

Diante da ferocidade aqueles extranxeiros, negábanse calquera esperanza, e de nada servía que os predicadores dixeran que estas terras foran tocadas polos cinco dedos da man de Deus. Ás veces é preferible ser compadre do demo, polo menos sabes o que tes e a que aterte.

Os asolados paisanos buscaron

aliados en todas partes, ata acadar a victoria final. Logo, a catarse liberadora de despois da batalla, unhas veces en forma de contos e lendas e outras de lembranza festeira, fixo perdurara nas mentes da xente o final daquel medo.

Pero asemade, o vencido, cando non é un arroutado engreído, tamén reflexiona sobre as razóns e mañas dos vencedores, para remediar os seus defectos, e que unha derrota non

deixe amortecido ó seu povo. En certa modo, cóllelle medo é propio orgullo.


Tal foi o caso de Olaf Haraldsson (futuro san Olaf), un dos máis temidos asoladores das nosas costas, quen un día subiu polo Miño ata Tui e capturou ó propio Bispo e ó seu clero, arrasando toda a cidade e obrigando ós paisanos a fuxir e buscar refuxio en san Bartolomeu, ata que Alfonso V, ó fronte dun populoso e disciplinado exército, li-

berou a cidade e expulsou ós invasores.

Olaf, de volta para a súa terra, cavilou nas razóns da derrota, fronte a un pobo que vencera o seu medo uníndose baixo un mesmo estandarte; pero tamén, amparados por un deus que demostrara ser máis eficaz có seu.

Xa no seu país, dedicouse a unificar os pequenos reinos que se espallaban de norte a sur, obrigando á xente a bautizarse e ós labregos ricos a erguer capeliñas, onde uns cregos mandados vir de Inglaterra, predicasen o Evanxeo, despois de promulgar unha lei que se coñece como “Lei de San Olaf”.

Pero os seus paisanos, que tantos outros favores lle debían ós autóctonos Thor e Odín, temendo a vinganza destes por aceptar un deus extranxeiro, opuxéronse ó unificador; e así, os medos duns a perder o que lles era propio, e dos outros a non gañar o favor de quen antes os escarmentou, enfrontáronos nunha guerra fratricida, que acabou con Olaf, no campo de batalla, o 29 de Xullo do ano 1030, pelexando por defender o seu medo. ♦



O Sábado dia 1 cómpre acudir á romaría viquinga que todos os anos se celebra en Catoira, no fondo da ría de Arousa. Se quere seguir o rigor histórico lembre o recen-

te artigo deste xornal: os viquingos non levaban cornos. De todos modos, hai tolerancia ao respecto. O que non se admite e volver para a casa con sede. ♦



João Afonso.

Ares

ACTIVIDADES

UN MAR DE MÚSICAS

O Venres 31 de Xullo e o Sábado 1 de Agosto terá lugar en Ares a terceira edición de *Un mar de músicas*, no que participarán: no primeiro día *Arela*, *A Nosa Ría*, *Roncabela* e os *Cempes*. Para o segundo día estarán *Berrogüeto* e o catautor portugués *João Afonso*. O prezo de abono para asistir aos dous días é de 1.500 pta.

Bande

MÚSICA

BRENDEFOL

O Venres 31 de Xullo terá lugar en Bande a actuación do grupo de folc *Brendefol*.

Bueu

MÚSICA

III REBOLO ROCK

O Colectivo Rebolo organiza para o Sábado 1 de Agosto un concerto no que actúan *Korosidansas*, *Papaqueixos*, *Debuxos Reanimados*, *Kaos*, *Nacho Otero*. Será na pista da Banda do Río desde as 22 horas e a entrada de balde.

Cangas

EXPOSICIÓNS

JACOMINA ELISABETH KISTEMAKER

No Pub Canís Lupus está aberta a mostra de pintura de Jacomina Elisabeth Kistemaker, conxunto de obras agrupadas baixo o título de *Las Cortinas de mi Madre*. Aberto todos os días despois das 18,45 h.

Cañiza

ACTIVIDADES

VERAN CULTURAL

O 31 de Xullo comezan as actividades previstas no programa de verán cultural do Concello coa actuación de *Miguel Ángel Jiménez Pérez* na Casa da Cultura ás 22 h. O Domingo 2 o grupo de te-

atro *Atrezzo* representará, na Casa da Cultura ás 22 h, a obra de Darío de Fo *Morte accidental dun anarquista*. O Sábado 8 ás 22 h, terá lugar no recinto da Casa da Cultura, o terceiro festival de rock *Xamon's rock* no que participarán os grupos *Ratos de Porão* do Brasil, *KG Ben*, *Leo i arremecaghona* e *Alto Standing*.

Carballo

MÚSICA

FESTIMEIGAS

O primeiro de Agosto a partir das 21 h, dará comezo, no Pavillón Deportivo Bergantiños, o *Festimeigas*, festival benéfico para disimuidos psíquicos e sensoriais. Nesta edición participarán entre outros *Las Bestias*, *Ana de Andrés*, *Elektrolux*, *Indra* e *B-violet*. A entrada do festival ten un custe de 800 pta, anticipada, 1.000 pta, na porta.

A Coruña

EXPOSICIÓNS

IMAXES DA XUSTIZA NA GALIZA

No Arquivo do Reino da Galiza está aberta a mostra *Imaxes da xustiza en Galiza*: cartografía e iconografía.

RAFAEL CATALA

A galería *Arte Imagen* acolle durante estes días a mostra de pintura de Rafael Catalá.

XOGOS DOS ESPELOS

Composta por unha escolma de obras e obxectos pertencentes á colección Granell. Aberta até o 31 de Agosto no Museo de Belas Artes.

MOSTRART98

Nos xardíns Méndez Núñez desenvolverase do 1 ao 16 de Agosto a mostra de artesanía *Mostrart98*. Este ano a mostra, que chega a súa decimo cuarta edición, contará coa presenza de 58 expositores. Durante a estancia da mostra realizáranse no recinto actividades parellas como obradoiros, concursos e actuacións.

Carteleira

COMICOS EN APUROS. Agradábel comédia. Tres vellos actores conseguen que os contraten para unha obra de teatro que vai en xira. O cine francés volve demostrar que se pode atraer ao público sen perder calidade.

WILD MAN BLUES. Elaborado documental que conta a xira de Woody Allen por Europa co seu grupo de jazz. Vella música de Nova Orleans, presentación da nova muller asiática de Allen e complicidade cos espectadores europeos do cineasta norteamericano. Prestaralle aos que gustan das súas películas e interesará pouco aos demais.

SAVIOR. Un embrutecido mercenario na guerra de Bósnia axuda a fuxir a unha muller sérbica repudiada despois de ter un fillo tras ser violada polos musulmáns. Na fuxida, ambos padecen as consecuencias da limpeza étnica. Oliver Stone fai un filme violento e trata con condescendencia ás nacións dos Balcáns.

CHA, CHA, CHA. Unha rapaza búscalle un amante á súa mellor amiga para quedarse co seu noivo. Comédia española que desenvolve con dignidade algúns dos tópicos dos filmes de enredo. Amábel e ben realizada. Eduardo Noriega está como un queixo.

ARMAGEDDON. Un meteorito achégase á Terra para destruíla. Bruce Willis, un experto en perforacións de pozos de petróleo, é encargado de ir a volalo cunha bomba nuclear. Previsíbel e tópica.

AO BAIXAR O SOL. Obra intelixente, no mellor estilo do cine negro. Un matrimonio de actores famosos (interpretados por Ackman e Sharandon) mostran até onde chega o egoísmo da vida rica. Newman é o detective amigo obrigado a escarcear o crime que cometeron e os que logo virán. Sharandon devolve á altura aos

papeis femininos, ao estilo das actrices dos coarenta e Newman demostra que empiorou o seu físico tanto como mellorou como actor.

INCOGNITO. Uns marchantes de arte encargan unha falsificación dun Rembrant, pero despois da entrega, un deles é asasinado e todas as pistas conducen ao falsificador. Película de suspense con argumento un chisco forzado.

PERDIDOS NO ESPAZO. A familia Robinson é enviada ao espazo nunha misión para salvar a Terra, pero no camiño queden perdidos. Versión da serie de televisión dos anos setenta.

MOITO MÁIS QUE AMIGOS. Unha moza namórase do seu compañeiro de piso e convidao a facer de pai do seu fillo. El, que é gai, en principio acepta, pero co tempo a súa vida volve ao seu cauce. Comédia politicamente correcta.

CONFLITO DE INTERESES. Un avogado protexe do seu pai a unha muller, pero aos poucos o acoso vólvese contra o letrado. Filme de suspense no que nada é o que parece.

UNHA LOIRA BEN AUTÉNTICA. Paródia dos problemas que se atopan os actores no mundo da farándula cruzada coas dificultades nas relacións de dúas parellas. Comédia con final feliz.

ELAS. Todos os tópicos criados arredor das mulleres de corenta anos remexidos con Lisboa de fondo. Fallido intento de retratar os sentimentos femininos. Ás veces incomoda e outras comove.

O FINAL DA VIOLENCIA. O grande Irmán de Orwell, nunha visión de cidade americana. Win Wenders reaparece cunha película máis comercial que as habituais, pero coas mesmas claves crípticas. Sálvese pola música de Ry Cooder. ♦

Iles Os *Carunchos*, Britonia e *Solas de Eire*.

As Nogais

ACTIVIDADES

FESTAS

Do 1 ao 3 de Agosto terá lugar nas Nogais as festas do verán, dentro do programa de festas está a feira internacional de artesans da Comarca (Arte 98), o Sábado 1 de Agosto ás 22 h, dará comezo a verbena coa Orquestra *Guayaba*. O Domingo 2 ás 20 h, terá lugar a actuación do grupo de folc *Luar na Lubre*, logo ás 23,30 h, verbena coa orquestra *Travesía*. O Domingo 3 finalizarán as festas coa actuación do *Mago Anllo*, as festas clausuraránse con unha gran chocolatada na Praza do Concello.



Trio Andrés Gaos.

Nogueira de Ramuín

MÚSICA

TRIO ANDRÉS GAOS

O Sábado, día 1 de Agosto, ás 20,30 h, terá lugar no Claustro Renacentista de San Estevo de Ribas de Sil, a actuación do grupo de música clásica *Trio Andrés Gaos*.

Ourense

CINEMA

NOITES DE CINEMA

Nesta semana o Cine Clube Minho proxectará a película *Cita a Cegas* en: en Barabadás, o Xoves 30, en Cudeiro o Venres 31 e en Rairo o Sábado 1.

MÚSICA

F. WILKHLOFER

O Domingo 2 de Agosto ás 20,30 h, terá lugar na Catedral a actuación do organista Friedemann Wilkhlofer.

ETIQUETA NEGRA

O Xoves 30 terá lugar ás 24 h, no Café Plaza a actuación do grupo *Etiqueta negra*.

Ferrol

EXPOSICIÓNS

O MOVEMENTO AUTONOMISTA

O Xoves 30 de Xullo terá lugar a inauguración da exposición *O Movemento Autonomista Galego encol do plebiscito do 1936*. A mostra consta dunha parte bibliográfica, que fai referencia ao proceso de formación da consciencia nacionalista de Galiza; e dunha parte gráfica, con carteis do plebiscito do 36. Abre na galería *Sargadelos* durante todo o mes de Agosoto de Luns a Venres de 10 a 14 e de 18 a 22 h, Sábados de 21 a 14 h.

FOTOGRAFIA E PRENSA

No Centro Cultural Municipal está aberta a mostra *Cen anos de fotografía en prensa*. Pódese ollar de Martes a Sábados de 11 a 13,30 e de 17 a 21 h.

Foz

ACTIVIDADES

III XORNADAS DE HISTORIA LOCAL

Casa do Mar a partir do Luns 3 de Agosto até o día 7 (todos os actos serán lugar ás 20 h.).



Luns 3, Embarcacións tradicionais e rutas marítimas do Cantábrico. Bernardo Maiz.

Martes 4, Traxe tradicional na Mariña. Isidoro Rodríguez (Presidente da Asoc. Cultural María Castaña).

Mércores 5, Mesa redonda de conserveiras en Foz. Presenta Ramón Eiras e participan 8 persoas.

Xoves 6, Cultura castrexa en Foz. Rubén Pérez Val. **Venres 7**, Presentación do libro "Foz un povo con memoria propia" no que se recollen as catro intervencións das anteriores Xornadas.

A Guarda

MÚSICA

INADAPTATS, NABEAS CORPUS E SKARNIO

O Cataláns *Inadaptats*,

actuarán o Mércores 5 de Agosto ás 21 h, de balde.

Guitiriz

ACTIVIDADES

FESTIVAL DE PARDIÑAS

Na fin de semana do 1 ao 2 de Agosto celebrárase en Guitiriz o XIX Festival de Pardiñas, organizado pola A. C. Xermolos. Nos dous días do festival haberá feira, mostra de artesáns de instrumentos musicais e de artesanía. No tocante á música o Sábado 1 pola noite actuarán os grupos *Xermolos*, *Fendetestas*, *Xistra de Coruxo* e *Quadrilha de Portugal*. O Domingo 2 comezará o festival coa actuación do grupo de Ferrol *Airíños de Fene* e *Paloma Suanzes*, seguirán-

O grupo portugués *Quadrilha* actuará dentro do programa do Festival de Pardiñas.

Pontedeume

■ DANZA

Ballet Galego Rei de Viana

O Sábado 7 de Agosto ás 21,30 h, terá lugar na Praza Real a actuación do grupo de danza Rei de Viana.

■ MÚSICA

A Quenlla

O Domingo 8 de Agosto ás 21,30 h, actuará, na Praza Maciás o grupo de folc tradicional A Quenlla.

Pontevedra

■ EXPOSICIÓNS

INQUEDANZAS

Na sala Teucro está aberta a mostra itinerante *Inquedanzas* composta polos artistas Sebas Anxo, Berta Ares, Marga Conde, Natalia Pérez, Pancho Rodiño e Lola Solla. A mostra permanecerá aberta até o vindeiro 25 de Agosto.

LINO MARTINEZ VILLAFINEZ

O Sábado 7 de Agosto inaugurarase no Museo de Pontevedra, no edificio Sarmiento, a mostra antolóxica de Lino Martínez Villafinez. O mesmo día tamén no Museo de Pontevedra inaugurarase a mostra *Novos valores 98*. Pódense ollar até o 13 de Setembro.

FEIRA DO DEBUXO

Na Alameda está aberta a feira de debuxo e gravado, que permanecerá aberta até o 30 de Agosto.

MUSEO DO FUTBOL

No Centro Comercial A Barca está aberta a mostra máis completa de Europa sobre fútbol.

Rianxo

■ EXPOSICIÓNS

MIRADAS ARREDOR DA ARTE

Está aberta na Casa da

Convocatórias

ENCUNTROS DE SOLIEDARIDADE CON CUBA

O Instituto Cubano *Amistad con los pueblos*, convoca o cuarto encontro Latinoamericano e Caribeño de amizade e solidariedade con Cuba, que se desenvolverá do 2 ao 7 de Novembro de 1998. Para achegarse a Cuba Sol y Son viaxes ofrece tarifas de estancia na illa caribeña, desde 141.800 até 161.200 pta. billete ida e volta xunto con estancia. Para maior información chamar ao teléfono (981) 581 415.

CAMERATA AD LIBITUM


A Camerata ad Libitum organiza o seu noveno curso de Canto Coral, destinado a cantoautores, directores ou futuros directores de coro e todas aquelas persoas que o desexen. As datas do curso serán do 1 ao 8 de Agosto no Conservatorio Superior de Música de Vigo. Máis información en internet <http://www.lander.es/~juliod/c98.html>. Consultas e inscricións no teléfono (986) 661 497.

XORNADAS DE BANDA DESEÑADA

A Casa da Xuventude e a Concellería de Cultura do Concello de Ourense convocan o oitavo premio de banda deseñada, que se celebrará nas X Xornadas de banda deseñada de Ourense. Do 2 ao 10 de Outubro terá lugar a inauguración das xornadas, o programa incluírá exposición e actividades relativas ao comic, incluíndo proxeccións cinematográficas, encontros e presentacións. Maior información na Casa da Xuventude (Celso Emilio Ferreiro, 27, 32.004 Ourense), ou no teléfono/fax (988) 249 930.

CERTAME LITERARIO MANUEL LUEIRO

O Concello do Grove convoca o VI Certame literario Manuel Lueiro Rey,



Manuel Lueiro Rey.

no que poderá participar todas as persoas que o desexen. Os relatos deberán ser orixinais e inéditos, non premiados en calquer outro concurso. Presentaranse por quintuplicado, en fólíos escritos a máquina por unha soa cara e a duplo espazo. Os traballos enviaranse sen remite e baixo lema. En sobre adxunto, pechado e baixo o mesmo lema, indicaranse os datos persoais do autor (nome, idade, enderezo e teléfono, fotocopia do DNI). As obras presentadas ao concurso terán unha extensión máxima de 30 follas. Os traballos enviaranse antes do 12 de Outubro de 1998 ao VI Certame literario Manuel Lueiro Rey, Concello de O Grove. Praza do Congo, s/n. 36980 O Grove Pontevedra. Estableceranse os seguintes premios: 1º premio: 300.000 pta, o segundo: 100.000 pta. e o terceiro 50.000 pta. Os membros do xurado serán elixidos polo Comité Organizador do Certame, e darase a coñecer con anticipación o fallo do concurso.

CERTAME XORNALISTICO

A Asociación Neira e O Correo Galego convocan o III Certame Xornalístico. O tema único do cer-

tame centrarase nas lendas da Costa da Morte. Poderán participar cantas persoas o desexen, establecéndose dúas categorías, unha absoluta e outra para estudantes. A extensión máxima dos traballos será de 3 follas mecanografiadas a dobre espazo e escritos por unha soa cara. Na categoría absoluta haberá un primeiro premio de 100.000 pta, diploma e estatuíña conmemorativa. E na categoría escolar haberá diploma, estatuíña e libro de lotes sobre a costa da morte. A data límite para a entrega de traballos é o 30 de Setembro de 1998. Remítiranse por triplicado e polo sistema de plica ao Correo Galego, delegación da Costa da Morte. Rúa Eduardo Pondal, 6-1º D, 15.124 Muxía A Coruña. Maior información no teléfono (981) 70 60 28.

PRÉMIOS MERLIN

Edicións Xerais de Galiza convoca a decimo terceira edición do Premio Merlín de literatura infantil, dotado con 1.000.000 pta. Poderán participar no premio todos aqueles autores de calquera nacionalidade que presenten os seus orixinais en lingua galega, conforme a normativa vixente. De cada orixinal presentaranse 6 copias en papel tamaño folio ou en holandesa, mecanografiadas a duplo espazo, antes do día 1 de Setembro do 1998 nos locais sociais de Edicións Xerais de Galiza, S. A. (Dr Marañón, 12 36.211 Vigo). Co orixinal, que deberá ser presentado baixo lema, adxuntarase, baixo plica, o nome completo, enderezo e teléfono do autor, así como o título do libro, indicando no sobre: para o premio Merlín. Por outra, Edición Xerais, tamén convoca a décimo quinta edición do Premio Xerais de Novela, dotado con 2.000.000 pta. Poderán concorrer no premio todos os autores, de calquera nacionalidade que presenten os seus orixinais escritos en lingua galega, conforme á

normativa vixente. Esta convocatoria seguirá as bases do anterior premio. Para máis información chamar ao teléfono (986)21 48 88.

ACAMPAMENTOS DA MOCIDADE

Desde o 13 ao 16 de Agosto desenvolverase en Moños o II Acampamento da Mocidade organizado por AMI. Para participar pódense mercar boques ao prezo de 5.000 pta. até o 4 de Agosto no Pub Patachín en Coruña, no Avante en Compostela, no Rass en Vigo, na Librería Torga de Ourense, en A Santa Sede da Estrada, na Intercéltica de Ferrol, no Enxebre de Pontevedra e no Alén Rock Clube de Cambados. Entre as actividades da acampada atopanse roteiros, xogos populares, exposicións de video, concertos e charlas debate. Para máis información chamar ao teléfono 970 028 950.

CONCURSO DE DESEÑO DE XOIAS

A mostratt98 convoca o concurso de ideis e deseño de Xoias. Poderán participar neste concurso persoas de calquer idade, condición ou nacionalidade, mediante a presentación de debuxos, deseños, prototipos...en calquera soporte, quedando excluídos os obradoiros ou profesionais que xa comercializen a súa produción. A finalidade do concurso é premiar con 50.000 pta. en metálico e cun accesit de 15.000 pta. en cheque agasallo do establecemento Ardentia aos deseños que o xurado considere máis axeitados para a produción como xoia ou complemento dentro das liñas de deseño seguidas polo obradoiro Ardentia. Os traballos poderán presentarse no posto de información da feira de artesanía mostrar, instalada nos xardíns Méndez Núñez de Coruña, desde o 1 ao 11 de Agosto. Maior información no teléfono (981) 135 569. ♦

Cultura desta vila a mostra Miradas arredor da Arte, producida polo programa pedagóxico *Cambiar a mirada* do CGAC. Pódese ollar até o Luns, 3 de Agosto.

Rivadavia

■ MÚSICA

TRIO RUSIA

O Venres 31 de Xullo ás 23 h, terá lugar no Adro do convento de San Do-

mingos a actuación do grupo de música clásica *Trio Rusia* cun programa baseado na música dos

compositores rusos Chai-kovsky e Rajmaninov.

Santiago

■ EXPOSICIÓNS

CARLOS FRANCO

Na Casa da Parra abre a mostra de pintura de Carlos Franco. Permanecerá aberta até Setembro.

GORDON ONSLOW FORD

A obra do surrealista inglés Gordon Onslow exhibese baixo o título *Mirando no profundo* no Museo do Povo Galego.

PHILIP WEST

Philip West. Legado á Fundación Granell, aberta no segundo andar do Pazo da Bendaña, comprende unha ampla mostra de pinturas e debuxos legados por este surrealista inglés recentemente falecido. Aberta até o 31 de Agosto. No primeiro andar do Pazo da Bendaña permanecerá aberta até Setembro a mostra *La mujer niña habita en una isla afortunada*, selección de pinturas e esculturas de Eugenio Granell.

■ MÚSICA

O MESIAS

A Real Filarmonía da

Galiza e Gächinger Kantorei Stuttgart interpretarán na Catedral O Mesias de Haendel. Xoves 6 de Agosto ás 22 h.

Sanxenxo

■ ACTIVIDADES

GALIART 98

O 24 de Xullo deu comezo na Praza do Pazo de Sanxenxo a sexta mostra de artesanía, que permanecerá aberta até

O Trio Rusia actúa en Rivadavia.

Até o 4 de Agosto pode visitarse unha mostra de artesanía na Praza do Pazo de Sanxenxo.

O escudo da Galiza
deseñado por Castelao
en insígnia ou chaveiro

Chaveiro:
Prezo 500 pta + 250 pta
de gastos de envío


Insígnia:
Prezo 200 pta + 250 gastos envío
Pagamento a meio de selos de
correos (máximo de 100 pta.)
ou ingreso na conta de
Caixa Galicia
2091 0501
683040001024
Solicitaos ao
Apdo. 1371,
36200 de Vigo.



A Rede

AS VIVENDAS SEMI-SOTERRADAS
www.geoticias.com/RainForest/Vivendas/3617/

A partir dun proxecto de fin de carreira de arquitectura, elaborouse unha páxina arredor dunha forma de vivir alternativa. Trátase das vivendas semi-soterradas, unhas construcións menos agresivas co medio que permiten aforro enerxético. ♦



Anúncios de balde

■ **A Asociación chantanadina A Charca distribue de balde sendeiros polos vellos camiños reais na serra do Faro, no apto 35 de Chantada ou no teléfono (982) 162 582.**

■ **Grande oferta de discos e casetes, prezos interesantes. Perguntar por Sr. Baños no teléfono (986) 413 496.**

■ **Participaches na I Asamblea Nacional de Galiza Nova? Es unha das persoas fundadoras da organización xuvenil do BNG? Entón tes unha cita na cea que se vai celebrar o día 1 de Agosto, sábado, no Restaurante Aíras Nunes, en Santiago. Para asistir chama ao (981) 717057 ou (986) 524623. Antelo/Sabela.**

■ **Ofrecese intérprete de tangos, boleros e rancheiras á xente interesada en formar un grupo musical en Santiago de Compostela ou bisbarra que goste destes estilos. Chamar ao teléfono (981) 891 592 a partir das 22 h. Xulio.**

■ **Véndese cafetería semi-nova para uso comercial. Bon estado. Prezo a acordar. Chamar de Luns a Venres de 19 a 23 h (988) 224 577.**

■ **Véndese amplificador Rotel, autotfalantes JBL, Subwoofer JBL, Cd Tecnic, estantería de piñeiro macizo de 4 metros. Teléfono 908 989 100.**

■ **Lingua Nacional nº 9 Boletim de información Lingüística editado pola Asociación Reintegracionista Artábria de Narom e Ferrol: Timor Leste, Mirandés, Os nossos apelidos: em galego!, Povo Nukak; Berber... 12 páxinas, novos conteúdos: curso de introdución e alfabetización no galego correcto (IIª). Inclúe material para se autofinanciar: libros de lingua e literatura, camisetas, bandeiras, autocolantes... envío gratuito a quem o desexar. Encomendas no apartado 570 de Ferrol.**

■ **Alugase praza de garaxe, zona Praza da Miñoca (Vigo). Teléfonos 986 242 992 ou 986 296 582.**

■ **Curso de verán de idioma ruso na Asociación Maximo Gorki. A partir do día 15 de Xullo e até o 15 de Setembro. Para maior información, de 17 a 20 h, no teléfono 986 224 457.**

■ **Vendo camión Iveco, Eurocargo. Con traballo. Teléfono 908 88 35 85.**

■ **Profesora de inglés nativa, licenciada, intérprete e tradutora. Teléfono 986 436 521.**

■ **Particular vende apartamento amoblado de 60 m² ao pé da praia, na residencial Armona. Chamar aos teléfonos 986 417 582 ou 986 623 717.**

■ **Traspásase local na zona do Corte Inglés de Vigo. Teléfono 986 410 321 de 9 a 13,30 e de 16 a 20 h.**

■ **Buscamos distribuidoras e xefas de equipos sector venda directa xoiería, cosmética-moda. Grandes comisións. Teléfono 927 246 545.**

■ **A Xanela, revista cultural das Mariñas, chegou ao número 5 nesta primavera. Pódese solicitar a Asociación Cultural Eira Vella no Apdo. 107 de Betanzos, acompañando a petición dun selo de 55 pta. para gastos de envío.**

■ **Alógase casa con tres dormitorios e finca pequena na Ría de Vigo. Teléfono 986 312 136.**

■ **Alógase cuarto en Casa de Campo perto de Ponteume. 981 433 862, ás noites.**

■ **Ofrecese baixista para grupo de rock en Vigo. Perguntar por Begoña de 10 a 14 no 981 543 831.**

■ **Próxima Construción dunha urbanización localizada na área de influencia de Vigo (Piñeirai), vistas á ría e doado acceso á cidade. Dous modelos de vivenda. 1ª Apartamento dúplex, con formato exterior de vivenda unifamiliar, adosada en disposición de urbanización, 100 m², 7.000.000 pta. 2ª Chalet adosado en disposición de urbanización, 200 m², 15.000.000 pta. Primeiras vivendas. Máis información no 929 88 40 97 César Pazos.**

■ **Danse clases de arte e pintura, nun espazo unico no centro da Coruña. Teléfono 981 226 382.**

■ **Véndese piso a estrear en Vigo na zona do Calvário. Soleado e esterior, 85 m², 3 cuartos, 2 baños, garaxe con adega, amplo trasteiro, 12.900.000. Telf. 986 423 037.**

■ **Se desexas receber as Conclusões da II Assemblea Nacional da AMI escreve a Caixa dos correos 561 C. P. 36080 de Ponte Ve-**

dra adjuntando à tua carta 8 selos de 35 pta. e poderás ler interesantes ponencias sobre: Independentismo, Socialismo, Antipatriarcalismo, Antimilitarismo os Estatutos e demais.

■ **Aluga-se apartamento no mes de Xullo. Praia de Agüete (Marín). Teléfono 986 703 146, perguntar por Rosa.**

■ **Véndese casa en Matamá (Vigo), Finca, 2.000 metros cadrados, fonte natural, viña, frutais. As persoas interesadas poden chamar ao telf. 986 202 486.**

■ **Se queres contactar co Movemento de Defensa da Lingua, para participar na descida polo río Minho em defesa da lingua, ponte en contacto co M.D.L. no teléfono 919 419 338.**

■ **Véndese estudo céntrico en Vigo. Tlf. 986 471 985**

■ **Esquerda Nacionalista-mocidade publicou o número 4 da súa publicación estábel Manesquerda. Nel tratamos, entre outros temas: Canal ella de via dixital; taxas e financiamento universitario; Hackers: o nacemento dunha nova ideoloxía?; contra os heróis... Interesados enviar 200 pta. en selos ao apdo. 384, 15.780 Compostela.**

■ **Necesito contactar con persoa residente en Buenos Aires, xa que preciso consultar un par de publicacións editadas na Arxentina. Manuel Apartado 42, 15.680 Ordes (Galiza).**


■ **Leitores incansábeis, mais esquecidos do Euro, en paro e sen parentes nas diversas consellerías e editoriais, agradecerían recibir, de balde -evidentemente- fondos literarios e didácticos, desclasificados e/ou clasificados de calquer fundación, editorial, consellería, ente publicador ou persoa antes que os manden ao lixo ou a reciclador. Joel Bem Ramos e David Fernández: A Rosa, 25 7º H 15701 Compostela.**

■ **Véndese Vespino máis extras a bon prezo. Perguntar por Diego no teléfono 930 265 974.**

■ **No seu 150 aniversario, se desexa receber o Manifesto Comunista en portugués, traducido da súa edición orixinal, así como textos de Marx, Engels ou Lenin, dirixase a Distribuidora Arume. Apdo. 122. Montforte.♦**

Encrucillado

XOAN COSTA



Horizontal

1. Dei ladrados 2. Toman o ar 3. Instrumento destinado a defenderse. Vocais de mesa. En números romanos, vinte 4. Natural da Laponia. Masa de vapor de auga suspendida na atmósfera 5. Pronome demostrativo. Pasados 6. Letras de meu. Desta maneira 7. Forma abreviada de tanto. Bondadosas 8. Concello da Coruña, entre Ordes e Santiago. Néboa espesa e daníña 9. Acontecerá. Denominación de Buda na China. Pronome de terceira persoa 10. Mostrarán 11. No plural, perfume, fragancia agradábel

Vertical

1. No plural e figurado, forza, ánimo 2. Mesas en que se ofrecen sacrificios. Substancia mineral granulosa que se acumula nas praias 3. Torna limpo. Precepto xurídico 4. Ave mariña. Letras de rosa 5. Preposición. Auréola, halo. Que non ten compañía 6. Escampa, para de chover. Con intervención acorde de dúas persoas. Abreviatura de familiar 7. De estatura inferior ao común. Froito das silvas 8. Ao revés, adverbio de afirmación. Utilízase. Carta da baralla 9. Educación Xeral Básica. Na lingua antiga, nada 10. Referente aos órganos sexuais.♦

Para a inclusión de información nestas páxinas do Lecer pregámosvos nalas fagades chegar antes dos Luns. Pódese facer a través do correo, Apto. 1.371, 36200 Vigo; por Telf. 986 222 405, por Fax 986 223 101 ou correo electrónico antpcg@arrakis.es

CAIXAVIGO

Na sala de exposicións de Caixavigo está aberta a mostra **El arte al desnudo**. Na Nova sala de exposicións (Policarpo Sanz, 24 1ª) exhibese conjuntamente a obra de **Gonzalo Suárez e Xulio Noceda**. E na sala temática pódese ollar a mostra fotográfica **Proceso de restauración do Cristo da Victoria**.

IN CORPORE SANO

Abre na Casa das Artes a mostra, organiza polo Real Clube Celta, **In corpore sano, 75 anos de arte e deporte na Galiza**.

MÚSICA

INADAPTATS, HABEAS CORPUS e SKACHA

O Xoves 6 de Agosto terá lugar na sala Anoeta o concerto dos cataláns **Inadaptats**, xunto con **Habeas Corpus** e os **Skacha** que presenta os temas do seu próximo disco.

Vilagarcía

EXPOSICIÓN

SAUL OTERO

Na rúa Sta. Lucía, 11 baixo expón as súas pinturas

Saúl Otero baixo o título de "Imaxinaria realidade". Unha pintura chea de cor de trazos claramente xeométricos que acadan de xeito inmediato unha sensación de relevo ao pousarse sobre fondos escuros. O horario de visitas é de 17,30 a 20,30 h. até o 31 de Agosto.

Lisboa

MÚSICA

MARIA BETHANIA

Simbolo da nova canción brasileira, Maria Bethânia, actuará o Luns 3 de Agosto na Praça Sony ás 22 h.♦



Caldo de letras

D	O	I	O	Z	Ç	K	A	J	D	M	M	T	H	H
F	D	G	U	E	L	Y	J	V	X	A	R	D	V	M
H	G	T	V	E	C	K	I	B	L	U	T	P	B	A
A	K	L	D	S	F	J	Q	K	O	K	L	T	O	N
P	E	C	R	I	Ç	C	L	W	Ç	R	A	F	I	A
W	E	H	C	Ñ	L	O	S	R	K	P	L	Z	M	R
O	S	Ñ	F	A	I	S	V	V	Z	J	E	I	N	B
Z	G	M	Ç	E	Ñ	D	R	I	I	M	A	V	M	I
Y	U	Y	Z	D	O	A	A	S	J	N	L	W	H	F
T	A	T	M	O	I	T	M	C	T	I	G	X	X	R
I	E	F	Y	O	G	Ñ	N	O	W	E	O	Y	N	P
D	W	P	N	H	K	S	O	S	F	Y	D	X	J	I
Z	Q	P	A	D	E	S	P	A	R	T	O	W	U	Y
X	W	Ñ	Y	R	I	Y	N	O	L	Y	N	G	S	Y
C	I	W	G	K	L	Y	W	K	E	T	Ñ	U	F	W


Doce nomes de tecidos.

SOLUCIONS AO ENCRUCILLADO


RAE. DUO. FAM 7. REN 10. XENTIAL
DE. NIMBO. SO 6. IS. USASE. AS 9. EXB.
MA 4. ARAO. SAOR 5. ENANO. AMORA 8.

SOLUCIONS

AO CALDO DE LETRAS



Vertical
1. ALENTOS 2. ARAO.
Horizontal
1. LADREI 2. AIRE.
3. ARMA. EA.
4. LAPON. NUBE
5. ESA. IDOS 6. EMU.
7. TAN. BOAS 8.
9. SE. MERA 9.
10. AMO. RA. FO. EL 10.
11. ARO. SARAN 11.



Unha das pinturas que Saul Otero que expón en Vilagarcía.

o 4 de Agosto. Case unha treintena de artesans da Galiza e do Estado español, traballos de cerámica, coiro, encaixes, orfebrería, madeira e encuadernación. Pódese ollar durante toda a semana de 11 a 14 e de 18 a 23 h.

Vigo

EXPOSICIÓN

XOSE RAMON AIS

Está aberta na galería **Artefacto** a mostra da obra de Xosé Ramón Ais. Pódese ollar de Luns a Venres de 9,30 a 13,30 e de 17 a 21 h, até o 11 de Agosto.

A cantante brasileira Maria Bethânia estará en Lisboa.



Enfrontadas dúas concepcións na utilización de axudas médicas

Raposos contra lobos nos espectáculos deportivos

◆ PUCHEIRO

Os xogadores da NBA non pasan controis antidoping e poden usar as substancias que creen necesarias, sempre que sexan legais na sociedade. As empresas de espectáculos deportivos que lle pagan abondosamente en dólares e as casas comerciais que mercan a súa imaxe o único que lles demandan é que dean espectáculo porque iso é, precisamente, tamén o que o público merca. Representa o profesionalismo deportivo por autonomía.

Fronte a esta concepción do espectáculo deportivo que fai fincapé no espectáculo, subxace outra, persistente sobre todo en Europa, que arranca da idea burguesa do deporte no século XIX e se expande co Barón de Coubertain. A mesma que prohibía a profesionalización nas olimpíadas ou que mantén o control de ligas supermillionárias en mans das Federacións e organizacións deportivas. Esta idea do deporte como superación do individuo, participación, elegancia, *savoir faire*... procura o mesmo que a profesional: dar espectáculo e vender a súa mercadería a espectadores (en directo ou nos medios de comunicación) e ás casas comerciais. Mais fano por un vieiro de rodeos.

E non é por casualidade. En primeiro lugar, tentan adaptarse á percepción maioritaria na sociedade para vender os seus produtos: ao deportista como espello social, portador de valores transmisibles como aptos para o consumo de mercaderías e da ideoloxía dominante. Aínda que hoxe a *via profesional* podería cumprir case idéntica misión, o problema está nas estruturas. Para mudar o deporte profesional en espectáculo e afrontar a súa organización e a súa venda como tal,



O espectáculo ciclista baséase na épica de corredores como Pantani.

terían que derrubar unha multitude de organizacións, comezando polas competencias dos propios estados e os beneficios que conseguen através do deporte espectáculo. Perderían grande parte de poder os ministerios do deporte ou, no seu caso, as Secretarías Xerais. Habería que sacarlle o poder totalmente ás múltiples federacións, que quedarían unicamente coa promoción do deporte, perdendo grande parte dos seus ingresos que deberían de ser aportados tamén polas arcas públicas. Quedarían sen os seus postos principais multitude de políticos... Non poderían vender tan facilmente, entre outras cousas, o patrioteirismo ou o localismo.

A guerra contra o ciclismo

Cal é a causa da lenda negra do ciclismo é o doping? Habe-

ria que analizar primeiramente a estrutura do deporte da bicicleta. As equipas ciclistas profesionais non son institucións como poden ser os clubs de fútbol, enraizadas nunha localidade, con historia abondosa de seu, sócios fundadores e tradicións. Non son referentes sociais, en suma. As equipas ciclistas, nengunha chega aos dez anos de existencia, mudan cada pouco de nome segundo as casas comerciais. Os corredores son como modelos publicitarios ou paneis de carretera que se alugan para facer propaganda e cobran segundo as súas aparicións antes os ollos dos cidadáns. A identificación dos afeizoados prodúcese case exclusivamente cos corredores e, mesmo cos directores, pero non coas equipas. Coas que si se identifican os intereses dos distintos medios de comunicación. As formacións ciclistas

mudan de *maillot*, de nome e tamén de ubicación da súa sé. Non teñen un lugar físico.

Esta falta de referencia social posibilita que se tomen medidas como a expulsión do Festina do Tour. Que pasaría se alguén expulsase ao Madrid ou o Barcelona do Liga? Canta xente saíria en manifestación? Como reaccionarían os medios de comunicación que viven maiormente deles? A resposta ésta clara e na mente de todos. Só hai que lembrarse o que pasou en Vigo co descenso do Celta, ou coa suspensión de Michel Salgado.

Por outra banda, a venda da imaxe ciclista está baseada na épica dos "esforzados da rota" e as casas comerciais pensan que acentuar a faciana pública do espectáculo vai contra os seus intereses, como o van as posibles mortes por doping. Controlar aos ciclistas é máis fácil que a outros deportistas. Todo o seu material vai nun camión, non teñen vestiario, e o camión pode ser parado e reixtado sen mandamento xudicial, pero non poden facer o mesmo cunha casa. Por outra banda os médicos tardaron moito en chegar ás formacións ciclistas e os corredores automedicábanse, con efectos desastrosos. Nunca pasou o mesmo noutros deportes.

Mentres o presidente do Comité Olímpico Internacional, o catalán Juan Antonio Samaranch, se mostra partidario de permitir todas aquelas sustancias que non atenten contra a saúde do profesional do espectáculo deportivo, o vicepresidente de Unión Ciclista Internacional, Daniel Baal afirma que "o deporte debe de recabar o protagonismo". Dous xeitos de entender o discorrer dos tempos segundo os intereses de cada quen. ◆

Nada

XELIS DE TORO

Novo baixo o sol. Novo é un amigo imaxinario de meu, como se eu fose algún deses nenos a quen lles dá por esas cousas. Novo nada baixo o sol mar adentro sen importarlle que a beira quedalle detrás, cada vez máis detrás, tan detrás que xa lle esqueceu o que a palabra beira significa. Logo, nada Novo baixo o sol e afoga. Menos mal que é un amigo imaxinario e só afoga imaxinariamente. Baixo o sol sempre haberá Novos que nadan mar adentro e cando lles acorde a beira, xa as ondas serán demasiado grandes. Se hai algo que me intriga é esa continua revertebración que nos permite dicir continuamente pensamentos contradictorios quedando tan anchos e seguros que estamos facendo asertacións certas e verificables. Isto xa non che é o que era, e nada Novo baixo o sol. As cousas cambian pero permanecen o mesmo, nunca te bañas dúas veces no mesmo río pero chamámoles sempre da mesma maneira. Isto xa pasou antes. A historia repítese.

É difícil mirar sempre para adiante, e buscar sempre novas maneiras de entender as cousas; é moito máis doado remexer e buscar explicacións no pasado, ao fin e o cabo é o único que cremos ter con certeza. As palabras "cremos" e "certeza", como tamén "cremos" e "historia", e "coñecer" o "pasado" van moi ben xuntiñas e dadas da man. O pasado non o temos, porque xa pasou, do mesmo xeito que non temos historia, senón que a inventamos e imaxinamos, como queremos imaxinala. E de ter tanta fame de pasado un pode quedar cheo e quedar sen fame de futuro.

O verán sempre é así, caenche pensamentos como pelouros. Alí o vai, o meu amigo Novo, sempre foi así desde pequeniño, carballo que nace torto non se pode endereitar, e mira que o ten rifado a súa nai, Novo non me nades baixo o sol. ◆

VOLVER AO REGO

O franquismo, máis ser un réxime fascista que obrigaba ao público a cantar o seu hino nos cines, facendo o saúdo romano, tiña tamén moito de tradicionalista, de sistema señorial, moi *ancien regime*. Por exemplo, cando un decia algo que se saía levemente da ortodoxia, axiña viña alguén detrás que o correxía con esta frase: "señamos sérios". Un matiz sutil e paternalista, que sen embargo deixaba todo ben sentado. Nese franquismo encádrase o estilo de Fraga ou do ministro Raxoi, por exemplo, cando, para descartar a *Declaración de Barcelona* e o crecemento do nacionalismo, sinala simplemente: "os galegos somos xente civilizada". ◆

IDA E VOLTA

New York	95.000
Boston	95.000
Miami	123.000
Orlando	95.000
San Francisco	123.000
Tampa	123.000
Hong Kong	130.000
Manila	139.000
Peking	119.000
Chicago	118.000
Tokyo	129.000
Quito	129.000
Montevideo	143.000
Santiago de Chile	143.000
Buenos Aires	130.000
Caracas	112.000
Bogotá	112.000
Durban	135.000
Johannesburg	135.000
Rio de Janeiro	110.000
São Paulo	110.000
Nassau	140.000
Paris	49.000

London	39.000
Amsterdan	64.000
Milano	66.000
México	114.000
Guayaquil	140.000
Toronto	56.000
Berlin	63.000
Copenhagen	66.000
Edinburgh	66.900
Helsinki	69.000
Oslo	69.000

Prague	65.000
Stockholm	69.000
Antigua	144.000
Papeete	236.000
Harare	152.000
Maputo	203.000
Reunion	169.000
Seychelles	169.000
Shanghai	165.000
Deli	130.000
Lagos	155.000

SÓ IDA

Zurich	48.000
Geneve	48.000
Amsterdam	39.000
Munich	39.900
Frankfurt	39.900
Colonia	39.900
Stuttgart	39.900
Berlin	39.900
Dusseldorf	39.900
Hamburg	39.900
Bologna	39.900
Paris	37.900
Rio de Janeiro	95.000
São Paulo	95.000
Santiago de Chile	113.000
Maputo	133.000
Buenos Aires	103.000

MINHO EXPRESSO
VIAGENS

SAIDAS DO PORTO

TELF. (07 - 35151) 82 01 300 - FAX 07 351 51 8201309 Valença do Minho
E-Mail: viagensminho@mail.telepac.pt

Servizo personalizado con transporte ao aeroporto e asistencia embarque sen cargo